



Concello de Vigo

**ACTA DA XUNTA DE GOBERNO LOCAL
Sesión ordinaria do 23 de maio de 2019**

ASISTENTES:

Membros :

D. Abel Caballero Álvarez
D^a M^a. Carmen Silva Rego
D. Francisco Javier Pardo Espiñeira
D. Carlos López Font
M^a José Caride Estévez
D. Cayetano Rodríguez Escudero.
D^a. Olga Alonso Suárez
D^a. Nuria Rodríguez Rodríguez
D. Jaime Aneiros Pereira.

NO ASISTE:

D^a. M^a. Isaura Abelairas Rodríguez

Na Casa do Concello de Vigo, ás dez horas e quince minutos do día vinte e tres de maio de dous mil dezanove, en segunda convocatoria e baixo a presidencia do Excmo. Sr. alcalde, Sr. Caballero Álvarez, coa asistencia dos concelleiros/as anteriormente citados, actuando como Secretaria a concelleira, Sra. Rodríguez Rodríguez, constitúese a Xunta de Goberno Local desta Corporación co obxecto de realizar sesión ORDINARIA de acordo coa orde do día remitida a tódolos membros coa antelación legal precisa.

Están tamén presentes por invitación, a titular do órgano de apoio á Xunta de Goberno Local, Sra. Campos Acuña, e o interventor xeral, Sr. Escariz Couso.

A Xunta de Goberno Local adopta os seguintes acordos:

1(431).- ACTA ANTERIOR. Apróbase a acta da sesión ordinaria e extraordinaria e urxente do . Deberán incorporarse ó libro de actas da Xunta de Goberno autorizada coa miña sinatura e maila do Sr.Alcalde-presidente.

2(432).- PROPOSTA PARA DECLARAR DESERTO O PROCEDEMENTO ABERTO PARA A CONTRATACIÓN DE SUBMINISTRO DE ALIMENTOS PARA OS ANIMAIS DOS LAGOS E ESTANQUES DOS PARQUES MUNICIPAIS. EXPTE. 11834/446.

Examinadas as actuacións do expediente, dáse conta do informe-proposta de data 20/05/19, asinado pola técnica de Admón. Xeral, a xefa do Servizo de Contratación e o concelleiro delegado de Área, que di o seguinte:

LEXISLACIÓN APLICABLE

- Lei 9/2017, do 8 de novembro, de contratos do Sector Público, pola que se traspoñen ao ordenamento xurídico español as Directivas do Parlamento Europeo e do Consello 2014/23/UE e 2014/24/UE, do 26 de febreiro de 2014
- Real decreto 817/2009, de 8 de maio, polo que se desenvolve parcialmente a Lei 30/2007, de 30 de outubro, de contratos do sector público (RLCSP)
- Real decreto 1098/2001, de 12 de outubro, polo que se aproba o regulamento xeral da Lei de contratos das Administracións Públicas (RLCAP), no que non se opoña ao Real decreto legislativo 3/2011
- Prego de cláusulas administrativas particulares para a contratación do procedemento aberto simplificado de tramitación abreviada para a contratación do subministro de penso para animais (11.834-446)

ANTECEDENTES

Primeiro.- Con data do 25 de abril de 2019 a Xunta de Goberno local acordou aprobar o expediente para a contratación, por procedemento aberto simplificado de tramitación abreviada, do subministro de penso para animais (11.834-446).

Segundo.- A licitación foi obxecto de publicación no perfil de contratante o 26 de abril de 2019, rematando o prazo de presentación de ofertas o 13 de maio.

Terceiro.- Indica o certificado emitido polo Rexistro Xeral de data 15 de maio de 2018:

*“Que durante o prazo sinalado no anuncio do Concello de Vigo, para a presentación de proposicións, publicado na Plataforma de Contratación do Estado o 26-04-2019, para a contratación por procedemento aberto da “Adquisición dos alimentos precisos para os animais (patos, gansos...) que habitan os lagos e estanques dos parques municipais responsabilidade do Servizo de Montes Parques e Xardíns. EXPTE. 11834-446” que rematou o día 13 de maio do presente ano, e consultada a aplicación informática de xestión de expedientes, **non se presentou ningunha oferta”.***

FUNDAMENTOS XURÍDICOS

Primeiro.- A Mesa de Contratación é competente para propoñer deserta a licitación, ao abeiro do previsto no artigo 22.1g do Real Decreto 817/2009, no que se regulan as funcións das Mesas de Contratación.

Dado que non se presentou ningunha proposición a esta licitación, tal e como se indica no certificado expedido polo Rexistro xeral de data 15 de maio de 2019, cómpre declarar deserta esta licitación.

Á vista do exposto, propónse a Xunta de Goberno local, na súa calidade de órgano de contratación (disposición adicional segunda da LCSP), a adopción do seguinte acordo:



Concello de Vigo

“Declarar deserto o procedemento aberto simplificado de tramitación abreviada para a contratación do subministro de penso para animais (11.834-446) por non terse presentado ningunha proposición”.

Acordo

A Xunta de Goberno local aproba a precedente proposta.

3(433).- PROPOSTA PARA DECLARAR DESERTO O PROCEDEMENTO ABERTO PARA A CONTRATACIÓN DOS SERVIZOS DE RETIRADA E XESTIÓN DE RESIDUOS VEXETAIS. EXPTE. 11801/446.

Examinadas as actuacións do expediente, dáse conta da proposta da Mesa de Contratación de data 14/05/19, que di o seguinte:

12.- Proposta de declaración de procedementos desertos

a) Procedemento aberto simplificado para a contratación de servizos de retirada e xestión de residuos vexetais (11.801-446)

LEXISLACIÓN APLICABLE

- Lei 9/2017, do 8 de novembro, de contratos do Sector Público, pola que se traspoñen ao ordenamento xurídico español as Directivas do Parlamento Europeo e do Consello 2014/23/UE e 2014/24/UE, do 26 de febreiro de 2014
- Real decreto 817/2009, de 8 de maio, polo que se desenvolve parcialmente a Lei 30/2007, de 30 de outubro, de contratos do sector público (RLCSP)
- Real decreto 1098/2001, de 12 de outubro, polo que se aproba o regulamento xeral da Lei de contratos das Administracións Públicas (RLCAP), no que non se opoña ao Real decreto lexislativo 3/2011
- Prego de cláusulas administrativas particulares para a contratación do procedemento aberto simplificado para a contratación de servizos de retirada e xestión de residuos vexetais (11.801-446)

ANTECEDENTES

Primeiro.- Con data do 17 de abril de 2019 a Xunta de Goberno local acordou aprobar o expediente para a contratación, por procedemento aberto simplificado para a contratación de servizos de retirada e xestión de residuos vexetais (11.801-446).

Segundo.- A licitación foi obxecto de publicación no perfil de contratante o 24 de abril de 2019, rematando o prazo de presentación de ofertas o 9 de maio de 2019.

Terceiro.- Segundo o certificado emitido polo Rexistro Xeral de data 13 de maio de 2019:

“Que durante o prazo sinalado no anuncio do Concello de Vigo, para a presentación de proposicións, publicado na Plataforma de Contratación do Estado o 24-04-2019, para a contratación por procedemento aberto da “Xestión de residuos vexetais que se xeran como consecuencia das labores de poda e mantemento de zonas verdes do parque de O Castro e do parque de Castrelos que leva a cabo o Servizo de Montes Parques e Xardíns.. EXPTE. 11801-446” que rematou o día 9 de maio do presente ano, e consultada a aplicación informática de xestión de expedientes, non se presentou ningunha oferta”.

FUNDAMENTOS XURÍDICOS

Primeiro.- A Mesa de Contratación é competente para propoñer deserta a licitación, ao abeiro do previsto no artigo 22.1g do Real Decreto 817/2009, no que se regulan as funcións das Mesas de Contratación.

Dado que non se presentou ningunha proposición a esta licitación, tal e como se indica no certificado expedido polo Rexistro Xeral o 13 de maio de 2019, procede declarar deserto este procedemento.

Á vista do exposto, propónse a Xunta de Goberno local, na súa calidade de órgano de contratación (disposición adicional segunda da LCSP), a adopción do seguinte acordo:

“Declarar deserto o procedemento aberto simplificado para a contratación de servizos de retirada e xestión de residuos vexetais (11.801-446) por non terse presentado proposición ningunha en prazo”.

Acordo

A Xunta de Goberno local aproba a proposta contida no precedente informe.

4(434).- SUBVENCIÓN, MEDIANTE UN CONVENIO CO CLUB DEPORTIVO VALLADARES, EN BASE Ó DESENVOLVEMENTO DO PROXECTO XERAL DE ACTIVIDADE DA ENTIDADE CONSIDERADA DE ÉLITE, NA TEMPADA DEPORTIVA 2018/2019. EXPTE. 18221/333.

Visto o informe xurídico de data 23/03/19, e o informe de fiscalización de data 14/05/19, dáse conta do informe-proposta de data 6/03/19, asinado polo xefe do Servizo de Deportes, o concelleiro de Deportes e o concelleiro de Orzamentos e Facenda, que di o seguinte:



Concello de Vigo

Atendendo á instrución remitida polo Concelleiro de Deportes, dáse inicio á tramitación do expediente de subvención nominativa por importe de 10.000,00 € prevista na partida orzamentaria 3410.489.00.15 a favor da entidade Clube Deportivo Valladares polo desenvolvemento do proxecto xeral de actividades da entidade na tempada deportiva 2018/2019.

A actividade deportiva en Vigo no ámbito da competición deportiva ten unha transcendencia moi importante en relación á participación de entidades deportivas da cidade nas máis altas categorías das competicións a nivel do estado.

Entre os obxectivos da Concellería de Deportes atopámonos cos proxectos encamiñados ó fomento e promoción do deporte a través do apoio, difusión e axuda ás entidades deportivas da Cidade de Vigo e a consolidación dos grandes proxectos deportivos que xera a Cidade de Vigo, como medio de promoción e difusión da cultura deportiva, posibilitando un maior achegamento a todos os cidadáns e todas as cidadanas.

En relación a esta actuación de colaboración na actividade deportiva das entidades que teñen equipos nas primeiras categorías dos diversos deportes, atopamos que o Clube Deportivo Valladares conta cun equipo de elite na modalidade de Fútbol Feminino na categoría 2ª División de ámbito nacional. A actividade deste equipo na competición supón un valor moi importante para a promoción do deporte vigués xa que posibilita a participación da canteira deportiva da cidade.

Ó valor único e de carácter excepcional que supón a participación do primeiro equipo da entidade na na categoría 2ª división feminina, hai que engadir o proxecto de dinamización e fomento do deporte de base que a entidade desenvolve na tempada 2018/2019, que impulsa e estimula a participación dos e das máis xóvenes nun proxecto deportivo de continuidade e futuro no seu entorno, e contribúe a establecer pautas de referencia positivas para a consecución de logros deportivos.

Ambos proxectos complementáanse e son interdependentes, conformando a realidade da entidade Clube Deportivo Valladares e configurando un proxecto xeral baseado no valor único de cada un deles.

O obxectivo da colaboración entre entidades e institucións responde ó desexo de xerar proxectos comúns, que propicien actuacións prioritarias na búsqueda da potenciación de sinerxias no ámbito social, do cal destacamos:

- 1) O interese xeral pola formación do capital humano no ámbito do deporte.
 1. A búsqueda dunha personalidade propia e definida da acción, en base ós principios do compromiso da sociedade hacia os valores do deporte.
 - O tecido asociativo deportivo da nosa cidade é o reflexo do compromiso de centos de persoas coa mellora das condicións de vida e a defensa dos intereses xerais da poboación. A mellora dos recursos para a dinamización do deporte en tódolos aspectos é unha das prioridades de actuación en materia do deporte.

Este proxecto de colaboración coas entidades deportivas con equipos de elite da cidade de Vigo fundaméntase nos seguintes obxectivos:

- Colaborar cós axentes deportivos na ordenación do sistema deportivo vigués para que se produza unha evolución harmónica entre a actividade deportiva de rendemento e os sistemas de iniciación do deporte.
- Contribuír a que os e as deportistas vigueses mais xóvenes teñan pautas de referencia positivas para a consecución de logros deportivos.
- Optimizar os recursos que se destinan ó deporte de rendemento de cara a consolidar o nivel da imaxe deportiva de Vigo.
- Conseguir que os deportistas vigueses e as deportistas viguesas, conten cun proxecto deportivo de continuidade e futuro no seu entorno.
- Consecución dun consenso social e institucional para salvagardar o desenvolvemento dun itinerario deportivo e formativo de alto nivel para os deportistas viguesas e viguesas no entorno asociativo da cidade.
- Contribuír á promoción da cidade de Vigo no ámbito do territorio nacional.

A participación neste proxecto enmárcase dentro das competencias que teñen os municipios conforme establece a Lei 27/2013, de 27 de decembro, de racionalización e sustentabilidade de Administración Local, en concordancia co establecido na Lei 5/2004, do 27 de maio, de medidas urxentes derivadas da entrada en vigor da Lei 27/2013, do 27 de decembro, de racionalización e sustentabilidade da Administración Local, que determina que o *“Municipio, para a xestión dos seus intereses e do ámbito das súas competencias, pode promover actividades e prestar servizos públicos que contribúan a satisfacer as necesidades e aspiracións da comunidade veciñal..”* e que *“...exercerá en todo caso como competencia propia, a promoción do deporte e instalacións deportivas e de ocupación do tempo libre”*.

Ante estes aspectos atopamos criterios que nos levan á necesidade de estudar e propoñer un marco de relación entre ambas entidades, xa que de forma xeral o desenvolvemento destes proxectos deportivos considérase unha axuda moi importante para a promoción dos proxectos deportivos que se desenvolven na cidade de Vigo, polo cal propónse a realización dun convenio de colaboración entre o Concello de Vigo e o Clube Deportivo Valladares para favorecer a consolidación da actividade deportiva na cidade de Vigo.

A lexislación aplicable, para este convenio, é a que sinala o artigo 5 la LXS, que se refire o réxime xurídico das subvencións, do que resulta a seguinte normativa configuradora do réxime xurídico destas subvencións: Lei 38/2003, de 17 de novembro, Xeral de Subvencións, co carácter básico e supletoria que resulta da súa disposición final primeira; a normativa autonómica sobre subvencións Lei 9/2007 do 13 de xuño, de subvencións de Galicia; o Real Decreto 887/2006, de 21 de xullo, polo que se aproba o Regulamento da Lei 38/2003, de 17 de novembro, xeral de subvencións, as Bases de execución dos vixentes orzamentos do Concello de Vigo; Lei 19/2013, de 9 de decembro, de transparencia, acceso á información pública e bo goberno; as restantes normas de dereito administrativo e, no seu defecto, as normas de dereito privado.

Así mesmo, será de aplicación o establecido na Lei 15/2014, de 16 de setembro, de Racionalización do Sector Público e outras medidas de reforma administrativa, que modifica o contido da Base de datos Nacional de Subvencións (BDNS) que se contempla no apartado 20.2 da Lei 38/2003, de 17 de novembro, Xeral de Subvencións, en aplicación dos principios recollidos na Lei 19/2013, de 9 de decembro, de transparencia, acceso á información pública



Concello de Vigo

e bo goberno, que establece que o contido da información en materia de subvencións e axudas públicas deber ser obxecto de publicación no portal de transparencia dos Concellos con indicación do seu importe, obxectivo ou finalidade e beneficiarios, e que regula no apartado 20.8 o contido que se debe publicar a través do sistema Nacional de Publicidade das Subvencións, e que entrou en vigor o 1 de xaneiro de 2016, e a Resolución de 10 de decembro de 2015 da Intervención Xeral da Administración do Estado, pola que se regula o proceso de rexistro e publicación de convocatorias de subvencións e axudas no Sistema Nacional de Publicidade de Subvencións, que regula o rexistro das convocatorias de subvencións e axudas públicas na Base de Datos Nacional de Subvencións, que establece que *“Naquelas subvencións ou axudas públicas nas que non sexa preceptiva a convocatoria, o órgano concedente rexistrará na BDNS os datos estruturados inmediatamente despois de que se publique a disposición reguladora se se trata de subvencións ou axudas con destinatarios indeterminados, ou no momento da concesión, no resto dos casos”*.

Esta subvención ten un claro carácter de interese público e social e concedese directamente ao figurar nominalmente no orzamento do Concello de Vigo para o 2019, na partida orzamentaria 3410.489.00.15, consonte co artigo 19.4 a) da Lei 9/2007, de 13 de xuño de subvencións de Galicia. E a súa concesión canalízase a través dun convenio cuxo texto se somete a aprobación.

A Vixencia deste convenio é pola actividade desenvolta polo Clube Deportivo Valladares durante a tempada deportiva 2018/2019, tendo a obriga de presentar a documentación para a xustificación do mesmo, no prazo comprendido entre a sinatura do presente convenio e como máximo ata o 15 de Novembro de 2019.

A tramitación do pago da subvención realizarase, unha vez que a entidade beneficiaria presente axeitadamente a documentación xustificativa, a partir do día seguinte á sinatura do convenio.

Por todo o exposto propónse a Xunta de Goberno Local a adopción dos seguintes acordos:

PRIMEIRO: Aprobar a concesión directa dunha subvención a o Clube Deportivo Valladares para o proxecto xeral de actividade na tempada deportiva 2018/2019 e aprobar o texto do convenio que a regula.

SEGUNDO: Autorizar e dispoñer o gasto de 10.000,00 € a favor Clube Deportivo Valladares co CIF: G-36629657 e enderezo social no Camiño do Fútbol sn no apartado 36315 en Valladares, Vigo, segundo resulta dos seus estatutos e da certificación do seu secretario que figura na documentación do expediente núm. 18221-333. Este crédito é con cargo á partida 3410.489.00.15 do vixente orzamento.

Acordo

A Xunta de Goberno local aproba a proposta contida no precedente informe.

CONVENIO DE COLABORACIÓN ENTRE O CONCELLO DE VIGO E A ENTIDADE CLUB DEPORTIVO VALLADARES EN BASE Ó DESENVOLVEMENTO DO PROXECTO XERAL DE ACTIVIDADE DA ENTIDADE CONSIDERADA DE ÉLITE NA TEMPADA DEPORTIVA 2018/2019 (EXPTE. 18221/333).

Na Casa do Concello de Vigo, a ___ de _____ de dous mil dezanove.

REUNIDOS

Dunha parte, D. Abel Ramón Caballero Álvarez, que actúa no nome e representación do Concello de Vigo, en virtude da súa condición de Alcalde-Presidente da citada Corporación, segundo o disposto no artigo 124 da Lei 7/1985, do 2 de abril, reguladora das bases de réxime local, no artigo 61.1 da Lei 5/1997, de administración local de Galicia.

Doutra, D. Teodoro Davila Rial como presidente da entidade Clube Deportivo Valladares con CIF nº G-36629657 e enderezo social no Camiño do Fútbol sn no apartado 36315 en Valladares, Vigo, segundo resulta dos seus estatutos e da certificación do seu secretario que figura na documentación do expediente núm. 18221-333.

Tendo, daquela, os comparecentes a capacidade legal necesaria para o outorgamento do presente convenio

MANIFESTAN

I.-O obxecto de este convenio é colaborar no desenvolvemento do programa de dinamización do proxecto deportivo da entidade Clube Deportivo Valladares durante a tempada 2018-2019. A entidade conta cun equipo de elite que participa na categoría feminina de Segunda División de ámbito nacional, desenvolve a súa actividade no Concello de Vigo, e constitúe un pilar de gran importancia en atención á repercusión social y mediática do deporte.

O Clube Deportivo Valladares desenvolve o proxecto do equipo de elite durante a tempada 2018/2019.

A actividade deste equipo na competición supón un valor moi importante para a promoción do deporte vigués xa que posibilita a participación da cantera deportiva da cidade.

Ademáis, o desenvolvemento deste proxecto deportivo considérase unha axuda moi importante para a promoción dos proxectos deportivos que se desenvolven na cidade de Vigo, e contribúe á consolidación da actividade deportiva na cidade de Vigo, o que supón un gran valor de carácter público e social.

II.-Que o Clube Deportivo Valladares impulsa e estimula a participación dos e das máis xóvenes no ámbito do deporte a través do desenvolvemento dun proxecto deportivo de base orientado fundamentalmente ó fomento e promoción do fútbol en etapas de formación, contribuíndo ademáis a establecer pautas de referencia positivas, e complementando o proxecto xeral da entidade.



Concello de Vigo

III.-Que no exercicio das súas atribucións en materia deportiva, son obxectivos do Concello de Vigo:

- Colaborar cós axentes deportivos na ordenación do sistema deportivo vigués para que se produza unha evolución harmónica entre a actividade deportiva de rendemento e os sistemas de iniciación do deporte.
- Contribuír a que os e as deportistas vigueses e viguesas máis xóvenes teñan pautas de referencia positivas para a consecución de logros deportivos.
- Optimizar os recursos que se destinan ó deporte de rendemento de cara a consolidar o nivel da imaxe deportiva de Vigo.
- Conseguir que os deportistas vigueses e as deportistas viguesas, conten cun proxecto deportivo de continuidade e futuro no seu entorno.
- A consecución dun consenso social e institucional para salvagardar o desenvolvemento dun itinerario deportivo e formativo de alto nivel para os deportistas viguesas e viguesas no entorno asociativo da cidade.

IV.- Así as cousas, o Concello de Vigo no seu vixente orzamento, na partida 3410.489,00,15 prevé nominativamente a concesión dunha subvención por importe de 10,000,00 €, a favor do Clube Deportivo Valladares.

V.- Toda vez que, de acordo co disposto nos artigos 28.1 da Lei 38/2003, de 17 de novembro, xeral de subvencións e 26.1 da Lei 9/2007, o convenio será o instrumento habitual para canalizar as subvencións previstas nominativamente nos orzamentos da Administración concedente, os intervincentes, conclúen o presente convenio ao fin de regular os termos da concesión da devandita subvención, cuxo obxecto é coadxuvar á financiación do proxecto xeral do Clube Deportivo Valladares na tempada deportiva 2018/2019.

VI.- Que o Clube Deportivo Valladares s non está incurso en prohibición para ser beneficiaria das subvencións obxecto da Lei de subvencións de Galicia, áchase ao corrente das súas obrigas tributarias e fronte á Seguridade Social e non ten débedas pendentes con este Concello de Vigo, segundo resulta das declaracións responsables e certificacións que figuran no expediente núm 18221-333.

VII.- Que en base ás precedentes consideracións e ao interese social e deportivo que para a cidade de Vigo representa a devandita actividade, o Concello de Vigo e o Clube Deportivo Valladares conveñen a súa colaboración no ámbito deportivo e a concesión da referida subvención en base aos seguintes.

PACTOS

Primeiro.- O Clube Deportivo Valladares comprométese a colaborar coa Concellería de Deportes do Concello de Vigo no fomento, promoción e difusión do deporte e da cultura deportiva, e concretamente a:

1º.-Colaborar co Concello de Vigo na difusión dos programas deportivos desenvoltos dende este e que teñen vinculación directa cos obxectivos da entidade que asina este convenio:

- Programa Municipal de escolas deportivas.
- Xornadas de formación.
- Campañas de concienciación vinculadas ós hábitos de vida saudables.
- Actividades dirixidas a poboacións especiais: maiores, discapacitados...
- Colaboración coa promoción do deporte en igualdade.

2º.- Desenvolver un proxecto xeral de actividade da entidade, e que inclúe a dinamización da actividade de carácter excepcional do equipo de élite da entidade e a promoción e fomento do deporte de base na modalidade de fútbol na tempada 2018/2019.

3º.-Traballar conxuntamente na difusión e promoción necesaria dos programas de actuación deportiva de cara ó ensino e iniciación deportiva en tódolos aspectos da modalidade específica do equipo de élite.

4º.-Participar cos xogadores e xogadoras do primeiro equipo nos proxectos de promoción do deporte dinamizados polo Concello de Vigo.

5º-Que en todas as actividades que se desenvolvan dentro das actividades do equipo de élite, con independencia dos patrocinios da entidade, deberá figurar nun lugar visible a imaxe da Concellería de deportes-Concello de Vigo:

- A imaxe da Concellería de Deportes-Concello de Vigo deberá estar presente tanto nas equipacións de xogo como nas de paseo, e o seu formato e ubicación deberá ser autorizado pola Concellería de Deportes.
- Na instalación de Xogo colocaranse, como mínimo, catro lonas coa imaxe institucional da Concellería de Deportes, ubicadas en zonas centrais e de máxima visibilidade da zona de xogo, cun mínimo de 1 metro x 4 metros de lonxitude cada unha.
- A imaxe institucional do Concello de Vigo deberá estar presente nos autobuses ou medios de locomoción, en todas as viaxes a para a realización de competicións oficiais federadas, participacions en torneos ou en xornadas orientadas ó fútbol base.

6º Realizar unha memoria das actividades realizadas durante a tempada deportiva, resultados, colaboracións, clasificacións, proxectos, etc...

7º.-Fomentar, estimular e promover iniciativas e suxestións dos axentes implicados no ámbito deportivo conxuntamente coa concellería de deportes.

8º.-Que en todas as comunicacións, informacions de partidos, páxinas web, redes sociais, vinculadas a dinamización, difusión ou organización de actividades, competicións ou adestramentos de equipos de fútbol base, apareza o logo institucional do Concello de Vigo.

9º.-Participar cos xogadores do primeiro equipo nos proxectos de promoción deportiva, difusión e información plantexados polo Concello de Vigo.

10º-Contribuir á promoción da cidade de Vigo no ámbito do territorio nacional.

11º.-Atender ás obrigas establecidas na Lei 19/2013, de 9 de decembro, de transparencia, acceso á información pública e bo goberno.

Segundo.- O Concello de Vigo, pola súa parte, comprométese a:

1º.- Colaborar co Clube Deportivo Valladares na tramitación das solicitudes relativas a necesidades propias do Concello para a realización dos seus proxectos deportivos na cidade de Vigo.

2º.- Facilitar os medios precisos para a inserción da súa imaxe nos ámbitos de promoción do Clube Deportivo Valladares (revista, web, etc).



Concello de Vigo

3º.- Conceder directamente á entidade Clube Deportivo Valladares unha subvención por importe de 10.000,00 € con cargo á partida orzamentaria 3410.489.00.15 do orzamento en vigor mediante transferencia bancaria á conta corrente facilitada pola entidade co obxecto de coadxugar ó financiamento das actividades vinculadas co seu proxecto xeral de actividade, desenvolvido na tempada deportiva 2018/2019. A tramitación do pago da subvención realizarase, unha vez que a entidade beneficiaria presente axeitadamente a documentación xustificativa, a partir do día seguinte á sinatura do convenio mediante transferencia bancaria ó número de conta facilitado pola entidade beneficiaria.

Terceiro.- Esta subvención será compatible con calquera outra subvención ou axuda para a mesma finalidade procedente de calquera administración ou de entes públicos ou privados, nacionais, da Unión Europea ou de organismos internacionais, excepto coa solicitude de subvención na convocatoria por concorrencia competitiva de subvencións que a Concellería de Deportes desenvolva en relación ós proxectos de actividade das entidades deportivas de Vigo na tempada 2018/2019, coa que será incompatible.

A beneficiaria deberá comunicar ao Concello de Vigo a obtención doutras subvencións, axudas ingresos ou recursos que financien a actividade subvencionada. Esta comunicación deberá efectuarse no momento en que se coñeza e, en todo caso, con anterioridade á xustificación da aplicación dada ós fondos recibidos.

En calquera caso, o importe total da subvención ou subvencións non poderá superar o da actividade subvencionada; caso no que se procederá na forma prevista no artigo 34 do RD 887/2006, de 21 de xuño, polo que se aprobou o Regulamento da Lei Xeral de Subvencións.

Cuarto.- Se o custe total da actividade subvencionada resultase ser menor que o contemplado para a concesión da subvención ou se reduciran na execución da actividade subvencionada as actuacións ou elementos previstos como integrantes da mesma, procederá á redución da subvención na mesma proporción.

A comunicación destas circunstancias ao Concello deberá efectuarse no momento en que se coñeza e, en todo caso, con anterioridade á xustificación da aplicación dada aos fondos recibidos.

Quinto.- A beneficiaria non poderá subcontratar con terceiros a actividade subvencionada.

Sexto.- A beneficiaria debe dar a adecuada publicidade ó financiamento municipal da actividade subvencionada mediante a inclusión, segundo xa vai dito, da imaxe institucional da Concellería de Deportes-Concello de Vigo en calquera actividade ou evento relacionado co obxecto do convenio, na cartelería, equipacións de xogo e paseo, e demais material gráfico elaborado ao efecto.

Sétimo.- A beneficiaria deberá xustificar no prazo comprendido entre a sinatura do presente convenio e o 15 de novembro de 2019 o cumprimento da finalidade para a que se concedeu a subvención e a aplicación dos fondos recibidos. A tal efecto deberá presentar, tal como establece o artigo 14.2.a) da Lei 39/2015, do 1 de outubro, de Procedemento Administrativo Común das Administracións Públicas, de xeito exclusivo a través da sede electrónica do Concello de Vigo, por calquera dos mecanismos de identificación admitidos na mesma, unha conta xustificativa na que deberá constar a declaración das actividades realizadas e dos gastos incorridos polo importe da subvención recibida; os xustificantes de pago polo importe da subvención dos gastos

incurridos con facturas ou documentos de valor probatorio equivalente e o importe, procedencia e aplicación dos fondos propios e outras subvencións ou recursos que financiaran tamén a actividade subvencionada.

A documentación da conta xustificativa deberá incluír unha relación de tódolos xustificantes de pago dos gastos incurridos polo importe da subvención.

A xustificación deberá facerse con documentos orixinais pola parte subvencionada e con copias de facturas polo resto do orzamento. Se poderá substituír a presentación de copias de facturas polo gasto do proxecto ou actividade non subvencionada pola presentación dun balance que abarque a totalidade do gasto ou por unha certificación na que se acredite que o programa ou actividade que foi obxecto da subvención foi executado na súa totalidade e o seu custo total foi de euros.

Os xustificantes acreditativos dos gastos vinculados ó proxecto do presente convenio cumprirán as seguintes especificades:

- As facturas, serán orixinais, deberán recoller o número de CIF, a data, número de factura e o IVE. Estes xustificantes quedarán a disposición do Concello de Vigo. Non se admitirán facturas fotocopiadas ou compulsadas, nin aquelas que non reúnan as esixencias previstas no RD 1.619/2012, de 30 de novembro polo que se aproba o regulamento polo que se regulan as obrigas de facturación. Nestas facturas se computará o gasto acreditado deducindo o IVE, salvo que se xustifique a exención do dito imposto. Nos documentos xustificativos dos gastos incurridos, non será necesario que conste de forma expresa si os mesmos foron pagados con anterioridade ó proceso de xustificación determinado neste convenio.

- Atendendo á especificade da actividade deportiva, aqueles gastos relacionados con arbitrxes, taxas oficiais das federacións deportivas, e outros conceptos análogos poderán ser xustificados a través de documentos orixinais (certificados de ingreso nas federacións, documentos de gasto de arbitrxes, documentos de pago de premios deportivos, gastos de desprazamento de xogadores, técnicos, etc.) emitidos polas Federacións que recolla adecuadamente, os datos fiscais das partes, as aportacións económicas, as retencións obrigatorias de ser o caso, e demais datos que xustifiquen o valor probatorio do gasto en base a eficacia administrativa do mesmo.

- En relación á xustificación do pago de usos das instalacións deportivas municipais do Concello de Vigo será suficiente o documento orixinal emitido polo servizo de deportes, acreditativo dos ingresos por estes conceptos.

Se a beneficiaria solicitara a devolución do orixinal presentado, a área xestora da subvención procederá ao estampillado da factura orixinal, indicando no estampillado o motivo da subvención e si o importe do xustificante impútase total ou parcialmente á subvención recibida; indicándose neste caso o importe exacto que resulte afectado pola subvención. A copia do xustificante orixinal estampillado se incorporará ao expediente e a área xestora da subvención procederá á devolución do orixinal.

Oitavo.- Antes de proceder ao pago da subvención a beneficiaria deberá acreditar estar ó corrente no pagamento das súas obrigas fiscais e para coa seguridade social e non ser debedor por resolución de procedencia de reintegro, o que poderá realizar por medio dunha declaración responsable, ao abeiro ó Art.31.7.e da Lei 9/2007 de Subvencións de Galicia.



Concello de Vigo

Noveno.- Serán gastos subvencionables os que de xeito indubitado respondan á natureza da actividade subvencionada e se realicen no período comprendido na tempada deportiva 2018/2019. A tal efecto, o técnico da área de deportes, no informe adxunto á documentación xustificativa, especificará o período comprendido pola mesma, que abarcará desde a data de inscrición do equipo ou dos deportistas na competición, ata os 30 días posteriores á finalización da competición oficial segundo os calendarios oficiais aportados.

Tal como establece o art. 29.7 da Lei 9/2007, de 13 de xuño de subvencións de Galicia, serán gastos subvencionables, ademais, os “gastos financeiros” da entidade directamente relacionados coa actividade subvencionada e resulten indispensables, establecéndose un límite dos gastos financeiros subvencionables ata un 1% do importe do convenio.

Cando o importe do gasto subvencionable supere as contías establecidas na Lexislación de Contratos del Sector público para o contrato menor, o beneficiario deberá solicitar como mínimo tres ofertas de diferentes provedores, agás que por as súas especiais características non exista no mercado suficientes.

Décimo.- A axeitada xustificación, a realización da actividade e o cumprimento da finalidade que determinou a concesión da subvención será comprobada polos servizos da Concellería de Deportes. O xefe do servizo de Deportes emitirá informe ao respecto facendo constar, no seu caso, todas aquelas circunstancias que poidan resultar relevantes en orden a considerar incumplida ou defectuosamente cumprida a actividade subvencionada.

Décimo primeiro.- A beneficiaria deberá facilitar toda a información que lle sexa requirida pola Concellería de Deportes e pola Intervención Xeral Municipal, Tribunal de Contas e Consello de Contas no exercicio das súas funcións de fiscalización e control do destino das subvencións.

Décimo segundo.- Procederá o reintegro das cantidades percibidas e a esixencia de xuros de demora desde o pagamento da subvención ata a data na que se acorde a procedencia do reintegro nos casos do artigo 33 LSG.

Cando o incumprimento da actividade subvencionada se traduza nunha diminución significativa da actividade subvencionada, traducible a termos económicos en función do proxecto presentado e o seu presuposto que non implique verdadeiro incumprimento do obxectivo da subvención, procederá o reintegro da subvención na mesma proporción. En todo caso procederá o reintegro do exceso da subvención sobre o custo da actividade subvencionada.

Décimo terceiro.- Canto ás infraccións e sancións en que poida incorrer a beneficiaria da subvención a que se refire este convenio e procedemento para a súa apreciación e imposición, estarase ao disposto no Título IV da Lei 9/2007, de 13 de xuño, de subvencións de Galicia e na lei 39/2015 do procedemento administrativo común das administracións públicas

Décimo cuarto.- A vixencia do presente convenio abarca o período comprendido entre a sinatura do mesmo e ata o 15 de Novembro de 2019, co obxecto de proceder á tramitación da xustificación do mesmo.

Décimo quinto.- A beneficiaria está informada que os seus datos e os do seu representante serán incorporados aos ficheiros municipais; de que a finalidade da súa recollida é a instrucción do procedemento para a concesión da subvención obxecto do presente convenio, a práctica das publicacións, comunicacións e notificacións de obrigado cumprimento, o seguemento e

comprobación da actividade subvencionada e demais actuacións previstas na Lei de subvencións de Galicia en orden á conclusión do proceso subvencional, polo que a súa achega é obligatoria.

Os ditos datos serán tratados e protexidos de acordo co previsto na lei 39/2015 do procedemento administrativo común das administracións públicas e na Lei orgánica 3/2018, do 13 de decembro, de Protección de Datos Personais e garantía dos dereitos dixitais, sendo responsable do seu tratamento a Concellería de Deportes do Concello de Vigo.

A beneficiaria poderá exercer os dereitos de acceso, rectificación, cancelación e oposición ante a Concellería de Deportes do Concello de Vigo.

Décimo sexto- A concesión da subvención obxecto do presente convenio rexeráse pola Lei 38/2003 do 17 de novembro, xeral de subvencións e o RD 887/2006, de 21 de xuño, polo que se aprobou o seu regulamento, nos seus preceptos básicos; a lexislación básica do estado en materia de réxime local; a Lei 9/2007, de 13 de xuño, de subvencións de Galicia; os preceptos non básicos da Lei 38/2003 e do RD 887/2006; polos pactos que se conteñen neste convenio; as Bases de Execución dos vixentes orzamentos municipais e as restantes normas de dereito administrativo, e no seu defecto, as normas de dereito privado.

Décimo sétimo- Publicarase a concesión da subvención no portal de transparencia do Concello de Vigo e comunicarase á Base de Datos Nacional de Subvencións para os efectos de dar cumprimento ao disposto nos artigos 18 da LXS e 8.1 c) da Lei 19/2013 de Transparencia, Acceso á Información Pública e Bo Goberno.

E, en proba da súa conformidade, firman o presente convenio, por triplicado exemplar, en Vigo, ___ de ___ de 2019.

5(435).- PROPOSTA DE APROBACIÓN DO PROXECTO OBRADOIRO DE EMPREGO “FORMAWEB III” E SOLICITUDE DE SUBVENCIÓN Á CONSELLARÍA DE ECONOMÍA, EMPREGO E INDUSTRIA DA XUNTA DE GALICIA. EXPTE. 16475/77.

Visto o informe de fiscalización de data 20/05/19, dáse conta do informe-proposta do 14/05/19, asinado pola xefa do Servizo de Participación Cidadá e Desenvolvemento Lodal (atribución de funcións acordo da XGL 3/05/19) e polo concelleiro delegado de Emprego, que di o seguinte:

ANTECEDENTES

I. No DOG. núm. 79, do 25 de abril, publicouse a Orde do 4 de abril de 2019 pola que se establecen as bases reguladoras das axudas e subvencións para os obradoiros de emprego dirixidos a persoas mozas incluídas no ficheiro o Sistema nacional de garantía xuvenil, no ámbito da Comunidade Autónoma de Galicia e se procede á súa convocatoria para o ano 2019 (código do procedemento TR353B).

Mediante o programa público de escolas obradoiro e casas de oficios acométese a problemática do paro nas persoas con idades comprendidas entre os 18 e os 25 anos anos.



Concello de Vigo

A Concellaría de Emprego, Economía, Industria, Voluntariado e Relación con Sindicatos do Concello de Vigo, consciente de que pola súa dimensión pode soportar un maior número de proxectos destas características, quere promover, na liña dos proxectos promovidos ata hoxe (escolas obradoiro "Patrimonio histórico", "Lagares", "Forestal", "Xardín Histórico de Castrelos", "Mar de Vigo" -I, II, III e IV-, Escola Obradoiro "Vigozoo" -I, obradoiro de emprego "Vigozoo" -I, II e III-, obradoiro de emprego "Vigo Atende", obradoiro de emprego "Vigo Capacita" I, II, III, IV e V, Obradoiro de emprego "Vigo Prepara", Obradoiro de emprego de Garantía xuvenil "FORMAWEB I e II") un novo proxecto o Obradoiro de Emprego "**FORMAWEB III**", propoñendo a especialidade de **Confeción e publicación de páxinas web**, pola demanda existente destas profesións na actualidade, tanto para atender ás necesidades da poboación como a propia demanda empresarial.

II. En data 08/05/2019 o concelleiro delegado de Emprego, Economía, Industria, Voluntariado e Relación con Sindicatos, asinou a orde de inicio de expediente para tramitar a solicitude de axuda da convocatoria segundo a Orde do 4 de abril de 2019.

As previsións de xeración de emprego no sector relacionado coa confección e publicación de páxinas web levaron a este Servizo de Desenvolvemento Local de Emprego do Concello de Vigo, a redactar o presente proxecto "**Obradoiro de Emprego FORMAWEB III**" e a tramitar a súa correspondente aprobación polos órganos municipais competentes.

FUNDAMENTOS DE DEREITO

I. En canto á competencia para actividade de fomento de emprego - que a Xunta de Goberno Local no seu acordo de data 9 de marzo de 2012 considerou que constitúe unha actividade prioritaria dentro desta Administración municipal en canto ao seu persoal beneficiario, e no marco de contextos económicos e sociais desfavorables - a Comunidade Autónoma de Galicia aprobou a Lei 5/2014, de 27 de maio, de medidas urxentes derivadas da entrada en vigor da Lei 27/2013, de 27 de decembro, de racionalización e sustentabilidade da Administración Local, que establece no seu artigo 3.3.d), a propósito das competencias distintas das propias e das atribuídas por delegación, que non se entenderá como exercicio de novas competencias a concorrencia a convocatorias de subvencións ou axudas, así como a formalización de convenios de colaboración de concesión de subvencións, para que as entidades locais realicen con carácter conxuntural actividades de información, de asesoramento, de orientación, de mellora da empregabilidade e formativas e máis outras actividades que non supoñan a creación de novos servizos municipais dacordo co artigo 297 da Lei 5/1997. Tampouco se entenderá como exercicio de novas competencias a realización das actividades citadas unha vez obtida a subvención, e no seu artigo 3.3.b), que non considera, entre outras, aos efectos do art. 7.4 LBRL, como exercicio de novas competencias, a continuidade da actividade de fomento xa establecida en exercicios anteriores.

Dacordo co establecido na Orde da convocatoria, a presentación desta solicitude non conleva implicitamente a aceptación da mesma.

II. O proxecto consiste nun obradoiro de emprego de 15 alumnos/as na especialidade de "Confeción e publicación de páxinas web", cuxo obxectivo final é formar e cualificar aos/as alumnos/as para acadar a máxima inserción laboral dos/as mesmos/as no sector no que

queren traballar e, ao mesmo tempo que se realicen servizos de interese para a comunidade. O proxecto reflicte algúns dos que se pretenden coa posta en marcha deste proxecto:

1. Organización dos recursos.
2. Análise previa da estrutura da web.
3. Coñecer a infraestrutura informática que soporta o portal, a tecnoloxía do servidor, as linguaxes empregadas e o software utilizado.
4. Creación de plantillas para cada sección.
5. Programar os formularios, a detección de erros e tratamento destes.

A duración do “Obradoiro de Emprego FORMAWEB II” está establecida en 6 meses e a data prevista de inicio é o 30 de setembro do presente ano.

Para o seu desenvolvemento, utilizaranse as instalacións do Local Municipal sito na rúa Arquitecto Pérez Bellas nº 9,baixo, que está adecuadamente adaptado ás necesidades do obradoiro.

Non é necesaria achega municipal para facer fronte aos investimentos non imputables á subvención da Consellaría de Economía, Emprego e Industria (mobiliario, maquinaria e equipos), xa que os mesmos se atopan nas instalacións nos que se pretende desenvolver o obradoiro de emprego e, o financiamento dos materiais necesarios para o desenvolvemento das obras a realizar, están relacionados coa compra de material de carácter divulgativo.

III. O expediente ten por obxecto solicitar unha subvención á Consellería de Economía, Emprego e Industria da Xunta de Galicia, por importe de 150.076,80 €, contemplada no proxecto de Obradoiro FORMAWEB III, resultante dos cálculos efectuados seguindo as directrices establecidas na “*ORDE do 4 de abril de 2019 pola que se establecen as bases reguladoras das axudas e subvencións para os obradoiros de emprego dirixidos a persoas mozas incluídas no ficheiro o Sistema nacional de garantía xuvenil, no ámbito da Comunidade Autónoma de Galicia e se procede á súa convocatoria para o ano 2019*”, e que permitirán soportar os custos salariais de todas as contratacións a realizar, así como os gastos de medios didácticos e materiais funxibles necesarios para o desenvolvemento do proxecto.

Estímase a achega municipal en 20.001,00 € e deberá ser incluída nas correspondentes partidas municipais dos anos 2019 e 2020 dos orzamentos municipais, xa que a obra se iniciaría, de ser aprobado o proxecto pola Xunta de Galicia nos termos nos que se presenta esta proposta, no mes de setembro de 2019, polo que os importes da cofinanciación a realizar polo Concello de Vigo serán os seguintes:

Partida	2019	2020
2410 210000 Subministros materiais de construción	10.000,05 €	10.000,05€

O órgano competente para a adopción do presente acordo é a Xunta de Goberno Local, previo informe da Intervención Xeral Municipal sobre a existencia de crédito axeitado e suficiente para atender as obrigas de contido económico que derivan da subvención que se solicita.



Concello de Vigo

Contra o presente acordo, que esgota a vía administrativa, cabe a interposición de recurso de reposición ante o órgano que o dita no prazo dun mes ou recurso contencioso-administrativo ante os Xulgados do Contencioso-Administrativo de Vigo no prazo de dous meses, ámbolos dous prazos, contados a partir do día seguinte á recepción da notificación do acordo, de conformidade cos art. 123 e 124 da Lei 39/2015, de LPAC e 8.1 e 46.1 da Lei 29/98, RXCA. Porén, interposto o recurso de reposición non caberá interpoñer recurso contencioso-administrativo ata que sexa resolto expresamente o primeiro ou se produza a súa desestimación presunta polo transcurso do prazo máximo dun mes establecido para ditar e notificar a resolución.

Por todo o anteriormente exposto, dacordo co informe de fiscalización da Intervención Xeral Municipal e segundo as instrucións do Sr. Concelleiro-Delegado de Emprego, Economía, Industria, Voluntariado e Relación con Sindicatos, nos termos das delegacións competenciais efectuadas mediante Decreto de Alcaldía e Acordo da Xunta de Goberno Local de data 19/06/2015, elévase á Xunta de Goberno Local a adopción dos seguintes ACORDOS:

- 1.- Aprobar o proxecto denominado “Obradoiro de Emprego FORMAWEB III”, elaborado polo Servizo de Desenvolvemento Local e Emprego do Concello de Vigo.
- 2.- Solicitar á Consellaría de Economía, Emprego e Industria da Xunta de Galicia a subvención contemplada no citado proxecto, de acordo co establecido na “ORDE do 4 de abril de 2019 pola que se establecen as bases reguladoras das axudas e subvencións para os obradoiros de emprego dirixidos a persoas mozas incluídas no ficheiro do Sistema nacional de garantía xuvenil, no ámbito da Comunidade Autónoma de Galicia, e se procede á súa convocatoria para o ano 2019, publicado no DOG. núm. 79, do 25 de abril.
- 3.- Asumir as obrigas económicas que ao Concello lle poidan corresponder no desenvolvemento do proxecto, mediante a dotación, nos orzamentos municipais dos anos 2019 e 2020, das correspondentes partidas para o cofinanciamento deste proxecto.
- 4.- Delegar no Concelleiro de Emprego, Economía, Industria, Voluntariado e Relación cos Sindicatos, a representación do Concello na tramitación e xestión do Obradoiro de Emprego “FORMAWEB III”.

Contra o presente acordo, que esgota a vía administrativa, cabe a interposición de recurso de reposición ante o órgano que o dita no prazo dun mes ou recurso contencioso-administrativo ante os Xulgados do Contencioso-Administrativo de Vigo no prazo de dous meses, ámbolos dous prazos, contados a partir do día seguinte á recepción da notificación do acordo, de conformidade cos art. 123 e 124 da Lei 39/2015, de LPAC e 8.1 e 46.1 da Lei 29/98, RXCA. Porén, interposto o recurso de reposición non caberá interpoñer recurso contencioso-administrativo ata que sexa resolto expresamente o primeiro ou se produza a súa desestimación presunta polo transcurso do prazo máximo dun mes establecido para ditar e notificar a resolución.

Acordo

A Xunta de Goberno local aproba a proposta contida no precedente informe.

6(436).- EXPEDIENTE DE CONTRATACIÓN DA PRESTACIÓN DO SERVIZO DA PRODUCCIÓN TÉCNICA LOCAL DOS ESPECTÁCULOS E ACTIVIDADES DO PROGRAMA “VIGO EN FESTAS 2019” NO AUDITORIO AO AIRE LIBRE DE CASTRELOS. EXPTE. 7922/335.

Examinadas as actuacións do expediente, visto o informe xurídico de data 15/05/19, e o informe de fiscalización do 16/05/19, dáse conta do informe-proposta de data 7/05/19, asinado polo instructor do expediente-técnico de xestión (Resolución 14/03/19) concelleira de Área e o concelleiro de Orzamentos e Facenda, que di o seguinte:

NORMATIVA DE APLICACIÓN

Lei 9/2017, de 8 de novembro de contratos do sector público.

Lei 39/2015, de 1 de outubro, de procedemento administrativo común das administracións públicas.

Lei 7/1985, de 2 de abril, reguladora das bases do réxime local, modificada pola Lei 57/2003, de 16 de decembro, de medidas para a modernización do goberno local e pola Lei 27/2013 de 27 de decembro de racionalización e sostibilidade da Administración Local.

Real Decreto Lexislativo 781/1986, de 18 de abril, polo que se aproba o texto refundido das disposicións legais vixentes en materia de réxime local.

Lei de Galicia 5/1997, de 22 de xullo, de administración local de Galicia.

Lei 25/2013 de 27 de decembro, de impulso da factura electrónica e creación do rexistro contable de factura no sector público.

Lei 19/2013, de 9 de decembro, de transparencia, acceso á información e bo goberno.

ANTECEDENTES

Primeiro.- En cumprimento do establecido no artigo 28 da Lei 9/2017, de 8 de novembro de contratos do sector público, en data 26 de abril de 2019, o instrutor do expediente (*conforme Decreto de data 14/03/2019*), coa conformidade da concelleira de Festas e Turismo, emite Informe da necesidade e idoneidade da contratación da prestación do servizo da produción técnica local dos espectáculos e actividades do programa “Vigo en Festas 2019” no Auditorio ao aire libre de Castrelos.

Segundo.- Con data 26 de abril, a concelleira de Festas e Turismo resolve que se inicie o expediente necesario para a contratación da prestación do servizo da produción técnica local dos espectáculos e actividades do programa “Vigo en Festas 2019” no Auditorio ao aire libre de Castrelos.

Terceiro.- Con data 29 de abril, redáctase o Prego de prescricións técnicas particulares polo instrutor do expediente.



Concello de Vigo

Cuarto.- Con data 15 de maio, o instrutor do expediente asina a Memoria xustificativa que contén os elementos básicos do contrato, que é conformada pola Concelleira de Festas e Turismo.

Quinto.- Redactase o prego de prescricións administrativas particulares, asinado pola técnica de administración xeral do Servizo de Contratación con data 15 de maio.

FUNDAMENTOS DE DEREITO

Primeiro: De conformidade cos artigos 25.1. e 25.2.m da Lei 7/1985, de 2 de abril, reguladora das bases do réxime local, e cos artigos 80.1 e 80.2.n da Lei de Galicia 5/1997, de 22 de xullo, de administración local de Galicia, os municipios poderán promover e realizar actividades culturais.

Segundo: O expediente de contratación se iniciará polo órgano de contratación de acordo co disposto na Lei 9/2017, de 8 de novembro, de contratos do sector público; no Concello de Vigo esta competencia atopábase delegada nos concelleiros de Área, segundo o Decreto de delegación de competencias de Alcaldía do 19 de xuño de 2015 e acordo da Xunta de Goberno local de 19 de xuño de 2015.

Terceiro: En cumprimento do establecido no artigo 28 da Lei 9/2017, o instrutor do expediente, xunto coa concelleira da Área de Festas e Turismo, asinaron o Informe da necesidade e idoneidade da contratación da prestación do servizo da produción técnica local dos espectáculos e actividades do programa “Vigo en Festas 2019” no Auditorio ao aire libre de Castrelos.

Cuarto: En cumprimento do establecido no artigo 116.1. da Lei 9/2017, consta no expediente, o decreto da Orde de inicio, asinado pola concelleira delegada da área.

Quinto: De acordo co establecido nos artigos 116.3 e 116.4 da Lei 9/2017, constan a Memoria xustificativa (asinada polo instrutor do expediente e pola concelleira delegada da área), o Prego de prescricións técnicas particulares (asinado polo instrutor do expediente) maillo Prego de prescricións administrativas particulares (asinado pola xefa do Servizo de Contratación).

Sexto: No relativo á clasificación do contrato trátase dun contrato de servizos segundo o establecido no artigo 17 da Lei 9/2017. O contrato ten carácter administrativo de acordo ao disposto no artigo 25 da Lei 9/2017. A forma de tramitación será a ordinaria. A adxudicación do contrato realizarase a través dun procedemento aberto de acordo co establecido no artigo 156 da Lei 9/2017.

Sétimo: Ao expediente incorporáranse o Informe favorable da Asesoría Xurídica e o Certificado de existencia de crédito, documento que incorporará o servizo de Intervención Xeral, quen ademais fiscalizará previamente o expediente para a súa aprobación.

Oitavo: A competencia para aprobación do presente expediente correspóndelle á Xunta de Goberno Local, na súa calidade de órgano de contratación, ao amparo da Lei 9/2017. A resolución deberá ser motivada e aprobará o expediente de contratación e disporá a apertura do procedemento de adxudicación e implicará a aprobación do gasto.

INFORME

O Servizo de Festas do Concello de Vigo inclúe na súa programación anual, a organización do programa de **“Vigo en Festas 2019”**, que conleva a contratación da produción técnica local dos espectáculos e actividades que teñen lugar no Auditorio ao Aire libre de Castrelos nos meses de xullo e agosto.

O presente contrato ten por obxecto a prestación de traballos técnicos, equipamentos e infraestruturas básicas necesarias para a produción técnica local dos espectáculos e actividades do programa “Vigo en Festas 2019” no Auditorio ao aire libre de Castrelos, así como a limpeza das instalacións, valado das mesmas e a atención as cantinas.

As características técnicas da prestación do servizo están descritas na base 4 do Prego de Prescrición Técnicas Particulares, en concreto:

- 1.- Medios técnicos, equipamentos e materiais necesarios para o desenvolvemento dos espectáculos programados.
- 2.- Medios humanos necesarios para a xestión de traballos técnicos e auxiliares da produción local dos espectáculos e montaxe das instalacións. Funcións e tarefas
- 3.- Prestación doutros servizos por parte da empresa adxudicataria.

O Servizo de Festas non dispón dos recursos técnicos e humanos necesarios para a realización destes traballos, non estando prevista na Relación de Postos de Traballo do Concello de Vigo a ampliación do dito cadro de persoal coa incorporación de persoal coa cualificación e formación técnica requirida para o desenvolvemento das prestacións previstas no presente contrato, polo que para o cumprimento e realización da produción local dos espectáculos previstos no programa Vigo en Festas 2019 faise necesaria a realización deste contrato.

O programa **“Vigo en Festas 2019”** elabórase dende o Servizo de Festas da Concellería de Festas e Turismo. Nas datas de redacción do presente prego, non están pechados todos os espectáculos e concertos que conforman a programación, polo que non é posible determinar as necesidades específicas (técnicas e humanas) para cada un dos eventos, polo que foi necesario establecer CATRO tipoloxías de actividades que recollerían todas as necesidades técnicas.

Non obstante, e aínda que o programa non estea pechado, o servizo coñece o número de espectáculos/concertos previstos para cada unha das tipoloxías anteditas, e que son as seguintes:

Tipoloxía 1.- Espectáculos/concertos internacionais e nacionais de pé: SETE.

Tipoloxía 2.- Espectáculos/concertos internacionais e nacionais con cadeiras: TRES.

Tipoloxía 3.- Concerto de masas corais con cadeiras: UN.

Tipoloxía 4.- Espectáculos/concertos infantís con cadeiras: CATRO.

O período de execución do contrato está previsto entre o **11 de xullo ata o 11 de agosto**. Do 11 ao 16 de xullo realizarase o acondicionamento do Auditorio no referente a montaxe



Concello de Vigo

do equipamento e disposición dos elementos materiais necesarios para a posta en funcionamento do mesmo. Do 17 de xullo ata o 8 de agosto esta previsto o desenvolvemento do programa de concertos e espectáculos "Vigo en Festas 2019" co posterior desmonte das infraestruturas do 9 ao 11 de agosto. Este calendario de espectáculos/concerto é orientativo e pode ser susceptible de cambios en función do peche do programa Vigo en Festas 2019, ou de posibles cambios por parte dos artistas. Estes cambios serían comunicados ao adxudicatario con antelación suficiente para planificar e realizar as producións (72 horas como mínimo).

No relativo á clasificación do contrato trátase dun contrato de servizos segundo o establecido no artigo 17 Lei 9/2017. O contrato ten carácter administrativo de acordo ao disposto no artigo 25 da Lei 9/2017. A forma de tramitación será a ordinaria. A adxudicación do contrato realizarase a través dun procedemento aberto de acordo co establecido no artigo 156 da Lei 9/2017.

En cumprimento do establecido no art. 99.3.b) da Lei 9/2017, determínase que a realización independente ou por lotes das diversas prestacións e traballos obxecto do presente contrato dificultaría a correcta execución do mesmo dende o punto de vista técnico, xa que implica a necesidade de coordinar a execución das diferentes prestacións, cuestión que podería verse imposibilitada pola súa división en lotes e execución por unha pluralidade de contratistas diferentes. Tanto para a montaxe como para o desmonte de todas as infraestruturas recollidas no prego técnico é necesario a utilización de medios humanos e técnicos especializados que deberían pertencer á mesma empresa responsable dos mesmos. Todas as prestacións contempladas no contrato están vinculadas entre si, son complementarias e non separables, polo que debe tratarse como unha unidade funcional que satisfaga a mesma necesidade institucional.

Dado que o contrato contén servizos especiais recollidos no anexo IV da Lei 9/2017, e co obxecto de determinar os custes laborais, deberá ser utilizada como base do cálculo dos custes salariais da táboa salarial 2019 do "Convenio colectivo autonómico de eventos, servizos e producións culturais de Galicia", publicado no DOG de 14 de abril de 2015 por resolución de 16 de marzo de 2015 da "Dirección General de Trabajo y Economía Social" de aplicación, atendendo a clasificación dos 5 grupos profesionais que recolle o convenio.

Tal e como se recolle no artigo 3 do antedito convenio, en xeral atópanse engadidos, os traballadores que realicen funcións técnicas, administrativas, auxiliares, organizativas, de produción, de control e manuais para un evento, servizo ou produción cultural de carácter teatral, musical, baile, animación e danza para que efectúe e perciba emolumentos polo seu cometido. O convenio clasifica aos grupos profesionais I, II, III, IV e V.

O Auditorio ao aire libre de Castrelos dispón dun Plan de Autoprotección e dun protocolo para a súa implantación e que se achega como Anexo I a este prego. O plan será de obrigado cumprimento para o adxudicatario. O control e seguimento do cumprimento do antedito plan e da guía de coordinación de actividades empresariais do Concello de Vigo, será realizado por un coordinador contratado ao efecto polo servizo de festas (expediente 7913/335). Así mesmo e con relación ao control e seguimento do cumprimento da distribución e límites de cargas na cuberta do escenario, esta

supervisión será realizada por un coordinador contratado ao efecto polo Servizo de Festas (expediente 7917/335).

As empresas licitantes deberán ter en conta para a presentación das súas ofertas económicas o establecido no antedito Plan de Autoprotección do Auditorio de Castrelos no relativo a todos os traballadores/as que presten os seus servizos mediante un contrato laboral e calquera que sexan a súas funcións nas empresas suxeitas ao seu ámbito.

Con relación aos requisitos e aos criterios de adxudicación se realizará utilizando unha pluralidade de criterios de adxudicación en base á mellor relación calidade prezo, avaliable con arranxo a criterios económicos e cualitativos.

Para o cálculo dos prezos unitarios, do orzamento base de licitación e do valor estimado do contrato, o Servizo de Festas realizou con data 26 de febreiro de 2019 a contratación do servizo de asesoramento técnico e seguimento da produción local dos espectáculos programados polo servizo de Festas (expediente 7867/335). Este contrato incluía entre outras prestacións, o asesoramento técnico sobre as necesidades de recursos humanos e infraestruturas, e o posterior cálculo dos prezos unitarios, o orzamento base de licitación e o valor estimado do contrato segundo os prezos de mercado, e as súas correspondentes xustificacións.

O resumo dos resultados dos anteditos cálculos están recollidas nas seguintes táboas:

TIPOLOXÍA	Nº	RECURSOS HUMANOS E SEGUROS SOCIAIS	MEDIOS TÉCNICOS E OUTROS SERVIZOS	CUSTO UNIDADE	BENEFICIO INDUSTRIAL 6%	GASTOS XERAIS 13%	TOTAL UNIDADE	TOTAL EVENTOS / TIPOLOXÍA	IVE
MONTAXE INFRAESTRUTURAS	1	8.199,17 €	55.580,20 €	63.779,37 €	3.826,76 €	8.291,32 €	75.897,45 €	75.897,45 €	15.938,46 €
EVENTOS TIPOLOXÍA I	7	10.541,34 €	418,00 €	10.959,34 €	657,56 €	1.424,71 €	13.041,61 €	91.291,30 €	19.171,17 €
EVENTOS TIPOLOXÍA II	3	9.871,05 €	2.418,00 €	12.289,05 €	737,34 €	1.597,58 €	14.623,97 €	43.871,91 €	9.213,10 €
EVENTOS TIPOLOXÍA III	1	9.135,39 €	3.268,00 €	12.403,39 €	744,20 €	1.612,44 €	14.760,03 €	14.760,03 €	3.099,61 €
EVENTOS TIPOLOXÍA IV	4	5.516,33 €	2.018,00 €	7.534,33 €	452,06 €	979,46 €	8.965,85 €	35.863,41 €	7.531,32 €
CONTROL E CHAVEIRO XERAL	1	4.354,48 €		4.354,48 €	261,27 €	566,08 €	5.181,83 €	5.181,83 €	1.088,18 €
							TOTAL	266.865,94 €	56.041,85 €
							ORZAMENTO BASE LICITACIÓN	322.907,79 €	

Prezos unitarios (con IVE)

TIPOLOXÍA	PREZO UNITARIO
MONTAXE DE INFRAESTRUTURAS	91.835,91 €
CONCERTOS TIPOLOXÍA I	15.780,35 €
CONCERTOS TIPOLOXÍA II	17.695,00 €
CONCERTOS TIPOLOXÍA III	17.840,86 €
CONCERTOS TIPOLOXÍA IV	10.829,91 €



Concello de Vigo

CONTROL E CHAVEIRO XERAL	6.270,02 €
--------------------------	------------

O cálculo do valor estimado do contrato realizouse descontando o IVE ao orzamento base de licitación, no que se inclúen todos os conceptos relacionados no artigo 101 e 102 da Lei 9/2017, por canto neste contrato non se prevén modificación nin prórroga. O valor estimado do contrato ascende a 266.865,94 euros (No antedito importe están incluídas as porcentaxes de beneficio industrial e dos gastos xerais).

O Orzamento base de licitación co IVE incluído ascende a 322.907,79 euros, correspondendo 56.041,85 euros ao IVE.

O importe da licitación podería tramitarse con cargo á aplicación 3380.226.0906 (Festas de Vigo) do programa orzamentario da Área de Festas e Turismo para o vixente exercicio económico.

Á vista das anteriores circunstancias, e previos os informes da Asesoría Xurídica e da Intervención Xeral, propónse á Xunta de Goberno Local como órgano de contratación, en uso das facultades que lle confire a lexislación vixente, a adopción do seguinte acordo:

PROPOSTA:

Primeiro.- Aprobar o expediente de contratación da prestación do servizo da produción técnica local dos espectáculos e actividades do programa “Vigo en Festas 2019” no Auditorio ao aire libre de Castrelos (expediente 7922/335), que contén o Prego de prescricións técnicas particulares de data 29 de abril de 2019, asinado polo instrutor do expediente, e o Prego de prescricións administrativas particulares de data 15 de maio de 2019, asinado pola técnica de administración xeral do Servizo de Contratación.

Segundo .- Autorizar un gasto por un importe total de 322.907,79 euros (correspondendo 56.041,85 euros ao IVE), con cargo á aplicación orzamentaria 3380.226.0906 (Festas de Vigo) do programa de Festas para o vixente exercicio económico.

Terceiro.- Abrir o procedemento de licitación na forma legalmente prevista.

Acordo

A Xunta de Goberno local aproba a proposta contida no precedente informe.

7(437).- CRITERIOS PARA O ABOAMENTO EN CASO DE INCAPACIDADE TEMPORAL. EXPTE. 32415/220.

Visto o informe de fiscalización do 26/04/19, dáse conta do informe-proposta de data 12/04/19, asinado pola técnica de Admón. Xeral, a xefa da Área de Recursos Humanos e Formación e polo concelleiro de Xestión Municipal e Persoal, que di o seguinte:

ANTECEDENTES

I.- Na sesión extraordinaria e urxente da Mesa Xeral de Negociación do 08/10/2018, se deu conta dos informes emitidos e que constan no expediente, sobre a aplicabilidade do RD 958/2018 (expte 32415-220), quedando a Mesa de Negociación informada dos preceptivos informes e pendente de aportar unha proposta do Comité de Persoal para a súa negociación na Mesa Xeral.

II.- Na data 08/11/2018, o Comité de Persoal propón o seguinte texto para a súa aprobación:

1. "Aprobar para todo o persoal, funcionario, estatutario ou laboral, ao servizo do Concello de Vigo e os seus organismos autónomos, que o complemento retributivo dende o primeiro día en situación de incapacidade temporal ou licencia por enfermidade, sumando á prestación do Réxime Xeral da Seguridade Social, alcance o cen por cen das súas retribucións acreditadas na nómina do mes anterior ao de causarse a incapacidade temporal.

2.- O complemento retributivo ao que se fai referencia no apartado anterior devengarase tanto cando a situación de IT teña o seu orixe nunha enfermidade profesional ou accidente de traballo, como cando sexa consecuencia dunha enfermidade común ou accidente non laboral, así como ao persoal que se atope en situación de "pago delegado".Constan no expediente: nota xurídica de IT (trámite 57) e informe técnico (trámite 65).

III.- Constan no expediente: informe xurídico (trámite 12), informe emitido pola asesoría xurídica do concello de Vigo (trámite 27), certificado do acordo da mesa xeral de negociación (trámite 41), proposta do Comité de persoal (trámite 57, nota xurídica (trámite 57) e informe técnico (trámite 65).

NORMATIVA APLICABLE

I.- Lei 6/2018, de 3 de xullo, de Orzamentos Xerais do Estado para o ano 2018.

II.- RD 956/2018, de 27 de xullo, polo que se aproba e publica o Acordo adoptado pola Mesa Xeral de Negociación da Administración Xeral do Estado o 23 de xullo de 2018, en relación ao réxime retributivo da situación de incapacidade temporal do persoal ao servizo da Administración Xeral do Estado e Organismos o Entidades Públicas dependentes.

III.- Lei 3/2018, do 26 de decembro, de medidas fiscais e administrativas.

IV.- Lei 2/2015, do 29 de abril, do emprego público de Galicia.

FUNDAMENTACIÓN XURÍDICA

I.- Con carácter previo e coa finalidade de centrar a cuestión que nos ocupa, é preciso partir da afectación do artigo 23 de Convenio regulador do Concello de Vigo como consecuencia do Real Decreto-lei 20/2012, do 13 de xullo, de medidas para garantir a estabilidade orzamentaria e do fomento da competitividade, que regulou no seu artigo 9 a prestación económica na situación de incapacidade temporal do persoal ao servizo das Administracións Públicas, organismos e entidades dependentes e órganos constitucionais. O citado artigo limitou a posibilidade existente anteriormente de que cada Administración Pública



Concello de Vigo

complementara as prestacións do seu persoal incluído no Réxime xeral da Seguridade Social. Este artigo in fine suspendía os Acordos, Pactos e Convenios vixentes que contradixeran o disposto no mesmo; afectando en consecuencia ao citado artigo 23 do Convenio regulador.

Consecuencia do anterior, no ámbito do Concello de Vigo, a Xunta de Goberno local, na sesión ordinaria do 15/10/2012, acordaba “Criterios transitorios de xestión económica e administrativa relativos ás prestacións económicas na situación de incapacidade temporal do persoal ao servizo do concello de Vigo, derivada da aplicación do RDL 20/2012, do 13 de xullo, de medidas para garantir a estabilidade orzamentaria e de fomento da competitividade.” (expte 23544-220).

Os citados criterios, foron aprobados “sen prexuízo de que, no momento en que o marco legal o permita e se alce a suspensión ordenada, se proceda ao axuste, derogación ou modificación das previsións de carácter regulamentario contempladas no Acordo Regulador”

II.- A Lei 6/2018, do 3 de xullo, de Orzamentos Xerais do Estado para o ano 2018, a través de súa disposición adicional quincuaxésima cuarta, ven a establecer un novo marco normativo para o réxime de incapacidade temporal do persoal ao servizo das Administracións Públicas, que elimina as restricións existentes hasta este momento e permite que cada Administración Pública determine, previa negociación colectiva, as retribucións que se percibirán durante a situación de incapacidade temporal polo persoal a seu servizo e ao de seus Organismos e Entidades públicas dependentes.

A citada lei non levanta a suspensión dos Acordos, Pactos e Convenios que fixara o Real Decreto-lei 20/2012, nin permite volver a situación anterior.

A citada Disposición Adicional quincuaxésimo cuarta adicada á prestación de incapacidade temporal do persoal ao servizo das Administracións Públicas e organismos e entidades públicas dependentes das mesmas, recolle o seguinte:

“Uno. Cada Administración Pública podrá determinar, previa negociación colectiva, las retribuciones a percibir por el personal a su servicio o al de los organismos y entidades públicas dependientes, en situación de incapacidad temporal y en el caso del personal funcionario al que se le hay expedido licencia por enfermedad, de acuerdo con las siguientes reglas:

1.^a Respecto al personal funcionario incluido en el Régimen General de Seguridad Social y al personal estatutario y laboral, se podrá establecer un complemento retributivo desde el primer día de incapacidad temporal que, sumado a la prestación del Régimen General de la Seguridad Social, alcance hasta un máximo del cien por cien de sus retribuciones fijas del mes de inicio de la incapacidad temporal.

2.^a Respecto al personal funcionario incluído en el Régimen de Mutualismo Administrativo, de acuerdo con el régimen retributivo establecido en su normativa, además del subsidio de incapacidad temporal, cada Administración Pública podrá acordar, previa negociación colectiva, para el período de tiempo que no comprenda la aplicación del subsidio de incapacidad temporal, la percepción de hasta el cien por cien de las retribuciones, básicas y complementarias, correspondientes a sus retribuciones fijas del mes de inicio de la incapacidad temporal. Durante la percepción del subsidio por incapacidad temporal, éste podrá ser comple-

mentado por el órgano encargado de la gestión de personal, previa negociación colectiva, hasta alcanzar como máximo el cien por cien de las retribuciones que el funcionario hubiera percibido el mes de inicio de la incapacidad temporal.

Para el período de tiempo en el que ya se aplique el subsidio por incapacidad temporal, se estará a lo previsto en su actual normativa reguladora.

Dos. Para la determinación de lo previsto en los apartados anteriores podrán, en su caso, establecerse diferentes escenarios retributivos en función del tipo de contingencia que haya dado lugar a la incapacidad temporal o a la duración de la misma, sin que en ningún caso el régimen de seguridad social de pertenencia pueda justificar un trato más perjudicial para uno u otro colectivo, computando para ello tanto las prestaciones o subsidios a que se tengan derecho como las retribuciones que se abonen por la Administración respectiva, para lo cual dicha Administración deberá aprobar, de acuerdo con lo previsto en el apartado anterior, el abono de unas retribuciones que permitan garantizar esta equivalencia de percepciones. Los supuestos de incapacidad temporal derivados de contingencias profesionales, así como los que afecten a la mujer gestante, deberán tener necesariamente el trato más favorable de los acordados por la Administración respectiva.

Tres. Por las distintas Administraciones Públicas deberá regularse la forma de justificación de las ausencias por causa de enfermedad o que den lugar a una incapacidad temporal, mediante la exigencia del correspondiente parte de baja o documentación acreditativa, según proceda, desde el primer día de ausencia.

Cuatro. Cada Administración Pública diseñará un plan de control del absentismo, que deberá ser objeto de difusión pública, a través del respectivo Portal de Transparencia. En dicho portal serán igualmente objeto de publicación los datos de absentismo, clasificados por su causa, con una periodicidad al menos semestral.

Cinco. Lo previsto en esta disposición resulta de aplicación al personal de la Carrera Judicial y Fiscal, del Cuerpo de Letrados de la Administración de Justicia, a los funcionarios de los cuerpos al servicio de la Administración de Justicia y al personal de los órganos constitucionales.

Seis. En el caso de la Administración del Estado, la regulación a la que se refieren los apartados Uno y Dos de esta disposición se aprobará por decreto del Consejo de Ministros.

Siete. Esta disposición tiene carácter básico y se dicta al amparo de los artículos 149.1.7.^a, 149.1.13.^a y 149.1.18.^a de la Constitución.”

Do tenor literal do precepto, se desprende que non cabe volver directamente a situación anterior ao Real Decreto-lei 20/2012, do 13 de xullo, se non que se exige un proceso de negociación. A estos efectos é preciso ter en conta o apartado segundo que contempla a posibilidade de de establecer diferentes complementos ás prestacións en función do tipo de continxencia causante da incapacidade temporal ou a causa da mesma.

III.- O Real Decreto 956/2018, de 27 de xullo, polo que se aproba e publica o Acordo adoptado pola Mesa Xeral de Negociación da Administración Xeral do Estado o 23 de xullo de 2018, en relación ao réxime retributivo da situación de incapacidade temporal do persoal ao servizo da Administración Xeral do Estado e Organismos o Entidades Públicas



Concello de Vigo

dependentes, só é de aplicación ao persoal que presta servizo na Administración Xeral do Estado e non aos funcionarios da administración local segundo o dispón así expresamente o tenor literal do citado Real Decreto. Nesta cuestión nos remitimos aos informes emitidos e que constan no expediente (trámites 12 e 27).

IV.- Posteriormente, na data 01/01/2019, entrou en vigor a lei 3/2018, de 26 de decembro, de medidas fiscais e administrativas, cuxo artigo 6 modifica o artigo 146.3 da Lei de Emprego Público de Galicia. O artigo 146.3 da Lei de emprego público de Galicia despois da modificación introducida polo artigo 6 da lei 3/2018, do 26 de decembro, de medidas fiscais e administrativas (entrada en vigor 01/01/2019), dispón: «Las administraciones públicas incluídas en el ámbito de aplicación de la presente ley abonarán el complemento retributivo desde el primer día en situación de incapacidad temporal o de disfrute de la licencia por enfermedad que, sumado a la prestación del régimen general de la Seguridad Social, alcance el 100 % de las retribuciones fijas del mes del inicio de la incapacidad temporal.»

Sen prexuízo da preferente aplicabilidade ás entidades locais do Dereito estatal de carácter básico en materia de emprego público local (STSJ de Galicia 120/2017, de 01.03.2017, declarada firme por Providencia do Tribunal Supremo 08/03/2018 -R. Casación 3105/2017-); dada a ausencia de regulación estatal aplicable ás entidades locais no asunto de referencia, e por remisión expresa do propio artigo 146.3 da lei 2/2015, do 29 de abril, do emprego público de Galicia, ás entidades incluídas no seu ámbito de aplicación, en relación cos artigos 4 e 7 do mesmo corpo legal; o citado artigo 146.3, entendo que é de aplicación ás entidades locais.

O citado artigo ven a materializar a posibilidade máxima que, -previa negociación colectiva-, prevía a Disposición Adicional quincuaxésimo cuarta Lei 6/2018, do 3 de xullo, de Orzamentos Xerais do Estado para o ano 2018, anteriormente transcrita. Tras a entrada en vigor da lei 3/2018, de 26 de decembro, de medidas fiscais e administrativas, modificando o artigo 146.3 da Lei de Emprego Público de Galicia, e sendo esta última de aplicación ás entidades locais, entendo, salvo mellor criterio, que fai innecesaria no ámbito do concello de Vigo, tal negociación, xa que logo, a obriga do abono do 100 % das retribucións fixas do mes do inicio da incapacidade temporal ven agora determinado ex lege.

Segundo informe técnico emitido no expediente (trámite 65): “A aplicación de dito precepto no que respecta as obrigas empresarias deste Concello de Vigo en concepto de seguridade social, no implicaría incremento nas cuotas de cotización nin empresarial nin das do traballador, dado que de conformidade co previsto no art. 147.2.d) do Real decreto legislativo 8/2015, de 30 de outubro, polo que se aproba o texto refundido da Lei da Seguridade Social, non se computará na base cotización ás melloras das prestacións por incapacidade temporal concedidas polas empresas.”

V.- O artigo 39 da Lei 39/2015, de 1 de outubro, do Procedemento Administrativo Común das Administracións Públicas, establece como regra xeral, que os actos administrativos producen efectos dende a data que se diten. Posteriormente, autoriza a posibilidade de que, con carácter excepcional, se poda outorgar eficacia retroactiva á eficacia dos mesmos. Elo, sempre e cando concorran os presupostos que menciona, - cando se diten en substitución

de actos anulados o cando produzan efectos favorables, sempre que o suposto de feito existira xa no momento a que se retrotraian os efectos e non se lesionen dereitos o intereses lexítimos de outras persoas-.

A segunda posibilidade é a que concorre no suposto caso, dado que o pasado 01/01/2019 entrou en vigor a Lei que establece que as administracións públicas aboarán o 100% das retribucións fixas de mes do inicio da IT, e, sendo este abono un efecto favorable que non lesiona intereses lexítimos de outras persoas, procede outorgar eficacia retroactiva a este acto, sinalando a data de efectos o día 01/01/2019.

Dado que neste punto poden derivarse incidencias económicas consecuencia da xestión da Seguridade Social, parece necesario someter a preceptiva fiscalización da presente proposta nos termos do previsto do Real Decreto Legislativo 2/2004, do 5 de marzo, polo que se aproba o Texto Refundido da Lei Reguladora das Facendas Locais

VI.- No que se refire aos abonos de complementos non fixos e non periódicos durante o tempo de duración da baixa, tales como plus de xornada partida, festividade, nocturnidade; compre destacar que analizados os pronunciamentos xudiciais no ámbito do concello de Vigo, se advirte unha disparidade de criterios entre os xulgados da xurisdiccional social, na que ten prosperado as solicitudes nese sentido e a xurisdicción contencioso-administrativa, que desestima a pretensión de abono de ditos conceptos por carecer de sustento normativo e xustificado en base ao establecido nas "Instrucións de Plantilla", que determinan que dito abono conleva a prestación efectiva de servizos.

Tendo en conta o exposto no apartado anterior de este informe, en canto que legalmente se fai referencia con carácter máximo ao 100% das retribucións fixas; así como que o Acordo regulador contempla nos artigos 20 e seguintes a equiparación retributiva e de dereitos do persoal laboral e funcionarios, parece necesario fixar un criterio homoxéneo para evitar agravios comparativos, e dado que a plantilla municipal está formada practicamente por funcionarios, entendemos axeitado non fixar o abono dos complementos non fixos e non periódicos.

VII.- Por último, en relación a situación que se produce transcurrido un ano da situación de IT, na que os empregados municipais pasan a situación de pago directo; segundo informe técnico emitido no expediente "nas instancias xudiciais estase a fallar a favor dos demandantes nos casos de Incapacidade Temporal (por ambas continxencias), nos casos que os empregados municipais pasan a pago directo, ben do INSS o da Mutua, que se produce aos 365 días da IT, situación de prórroga expresa que ten un límite de 180 días, que se fixa por considerarse que o traballador pode ser dado de alta médica por curación ou recuperación da capacidade profesional subsiste a obriga de cotizar pola cuota empresarial mentres non se extinga a relación laboral ou ata a extinción do prazo de 545 días, polo que debe manterse a súa alta de afiliación en seguridade social (art. 174.5 do Real Decreto Legislativo 8/2015, de 20 de outubro, polo que se aproba o Texto Refundido da Lei de Seguridade Social), período durante o cal perciben o 75% da base de cotización do mes anterior a producirse o feito, e Concello non abona o complemento de IT a retribucións fixas.

O efectuar este Concello o abono do complemento de IT, neste período, entendemos que a repercusión económica non iría máis alo do abono da diferenza que lle corresponderá perci-



Concello de Vigo

bir ao empregado xa que a nivel presupostario os postos están dotados economicamente todo o ano (xa se indicou que polo abono deste complemento non procede cotización).”

En consecuencia, parece axeitado que o concello de Vigo, complemente en estos casos ata o 100% para axustar a súa actuación aos pronunciamentos xudiciais.

Enténdese que con respecto a este punto, tampouco procedería a preceptiva fiscalización da presente proposta nos termos do previsto do Real Decreto Lexislativo 2/2004, do 5 de marzo, polo que se aproba o Texto Refundido da Lei Reguladora das Facendas Locais.

En consecuencia, vistas as consideracións expostas, e considerando as competencias que en materia de planificación e xestión de recursos humanos ostenta a Concellería-delegada da Área de Xestión Municipal (delegacións efectuadas por Decretos da Excm. Alcaldía de 19/06/2015 e 30/12/2016, así como en Acordos da Xunta de Goberno Local de mesmas datas) pola presente elévase ao dito órgano a seguinte **PROPOSTA DE ACORDO**:

PRIMEIRO.- Deixar sen efecto os criterios transitorios de xestión económica e administrativa relativos ás prestacións económicas na situación de incapacidade temporal do persoal ao servizo do concello de Vigo, derivada da aplicación de Real Decreto-lei 20/2012, do 13 de xullo, de medidas para garantir a estabilidade orzamentaria e de fomento da competitividade; en atención a motivación que antecede no presente informe.

SEGUNDO.- Establecer que a prestación económica a percibir polos efectivos en caso de IT, será o complemento retributivo dende o primeiro día en situación de incapacidade temporal ou de disfrute da licenza por enfermidade que, sumado á prestación do réxime xeneral da Seguridade Social, alcance o 100 % das retribucións fixas do mes do inicio da incapacidade temporal.

TERCEIRO.- Acordar que transcurrido un ano da situación de IT, na que os empregados municipais pasan á situación de pago directo, e durante o periodo que abarca ata os 180 días posteriores; o Concello complementará ata o 100 % das retribucións fixas e periódicas.

CUARTO.- Deixar sin efecto o punto XII das Instrucións sobre xornada e horarios de traballo e réxime de ausencia do persoal ao servizo do concello de Vigo (expte 23889-220).

QUINTO.- Retrotraer os efectos de éste acto administrativo á data 01/01/2019, en base a motivación que antecede no presente informe.

SEXTO.- Notificar o presente acordo á Secretaría Xeral (Goberno Local e Pleno), Intervención Xeral Municipal, Asesoría Xurídica Municipal (Titularidade e Xefaturas de Área da mesma); Dirección do Gabinete da Alcaldía e Comité de Persoal para traslado aos sindicatos con representación no Concello de Vigo, e sindicato CSI-CSIF, dispoñendo a súa inserción na Intranet Municipal.”

Contra o presente acordo poderase interpoñer recurso potestativo de reposición no prazo de 1 mes a contar dende o día seguinte ao da súa notificación ou publicación, ou ben recurso contencioso-administrativo no prazo de 2 meses contados dende o día seguinte ao da publicación do acto administrativo que poña fin á vía administrativa, nos supostos, termos e condicións do previsto nos artigos, 8, 25 e 46 da vixente Lei 29/1998, do 13 de xullo,

Reguladora da Xurisdición Contencioso-Administrativa, sen prexuízo dos que procedan no orde social.

Acordo

A Xunta de Goberno local aproba a proposta contida no precedente informe.

8(438).- NOMEAMENTO INTERINO POR ACUMULACIÓN DE TAREFAS DE DOUS OFICIAIS DE INSTALACIÓNS MUNICIPAIS BAIXO A MODALIDADE PREVISTA NO ART. 10.1.D) DO RDL 5/2015 DE 30 DE OUTUBRO (TREBEP), POR UN PRAZO DE SEIS MESES PARA O SERVIZO DE DEPORTES. EXPTE. 33816/220.

Visto o informe de fiscalización de data 14/05/19, dáse conta do informe-proposta do 2/05/19, asinado pola técnica de Admón. Xeral, a xefa de Recursos Humanos e Formación e o concelleiro-delegado de Xestión Municipal e Persoal, que di o seguinte:

ANTECEDENTES

1.- Con data 20/03/19, o Director Técnico do Servizo de Deportes, coa conformidade do Concelleiro delegado de Deportes, remite oficio manifestando a urxente necesidade de proceder ao nomeamento interino por acumulación de tarefas de, entre outros, dous oficiais de instalacións municipais para o correcto desenvolvemento das funcións encomendadas.

2.- En resposta a esta petición, o concelleiro-delegado da Área de Xestión Municipal, mediante instrución de servizo de data 03/04/19 solicitou á Área de Recursos Humanos e Formación o inicio de expediente administrativo para proceder á maior brevidade posible a correspondente proposta de nomeamento interino por acumulación de tarefas á Xunta de Goberno Local de dous oficiais de instalacións municipais por acumulación de tarefas, previsto no artigo 10.1.d). do Real Decreto Lexislativo 5/2015, do 30 de outubro, polo que se aproba o Texto Refundido da Lei do Estatuto Básico do Empregado Público, por un período máximo de seis meses.

3.- Con data 25/04/19, emítase polo Técnico de Organización e Planificación informe técnico, que inclúe a proposta de gasto, estado de execución do Capítulo I do orzamento e da incidencia no mesmo do gasto a propoñer.

En consecuencia, e en cumprimento das previsións legais contempladas na norma indicada, procede a emisión de informe-proposta ao abeiro do establecido no artigo 172 do Real Decreto 2568/1986, do 28 de novembro, polo que se aproba o regulamento de organización, funcionamento e réxime xurídico das entidades locais (ROF).

FUNDAMENTOS XURÍDICOS



Concello de Vigo

I.- Lexislación aplicable

- Real Decreto Lexislativo 5/2015, de 30 de outubro. Texto Refundido da Lei do Estatuto Básico do Empregado Público.

A preferente aplicabilidade do Dereito estatal de carácter básico en materia de emprego público local deriva das previsións de dous fundamentais preceptos:

-O artigo 128 do Real Decreto Lexislativo 781/1986, de 18 de abril, polo que se aproba o texto refundido das disposicións legais vixentes en materia de réxime local, que establece en canto ás ofertas de emprego público que:

*"1. Las Corporaciones locales aprobarán y publicarán anualmente, dentro del plazo de un mes desde la aprobación de su Presupuesto, la oferta de empleo público para el año correspondiente, **ajustándose a la legislación básica del Estado sobre función pública** y a los criterios que reglamentariamente se establezcan en desarrollo de la normativa básica estatal para su debida coordinación con las ofertas de empleo del resto de las Administraciones Públicas."*

-O artigo 133 do mesmo Real Decreto Lexislativo 781/1986, de 18 de abril, que efectúa unha determinación legal do réxime xurídico aplicable á selección dos funcionarios de Administración Local, establecendo expresamente que:

"El procedimiento de selección de los funcionarios de Administración local se ajustará a la legislación básica del Estado sobre función pública, y se establecerá teniendo en cuenta la conexión entre el tipo de pruebas a superar y la adecuación a los puestos de trabajo que se hayan de desempeñar, incluyendo a tal efecto las pruebas prácticas que sean precisas."

Tal preferencia expresa resulta inherente á vocación unificadora do lexislador en materia de función pública; así o ven interpretando a xurisprudencia do Tribunal Superior de Xustiza de Galicia, a efectos do cal resulta salientable a **STSJ de Galicia 120/2017, de 01.03.2017**, dictada en materia de persoal, en cuxo fundamento de dereito FD 4º sinala o seguinte:

"FD CUARTO.-

(...) De tan largas citas jurisprudenciales hemos de quedarnos con tres ideas básicas: 1º) cabe una interpretación integradora de la normativa básica estatal y la legislación autonómica de desarrollo, en todo caso ésta última solo es aplicable a los entes locales una vez hecha exclusión de la legislación estatal que opera como derecho supletorio de primer grado; (...). Pero tampoco podemos olvidar que, como señalan los recurrentes, con arreglo a lo dispuesto en el art. 3.2 del Real Decreto legislativo 1/2008 por la que se aprobó el texto refundido de la Ley de Función Pública de Galicia, el art. 168 del Real Decreto Legislativo 781/1986, de 18 de abril, por el que se aprueba el texto refundido de las disposiciones legales vigentes en materia de régimen local y la Disposición Final Primera de la Ley 7/2007, por la que se aprobó el Estatuto Básico del Empleado Público, en relación a la regulación de la función pública local es de preferente aplicación la legislación básica estatal a la legislación autonómica sobre función pública." A citada sentenza foi declarada firme por Providencia do Tribunal Supremo 08/03/2018 (R. Casación 3105/2017).

En similar senso, a **STJG de 15 de febreiro de 2017** afírmase que:

*“.....según el artículo 3.1 de la Ley 7/2007, de 12 de abril, del Estatuto Básico del Empleado Público (.....) “El personal funcionario de las entidades locales se rige por la legislación estatal que resulte de aplicación, de la que forma parte este Estatuto y por la legislación de las Comunidades Autónomas, con respeto a la autonomía local, **lo cual revela, a la vez que una preferencia de la normativa estatal para la regulación de esta materia, la reconducción de la función pública local al régimen general de la función pública. Al mismo tiempo, significa que la función pública local debe formar parte del ordenamiento de la función pública desarrollado a partir del bloque de la constitucionalidad concretado en torno al 149.1.18ª de la Constitución.**”*

II.- Nomeamento de funcionarios interinos por exceso ou acumulación de tarefas:

Consonte ao artigo 10.1 do Real Decreto Lexislativo 5/2015, do 30 de outubro, polo que se aproba o texto refundido da Lei do Estatuto Básico do Empregado Público (en diante, TREBEP), os/as funcionarios/as interinos son aqueles/as que, por razóns expresamente xustificadas de necesidade e urxencia, son nomeados/as como tales para o desempeño de funcións propias de funcionarios/as de carreira, cando se de algunha das circunstancias consignadas no devandito precepto, entre as cales se atopa o exceso ou acumulación de tarefas polo prazo máximo de seis meses, dentro dun período de doce meses (apartado d). De igual xeito o apartado 2 establece que a selección de funcionarios interinos farase mediante procedementos áxiles que respectarán en todo caso os principios de igualdade, mérito, capacidade e publicidade.

O nomeamento deberá recaer en persoas que reúnan as condicións esixidas para o ingreso no Corpo ó que pertenza o posto de traballo. Dito nomeamento será revocado ademais de polas causas previstas no artigo 63 do EBEP, cando finalice a causa que deu lugar ao seu nomeamento, de acordo co art. 10 apartado 3, neste caso o exceso ou acumulación de tarefas por un prazo máximo de seis meses, dentro dun período de doce meses.

Os funcionarios interinos percibirán o soldo correspondente ao corpo ao que pertenza a vacante, neste caso (posto cód. 300-oficial instalacións municipais), da vixente Relación de Postos de Traballo (RPT), aprobada pola Xunta de Goberno Local na súa sesión de data 20 de setembro de 2010 e modificacións puntuais aprobadas con posterioridade.

O artigo 10.6 do TREBEP establece que dito persoal interino cuxa designación sexa consecuencia da execución de programas de carácter temporal ou do exceso ou acumulación de tarefas por prazo máximo de seis meses, dentro dun período de doce meses, poderá desempeñar os servizos que se lle encomenden na unidade administrativa na que se produza o seu nomeamento ou noutras unidades administrativas nas que desempeñe funcións análogas, sempre que, respectivamente, ditas unidades participen no ámbito de aplicación do citado programa de carácter temporal, co límite de duración sinalado neste artigo, ou estean afectadas pola mencionada acumulación de tarefas.

Así mesmo e de acordo coas Instrucións en materia de planificación e xestión de recursos humanos para o ámbito deste Concello, actualizadas mediante acordo da Xunta de Goberno Local na súa sesión de data 29 de xaneiro de 2016, o recurso ao persoal funcionario interino -ou, de ser o caso, laboral temporal- realizarase unicamente en casos excepcionais e para cubrir necesidades urxentes e inaprazables, restrinxíndose aos sectores, funcións e



Concello de Vigo

categorías profesionais indicados como prioritarios ou que afecten ao funcionamento dos servizos públicos esenciais, que deberá acreditar debida e motivadamente o servizo ou unidade peticionaria do efectivo, baixo a responsabilidade da xefatura do servizo correspondente, e requirirá a previa emisión de informe técnico cuantificativo do estado de execución do Capítulo I e da incidencia no mesmo do gasto a propoñer, o cal deberá ser incorporado ao expediente administrativo.

Ademais do anterior é necesaria a comprobación no informe de fiscalización do cumprimento das previsións contidas na Lei Orgánica 2/2012, de 27 de abril, de Estabilidade Orzamentaria e Sustentabilidade Financiera.

É preciso lembrar o informado no expediente 31808-220 (capítulo I dos orzamentos municipais para 2019) en relación a necesidade de conter o recurso a nomeamentos interinos e limitar ditos nomeamentos a supostos excepcionais, destacando a estos efectos “Respecto das contratacións laborais temporais/nomeamentos interinos por acumulación de tarefas, deberá limitarse aos mínimos imprescindibles para dar cobertura aos servizos por vacacións ou situacións similares de falta de efectivos do persoal ou acumulacións de tarefas sobrevidas e que non poidan ser previstas polos responsables dos servizos, sempre que se trate de casos excepcionais e para cubrir necesidades urxentes e inaprazables. Para a contratación de persoal deberá terse en conta as necesidades globais de todos os servizos municipais, priorizando as mesmas segundo as instrucións recibidas.”

En canto ao establecemento da xornada e horarios de traballo, a xornada desenvolverase no horario establecido pola Xefatura do Servizo ou Área, podendo ser en horario de mañá ou tarde, ou xornada partida ou a quendas, garantíndose os períodos de descanso regulamentarios, de acordo coas determinacións reflectidas no apartado 3 das Instrucións sobre xornada e horarios de traballo, aprobadas mediante acordo da Xunta de Goberno Local de data 15 de febreiro de 2013, con corrección de erros adoptada mediante acordo da Xunta de Goberno Local, de data 20 de maio de 2013.

III.- Xustificación da necesidade e urxencia:

Segundo consta no escrito de data 20/03/19 do Director Técnico do Servizo de Deportes, coa conformidade do Concelleiro delegado de Deportes así coma na instrución do concelleiro delegado de Xestión Municipal de data 03/04/19, no que se ordena o inicio do expediente, o presente é un dos casos excepcionais para cubrir necesidades urxentes e inaprazables das restrinxidas aos sectores, funcións e categorías profesionais que se consideran prioritarios ou que afectan ao funcionamento dos servizos públicos esenciais, de acordo co esixido no artigo 19 da Lei 3/2017, de 27 de xuño, de Orzamentos Xerais do Estado para o exercicio 2017, e, de igual xeito, o disposto na Lei 5/2014, de 27 de maio, de medidas urxentes derivadas da entrada en vigor da Lei 27/2013, do 27 de decembro, de racionalización e sustentabilidade da Administración Local, en relación coa mesma e, nas instrucións en materia de planificación e xestión de recursos humanos para o ámbito do Concello de Vigo derivadas da aplicación das previsións contidas as anteriores leis, aprobadas pola Xunta de Goberno Local, nas súas sesións de data 20 de xuño e 29 de agosto de 2014 e que foron actualizadas na sesión do mesmo Órgano de 29 de xaneiro de 2016, expte. 27576/220.

Consta no expediente 33756-220 memoria sobre as necesidades de recursos humanos no Servizo de Deportes. Sería necesario priorizar o estudo das necesidades manifestadas e

que, desde a área de Recursos Humanos e Formación, procedécese á análise da memoria achegada e para que surta efectos en relación co capítulo I de gastos dos próximos orzamentos co fin de dotar ao Servizo de estrutura permanente e minimizar o recurso ao persoal interino.

IV.- Proposta de gasto:

Segundo o informe técnico emitido polo Técnico de Organización e Planificación, que consta no expediente, o nomeamento interino proposto por un período máximo de seis meses de dous oficiais de instalacións municipais para o Servizo de Deportes, supón un gasto de **24.196,48 €**, e ao que haberá que engadirse a cantidade de **8.855,70 €** en concepto de Seguridade Social a cargo da Empresa.

O referido gasto imputarase con cargo a aplicación orzamentaria 920.0.140.00.00 "outras modalidades de nomeamento persoal non permanente".

V. - Verificación das listas de reserva:

Segundo consta no Informe de verificación administrativa obrante no expediente "Que verificadas as listaxes de reserva para a categoría de Oficial de instalacións municipais, existen listaxes vixentes con persoas en condicións de ser notificadas.

- Que verificadas a listaxes indicadas, e sempre a salvo de erro ou omisión, procede o chamamento como Oficiais de instalacións de: D. Santiago Fernández Santibáñez, con DNI ***1285**, e D. Abraham Sánchez Franco, con DNI ***8384**,

de conformidade cos Criterios de xestión das listas de reserva aprobados pola Xunta de Goberno Local e vixentes para o ámbito do Concello de Vigo e á vista dos datos proporcionados polo programa informático en desenvolvemento para a xestión das listas de reserva do servizo de Administración Electrónica."

Os/as mesmos/as aceptaron expresamente, mediante escritos que constan anexados ao expediente, optar aos referidos nomeamentos interinos por acumulación de tarefas segundo o disposto no artigo 10.1 d) do Real Decreto Legislativo 5/2015, do 30 de outubro, polo que se aproba o Texto Refundido da Lei do Estatuto Básico do Empregado Público, acreditando neste Área de Recursos Humanos os requisitos e demais condicións para o desempeño do posto.

VI. - Competencia:

De conformidade co réxime de atribucións en materia de persoal e xestión económica do mesmo contemplado na Lei 7/1985, do 2 de abril, Reguladora das Bases do Réxime Local, modificada por Lei 27/2013, do 27 de decembro, de Racionalización e Sustentabilidade da Administración Local, reflectidas no artigo 127.1 g) e h) da norma indicada; e nos termos e condicións, alcance e contido do informe de fiscalización que pola Intervención Xeral Municipal se emita; previa a conformidade da xefa da Área de Recursos Humanos e Formación e do Sr. Concelleiro-Delegado da Área de Xestión Municipal, nos termos das



Concello de Vigo

delegacións competenciais efectuadas en datas 19/06/2015 e 30/12/2016, elévase á Xunta de Goberno Local a seguinte:

PROPOSTA DE ACORDO

PRIMEIRO: Declarar a urxencia no nomeamento de dous/dúas funcionarios/as interinos/as por acumulación de tarefas, como **oficiais de instalacións municipais** ao abeiro do exposto no artigo 10.1.d) do TREBEP, por un período máximo de seis meses, finalizando a relación de servizo transcorrido dito período, xustificadas nas necesidades do **Servizo de Deportes**, contidas no escrito do 20/03/19 e, en consecuencia, autorizar o gasto por importe de **24.196,48 €** , xunto aos custos de Seguridade Social reflectidos no informe técnico, con cargo á aplicación orzamentaria 920.0.140.00.00, para facer fronte aos referidos nomeamentos.

SEGUNDO: Nomear como funcionarios/as interinos/as por acumulación de tarefas por un período máximo de seis meses, como Oficiais de instalacións municipais a: D. Santiago Fernández Santibáñez, con DNI *****1285****, e D. Abraham Sánchez Franco, con DNI *****8384****, na súa condición de seguintes aspirantes nas listas que superaron todos os exercicios e de conformidade cos Criterios de xestión das listas de reserva aprobados pola Xunta de Goberno Local e vixentes para o ámbito do Concello de Vigo e á vista dos datos proporcionados polo programa informático en desenvolvemento para a xestión das listas de reserva.

TERCEIRO: Dispoñer que os referidos nomeamento faranse de conformidade co disposto no Art. 10.1.d) do TREBEP, rematando cando transcorran os seis meses dende a data do nomeamento nos termos legalmente previstos, percibindo como retribucións o importe do soldo, retribucións complementarias e a parte proporcional da paga extraordinaria do posto (posto cód. 300-oficial instalacións municipais), sendo adscritos/as ao Servizo de Deportes, sen prexuízo de que conformidade co disposto no artigo 10.6 do TREBEP, poidan desempeñar as súas funcións noutros servizos municipais, para cubrir necesidades urxentes e inaprazables, restrinxíndose aos sectores, funcións e categorías profesionais que se consideren prioritarios ou que afecten ao funcionamento dos servizos públicos esenciais.

CUARTO: Establecer que a xornada laboral dos/das funcionarios/as interinos/as nomeados/as desenvolverase no horario establecido pola Xefatura do Servizo ou Área, podendo ser en horario de mañá ou tarde, ou xornada partida ou a quendas, garantíndose os períodos de descanso regulamentarios, de acordo coas determinacións reflectidas no apartado 3 das Instrucións sobre xornada e horarios de traballo, aprobadas mediante acordo da Xunta de Goberno Local de data 15 de febreiro de 2013, con corrección de erros adoptada mediante acordo da Xunta de Goberno Local, de data 20 de maio de 2013.

QUINTO: Notificar o presente acordo ós/ás aspirantes nomeados/as, ao Director Técnico de Deportes, á Intervención Xeral, ao persoal técnico da Área de Recursos Humanos e Formación e, ao Comité de Persoal, aos efectos oportunos.

Contra o presente acordo poderase interpoñer recurso potestativo de reposición no prazo de 1 MES a contar dende o día seguinte ao da súa notificación ou publicación, ou ben recurso contencioso-administrativo perante os Xulgados do Contencioso-Administrativo de Vigo, no prazo de 2 MESES tamén dende o día seguinte ao da notificación ou publicación do acto administrativo firme, nos supostos, termos e condicións do previsto nos artigos 8, 25 e 46 da Lei 29/1998, do 13 de xullo, reguladora da Xurisdición Contencioso-Administrativa.

Acordo

A Xunta de Goberno local aproba a proposta contida no precedente informe.

9(439).- NOMEAMENTO INTERINO POR ACUMULACIÓN DE TAREFAS DE DOUS OFICIAIS DESINFECTORES/AS BAIXO A MODALIDADE PREVISTA NO ARTIGO 10.1.D) DO RDL 5/2015 DE 30 DE OUTUBRO (TREBEP), POR UN PRAZO DE SEIS MESES PARA A O SERVIZO DE CONTROL DE PRAGAS. EXPTE. 33991/220.

Visto o informe de fiscalización de data 14/05/19, dáse conta do informe-proposta do 6/05/19, asinado pola técnica de Admón. Xeral, a xefa de Recursos Humanos e Formación e o concelleiro-delegado de Xestión Municipal e Persoal, que di o seguinte:

ANTECEDENTES

1.- Con data 13/02/19, o Capataz do Servizo de Desinfección, o Xefe de Servizo de Medio Ambiente, Sanidade e Consumo coa conformidade da Concelleira de Medio Ambiente e Vida Saudable, remite oficio manifestando a urxente necesidade de proceder ao nomeamento interino por acumulación de tarefas de dous oficiais desinfectores/as para o correcto desenvolvemento das funcións encomendadas.

2.- En resposta a esta petición, o concelleiro-delegado da Área de Xestión Municipal, mediante instrución de servizo de data 24/04/19 solicitou á Área de Recursos Humanos e Formación o inicio de expediente administrativo para proceder á maior brevidade posible a correspondente proposta de nomeamento interino por acumulación de tarefas á Xunta de Goberno Local de dous oficiais desinfectores/as por acumulación de tarefas, previsto no artigo 10.1.d). do Real Decreto Legislativo 5/2015, do 30 de outubro, polo que se aproba o Texto Refundido da Lei do Estatuto Básico do Empregado Público, por un período máximo de seis meses.

3.- Con data 25/04/19, emítase polo Técnico de Organización e Planificación informe técnico, que inclúe a proposta de gasto, estado de execución do Capítulo I do orzamento e da incidencia no mesmo do gasto a propoñer.

En consecuencia, e en cumprimento das previsións legais contempladas na norma indicada, procede a emisión de informe-proposta ao abeiro do establecido no artigo 172 do Real



Concello de Vigo

Decreto 2568/1986, do 28 de novembro, polo que se aproba o regulamento de organización, funcionamento e réxime xurídico das entidades locais (ROF).

FUNDAMENTOS XURÍDICOS

I.- Lexislación aplicable

- Real Decreto Lexislativo 5/2015, de 30 de outubro. Texto Refundido da Lei do Estatuto Básico do Empregado Público.

A preferente aplicabilidade do Dereito estatal de carácter básico en materia de emprego público local deriva das previsións de dous fundamentais preceptos:

-O artigo 128 do Real Decreto Lexislativo 781/1986, de 18 de abril, polo que se aproba o texto refundido das disposicións legais vixentes en materia de réxime local, que establece en canto ás ofertas de emprego público que:

*"1. Las Corporaciones locales aprobarán y publicarán anualmente, dentro del plazo de un mes desde la aprobación de su Presupuesto, la oferta de empleo público para el año correspondiente, **ajustándose a la legislación básica del Estado sobre función pública** y a los criterios que reglamentariamente se establezcan en desarrollo de la normativa básica estatal para su debida coordinación con las ofertas de empleo del resto de las Administraciones Públicas."*

-O artigo 133 do mesmo Real Decreto Lexislativo 781/1986, de 18 de abril, que efectúa unha determinación legal do réxime xurídico aplicable á selección dos funcionarios de Administración Local, establecendo expresamente que:

"El procedimiento de selección de los funcionarios de Administración local se ajustará a la legislación básica del Estado sobre función pública, y se establecerá teniendo en cuenta la conexión entre el tipo de pruebas a superar y la adecuación a los puestos de trabajo que se hayan de desempeñar, incluyendo a tal efecto las pruebas prácticas que sean precisas."

Tal preferencia expresa resulta inherente á vocación unificadora do lexislador en materia de función pública; así o ven interpretando a xurisprudencia do Tribunal Superior de Xustiza de Galicia, a efectos do cal resulta salientable a **STSJ de Galicia 120/2017, de 01.03.2017**, dictada en materia de persoal, en cuxo fundamento de dereito FD 4º sinala o seguinte:

"FD CUARTO.-

*(...) De tan largas citas jurisprudenciales hemos de quedarnos con tres ideas básicas: **1º) cabe una interpretación integradora de la normativa básica estatal y la legislación autonómica de desarrollo, en todo caso ésta última solo es aplicable a los entes locales una vez hecha exclusión de la legislación estatal que opera como derecho supletorio de primer grado; (.....) Pero tampoco podemos olvidar que, como señalan los recurrentes, con arreglo a lo dispuesto en el art. 3.2 del Real Decreto legislativo 1/2008 por la que se aprobó el texto refundido de la Ley de Función Pública de Galicia, el art. 168 del Real Decreto Legislativo 781/1986, de 18 de abril, por el que se aprueba el texto refundido de las disposiciones legales vigentes en materia de régimen local y la Disposición Final Primera de la Ley 7/2007, por la que se aprobó el Estatuto Básico del Empleado Público, en relación a la regulación de la***

función pública local es de preferente aplicación la legislación básica estatal a la legislación autonómica sobre función pública.” A citada sentenza foi declarada firme por Providencia do Tribunal Supremo 08/03/2018 (R. Casación 3105/2017).

En similar senso, a **STJG de 15 de febreiro de 2017** afirmase que:

*“.....según el artículo 3.1 de la Ley 7/2007, de 12 de abril, del Estatuto Básico del Empleado Público (.....) “El personal funcionario de las entidades locales se rige por la legislación estatal que resulte de aplicación, de la que forma parte este Estatuto y por la legislación de las Comunidades Autónomas, con respeto a la autonomía local, **lo cual revela, a la vez que una preferencia de la normativa estatal para la regulación de esta materia, la reconducción de la función pública local al régimen general de la función pública. Al mismo tiempo, significa que la función pública local debe formar parte del ordenamiento de la función pública desarrollado a partir del bloque de la constitucionalidad concretado en torno al 149.1.18ª de la Constitución.**”*

II.- Nomeamento de funcionarios interinos por exceso ou acumulación de tarefas:

Consonte ao artigo 10.1 do Real Decreto Lexislativo 5/2015, do 30 de outubro, polo que se aproba o texto refundido da Lei do Estatuto Básico do Empregado Público (en diante, TREBEP), os/as funcionarios/as interinos son aqueles/as que, por razóns expresamente xustificadas de necesidade e urxencia, son nomeados/as como tales para o desempeño de funcións propias de funcionarios/as de carreira, cando se de algunha das circunstancias consignadas no devandito precepto, entre as cales se atopa o exceso ou acumulación de tarefas polo prazo máximo de seis meses, dentro dun período de doce meses (apartado d). De igual xeito o apartado 2 establece que a selección de funcionarios interinos farase mediante procedementos áxiles que respectarán en todo caso os principios de igualdade, mérito, capacidade e publicidade.

O nomeamento deberá recaer en persoas que reúnan as condicións esixidas para o ingreso no Corpo ó que pertenza o posto de traballo. Dito nomeamento será revocado ademais de polas causas previstas no artigo 63 do EBEP, cando finalice a causa que deu lugar ao seu nomeamento, de acordo co art. 10 apartado 3, neste caso o exceso ou acumulación de tarefas por un prazo máximo de seis meses, dentro dun período de doce meses.

Os funcionarios interinos percibirán o soldo correspondente ao corpo ao que pertenza a vacante, neste caso (posto cód. 240-oficial desinfectora), da vixente Relación de Postos de Traballo (RPT), aprobada pola Xunta de Goberno Local na súa sesión de data 20 de setembro de 2010 e modificacións puntuais aprobadas con posterioridade.

O artigo 10.6 do TREBEP establece que dito persoal interino cuxa designación sexa consecuencia da execución de programas de carácter temporal ou do exceso ou acumulación de tarefas por prazo máximo de seis meses, dentro dun período de doce meses, poderá desempeñar os servizos que se lle encomenden na unidade administrativa na que se produza o seu nomeamento ou noutras unidades administrativas nas que desempeñe funcións análogas, sempre que, respectivamente, ditas unidades participen no ámbito de aplicación do citado programa de carácter temporal, co límite de duración sinalado neste artigo, ou estean afectadas pola mencionada acumulación de tarefas.



Concello de Vigo

Así mesmo e de acordo coas Instrucións en materia de planificación e xestión de recursos humanos para o ámbito deste Concello, actualizadas mediante acordo da Xunta de Goberno Local na súa sesión de data 29 de xaneiro de 2016, o recurso ao persoal funcionario interino -ou, de ser o caso, laboral temporal- realizarase unicamente en casos excepcionais e para cubrir necesidades urxentes e inaprazables, restrinxíndose aos sectores, funcións e categorías profesionais indicados como prioritarios ou que afecten ao funcionamento dos servizos públicos esenciais, que deberá acreditar debida e motivadamente o servizo ou unidade peticionaria do efectivo, baixo a responsabilidade da xefatura do servizo correspondente, e requirirá a previa emisión de informe técnico cuantificativo do estado de execución do Capítulo I e da incidencia no mesmo do gasto a propoñer, o cal deberá ser incorporado ao expediente administrativo.

Ademais do anterior é necesaria a comprobación no informe de fiscalización do cumprimento das previsións contidas na Lei Orgánica 2/2012, de 27 de abril, de Estabilidade Orzamentaria e Sustentabilidade Financiera.

É preciso lembrar o informado no expediente 31808-220 (capítulo I dos orzamentos municipais para 2019) en relación a necesidade de conter o recurso a nomeamentos interinos e limitar ditos nomeamentos a supostos excepcionais, destacando a estes efectos "Respecto das contratacións laborais temporais/nomeamentos interinos por acumulación de tarefas, deberá limitarse aos mínimos imprescindibles para dar cobertura aos servizos por vacacións ou situacións similares de falta de efectivos do persoal ou acumulacións de tarefas sobrevidas e que non poidan ser previstas polos responsables dos servizos, sempre que se trate de casos excepcionais e para cubrir necesidades urxentes e inaprazables. Para a contratación de persoal deberá terse en conta as necesidades globais de todos os servizos municipais, priorizando as mesmas segundo as instrucións recibidas."

En canto ao establecemento da xornada e horarios de traballo, a xornada desenvolverase no horario establecido pola Xefatura do Servizo ou Área, podendo ser en horario de mañá ou tarde, ou xornada partida ou a quendas, garantíndose os períodos de descanso regulamentarios, de acordo coas determinacións reflectidas no apartado 3 das Instrucións sobre xornada e horarios de traballo, aprobadas mediante acordo da Xunta de Goberno Local de data 15 de febreiro de 2013, con corrección de erros adoptada mediante acordo da Xunta de Goberno Local, de data 20 de maio de 2013.

III.- Xustificación da necesidade e urxencia:

Segundo consta no escrito de data 13/02/19 do Capataz do Servizo de Desinfección, do Xefe de Servizo de Medio Ambiente, Sanidade e Consumo coa conformidade da Concelleira de Medio Ambiente e Vida Saudable así coma na instrución do concelleiro delegado de Xestión Municipal de data 24/04/19, no que se ordena o inicio do expediente, o presente é un dos casos excepcionais para cubrir necesidades urxentes e inaprazables das restrinxidas aos sectores, funcións e categorías profesionais que se consideran prioritarios ou que afectan ao funcionamento dos servizos públicos esenciais, de acordo co esixido no artigo 19 da Lei 3/2017, de 27 de xuño, de Orzamentos Xerais do Estado para o exercicio 2017, e, de igual xeito, o disposto na Lei 5/2014, de 27 de maio, de medidas urxentes derivadas da entrada en vigor da Lei 27/2013, do 27 de decembro, de racionalización e sustentabilidade da Administración Local, en relación coa mesma e, nas instrucións en materia de planificación e xestión de recursos humanos para o ámbito do Concello de Vigo derivadas da aplicación das previsións contidas as anteriores leis, aprobadas pola Xunta de Goberno

Local, nas súas sesións de data 20 de xuño e 29 de agosto de 2014 e que foron actualizadas na sesión do mesmo Órgano de 29 de xaneiro de 2016, expte. 27576/220.

IV.- Proposta de gasto:

Segundo o informe técnico emitido polo Técnico de Organización e Planificación, que consta no expediente, o nomeamento interino proposto por un período máximo de seis meses de dous oficiais desinfectores/as instalacións municipais para o Servizo de Control de pragas, supón un gasto de **24.198,56 €**, e ao que haberá que engadirse a cantidade de **8.364,00 €** en concepto de Seguridade Social a cargo da Empresa.

O referido gasto imputarase con cargo a aplicación orzamentaria 920.0.140.00.00 "outras modalidades de nomeamento persoal non permanente".

V. - Verificación das listas de reserva:

Segundo consta no Informe de verificación administrativa obrante no expediente "Que verificadas as listaxes de reserva para a categoría de Oficial desinfector/a, existen listaxes vixentes con persoas en condicións de ser notificadas.

- Que verificadas a listaxes indicadas, e sempre a salvo de erro ou omisión, procede o chamamento como Oficiais desinfectores de: D^a Tamara Pérez Tizón, con DNI ***7395**, e D. Roi Marcos Fernández, con DNI ***9036**,

de conformidade cos Criterios de xestión das listas de reserva aprobados pola Xunta de Goberno Local e vixentes para o ámbito do Concello de Vigo e á vista dos datos proporcionados polo programa informático en desenvolvemento para a xestión das listas de reserva do servizo de Administración Electrónica."

Os/as mesmos/as aceptaron expresamente, mediante escritos que constan anexados ao expediente, optar aos referidos nomeamentos interinos por acumulación de tarefas segundo o disposto no artigo 10.1 d) do Real Decreto Legislativo 5/2015, do 30 de outubro, polo que se aproba o Texto Refundido da Lei do Estatuto Básico do Empregado Público, acreditando neste Área de Recursos Humanos os requisitos e demais condicións para o desempeño do posto.

VI. - Competencia:

De conformidade co réxime de atribucións en materia de persoal e xestión económica do mesmo contemplado na Lei 7/1985, do 2 de abril, Reguladora das Bases do Réxime Local, modificada por Lei 27/2013, do 27 de decembro, de Racionalización e Sustentabilidade da Administración Local, reflectidas no artigo 127.1 g) e h) da norma indicada; e nos termos e condicións, alcance e contido do informe de fiscalización que pola Intervención Xeral Municipal se emita; previa a conformidade da xefa da Área de Recursos Humanos e Formación e do Sr. Concelleiro-Delegado da Área de Xestión Municipal, nos termos das delegacións competenciais efectuadas en datas 19/06/2015 e 30/12/2016, elévase á Xunta de Goberno Local a seguinte:

PROPOSTA DE ACORDO



Concello de Vigo

PRIMEIRO: Declarar a urxencia no nomeamento de dous/dúas funcionarios/as interinos/as por acumulación de tarefas, como **oficiais desinfectores/as** ao abeiro do exposto no artigo 10.1.d) do TREBEP, por un período máximo de seis meses, finalizando a relación de servizo transcorrido dito período, xustificadas nas necesidades do **Servizo de Control de pragas**, contidas no escrito do 13/02/19 e, en consecuencia, autorizar o gasto por importe de **24.198,56 €**, xunto aos custos de Seguridade Social reflectidos no informe técnico, con cargo á aplicación orzamentaria 920.0.140.00.00, para facer fronte aos referidos nomeamentos.

SEGUNDO: Nomear como funcionarios/as interinos/as por acumulación de tarefas por un período máximo de seis meses, como Oficiais desinfectores/as a: D^a Tamara Pérez Tizón, con DNI ***7395**, e D. Roi Marcos Fernández, con DNI ***9036**, na súa condición de seguintes aspirantes nas listas que superaron todos os exercicios e de conformidade cos Criterios de xestión das listas de reserva aprobados pola Xunta de Goberno Local e vixentes para o ámbito do Concello de Vigo e á vista dos datos proporcionados polo programa informático en desenvolvemento para a xestión das listas de reserva.

TERCEIRO: Dispoñer que os referidos nomeamento faranse de conformidade co disposto no Art. 10.1.d) do TREBEP, rematando cando transcorran os seis meses dende a data do nomeamento nos termos legalmente previstos, percibindo como retribucións o importe do soldo, retribucións complementarias e a parte proporcional da paga extraordinaria do posto (posto cód. 240-oficial desinfectora/a), sendo adscritos/as ao Servizo de Control de pragas, sen prexuízo de que conformidade co disposto no artigo 10.6 do TREBEP, poidan desempeñar as súas funcións noutros servizos municipais, para cubrir necesidades urxentes e inaprazables, restrinxíndose aos sectores, funcións e categorías profesionais que se consideren prioritarios ou que afecten ao funcionamento dos servizos públicos esenciais.

CUARTO: Establecer que a xornada laboral dos/das funcionarios/as interinos/as nomeados/as desenvolverase no horario establecido pola Xefatura do Servizo ou Área, podendo ser en horario de mañá ou tarde, ou xornada partida ou a quendas, garantíndose os períodos de descanso regulamentarios, de acordo coas determinacións reflectidas no apartado 3 das Instrucións sobre xornada e horarios de traballo, aprobadas mediante acordo da Xunta de Goberno Local de data 15 de febreiro de 2013, con corrección de erros adoptada mediante acordo da Xunta de Goberno Local, de data 20 de maio de 2013.

QUINTO: Notificar o presente acordo ós/ás aspirantes nomeados/as, ao Xefe de Servizo de Medio Ambiente, á Intervención Xeral, ao persoal técnico da Área de Recursos Humanos e Formación e, ao Comité de Persoal, aos efectos oportunos.

Contra o presente acordo poderase interpoñer recurso potestativo de reposición no prazo de 1 MES a contar dende o día seguinte ao da súa notificación ou publicación, ou ben recurso contencioso-administrativo perante os Xulgados do Contencioso-Administrativo de Vigo, no prazo de 2 MESES tamén dende o día seguinte ao da notificación ou publicación do acto administrativo firme, nos supostos, termos e condicións do previsto nos artigos 8, 25 e 46 da Lei 29/1998, do 13 de xullo, reguladora da Xurisdición Contencioso-Administrativa.

Acordo

A Xunta de Goberno local aproba a proposta contida no precedente informe.

10(440).- SUBVENCIÓN NOMINATIVA, MEDIANTE UN CONVENIO COA FUNDACIÓN CARLOS CASARES, PARA O FINANCIAMENTO DO SEU PROGRAMA DE ACTIVIDADES NA CIDADE DE VIGO DURANTE O EXERCICIO 2019. EXPTE. 2565/330.

Examinadas as actuacións do expediente, visto o informe xurídico de data, 17/04/19 e o informe de fiscalización do 16/05/19, dáse conta do informe-proposta do 2/04/19, asinado polo xefe do Servizo de Xestión e Promoción Cultural, o concelleiro de Cultura e polo concelleiro de Orzamentos e Facenda, que di o seguinte:

Con data da sede electrónica municipal 25 de febreiro pasado, a Fundación Carlos Casares presenta escrito de solicitude de subvención para o programa de actividades a realizar na cidade de Vigo durante o presente exercicio; por este motivo, con data 26 de febreiro, o concelleiro-delegado da Área de Cultura resolveu que por parte desta xefatura se iniciase o expediente de subvención correspondente e realizar un convenio con esta entidade para regulala, por importe de 6.000 € con cargo á aplicación orzamentaria 3340.480.00.07 do orzamento municipal vixente.

ANTECEDENTES.-

A **FUNDACIÓN CARLOS CASARES** é unha entidade sen ánimo de lucro fundada o 15 de xullo de 2002 por iniciativa da familia e amigos do escritor e que xorde coa pretensión de constituír unha instancia para a reflexión sobre a sociedade e a cultura, na que vivimos, e co propósito de se manter sempre ao servizo de Galicia e dunha convivencia democrática baseada no pluralismo, o debate libre e o diálogo aberto co mundo. e co propósito de se manter sempre ao servizo de Galicia.

A **FUNDACIÓN CARLOS CASARES** vai desenvolver unha serie de actividades con especial enfoque na figura do escritor, referencia indispensable da cultura e lingua galegas no último terzo do século XX, e co propósito de dar a coñecer ás novas xeracións a súa figura, dunha forma amena e didáctica, aproveitando a súa paixón polo coleccionismo, a literatura, a lingua, a fotografía e cine, as novas tecnoloxías, etc. Tamén, con especial referencia, á súa relación con Vigo dende os ámbitos docente ou de editor literario.

PROGRAMA:

*** Xornada “Videoxogo, realidade virtual e literatura. Unha mirada transversal”**

Xoves, 20 de xuño, de 12:00 a 21:00 horas.



Concello de Vigo

MARCO

* Mostra para centros escolares “Sorrisos por un mundo. Carlos Casares e o humor”

Do 23 de setembro ao 7 de outubro: IES Carlos Casares

Do 8 ao 23 de outubro: IES Os Rosais II

Do 24 de outubro ao 8 de novembro: IES Castelao

* Apoio aos centros de ensino do Concello de Vigo

Do 27 de decembro de 2018 ao 18 de xaneiro de 2019: Delegación Territorial da Xunta de Galicia en Vigo

Do 31 de xaneiro ao 28 de febreiro: Escola de Enseñería Industrial

Do 22 de abril ao 10 de maio: CEIP Fonte Escuro

Do 13 ao 24 de maio: CEIP Altamar

Do 27 de maio ao 15 de xuño: IES Carlos Casares

A memoria económica que se achega ao presente convenio, incorpora o presuposto xeral de gastos do programa obxecto do convenio polo importe total de 8.000 € (oito mil euros) financiándose coas seguintes achegas:

- Concello de Vigo: 5.000 € (16,18%)
- Consellería de Cultura e Turismo da Xunta de Galicia: 2.000 € (25%)

DOCUMENTACIÓN.-

Por parte da entidade, presentouse a documentación relativa ao expediente de subvención, que está integrada pola seguinte:

- Proxecto e orzamento da actividade
- NIF do administrador
- CIF da entidade
- Facultade do administrador para a xestión da presente subvención
- Certificado de estar ao corrente de pagos coa Axencia Tributaria
- Certificado de estar ao corrente de pagos coa Xunta de Galicia
- Certificado de estar ao corrente de pagos co Concello de Vigo
- Certificado de estar ao corrente de pagos coa Seguridade Social
- Certificación da conta bancaria
- Declaración de non estar incurso en prohibición para obter subvencións.
- Declaración doutras axudas.
- Póliza de seguro de responsabilidade civil e recibo de pagamento.
- Escrito da **FUNDACIÓN CARLOS CASARES** de aceptación do texto do convenio de colaboración relativo ao programa de actividades a realizar na cidade de Vigo durante o presente exercicio

LEXISLACIÓN APLICABLE.-

A concesión da subvención que outorgue o Concello de Vigo á **FUNDACIÓN CARLOS CASARES**, para a organización do programa de actividades a realizar na cidade de Vigo durante o presente exercicio, obxecto do presente convenio, rexerese pola Lei 38/2003 do 17 de novembro, xeral de subvencións e o RD 887/2006, do 21 de xuño, polo que se aprobou o seu regulamento, nos seus preceptos básicos; R.D. Leg 2/2004, de 5 de marzo TRLRFL, Lei 7/1985, de 2 de abril RBRL e demais lexislación básica do estado en materia

de réxime local; a Lei 9/2007, de 13 de xuño de subvencións de Galicia; os preceptos non básicos da Lei 38/2003 e do RD 887/2006; polos pactos que se conteñen neste convenio; as bases de execución dos vixentes orzamentos municipais e as restantes normas de dereito administrativo, e no seu defecto, as normas de dereito privado.

Será responsabilidade da entidade a correspondente xestión e autorización dos dereitos de autor, ou de calquera outra obriga derivada do Real Decreto-lexislativo 1/1996 do 12 de abril, polo que se aproba o Texto Refundido da Lei de Propiedade Intelectual.

A concesión da subvención directa á **FUNDACIÓN CARLOS CASARES** deberá axustarse ao previsto no art.22.2 apartados a) e c) da Lei 38/2003 xeral de subvencións, tanto por estar prevista nominativamente no presuposto do Concello de Vigo de 2019, como polo interese público, social e cultural que supón a actividade para a cidade de Vigo; acreditado na concordancia do programa singular a executar, os fins estatutarios da entidade, a súa complementariedade ca actividade cultural organizada polo Concello e marcada diferenza ca oferta doutras entidades, polo cal non procede promover a concorrencia para o seu outorgamento.

De acordo co previsto no art. 26.1 da Lei 9/2007, do 13 de xuño, de subvencións de Galicia, os convenios serán o instrumento habitual para canalizar as subvencións previstas nominativamente; polo que se inclúe o correspondente proxecto de convenio na proposta de resolución.

ÓRGANO DE RESOLUCIÓN E ÁMBITO DE COMPETENCIAS .-

O órgano de goberno para a concesión desta subvención directa é a Xunta de Goberno Local.

O obxecto do expediente corresponde a materias de competencia propia do Concello segundo os artigos 25.2. m da Lei 7/1985, do 2 de abril, promoción da cultura e equipamentos culturais e o 80.2. n) (actividades culturais) da Lei 5/1997, de administración local de Galicia.

FINANCIAMENTO DA SUBVENCIÓN.-

A subvención do Concello de Vigo á **FUNDACIÓN CARLOS CASARES** ten como obxecto financiar a organización do programa de actividades a realizar na cidade de Vigo durante o presente exercicio, figurando na aplicación **3340.480.00.07** do orzamento municipal vixente a concesión dunha subvención nominativa por importe de 6.000 €, a favor da devandita entidade.

A subvención do Concello de Vigo á **FUNDACIÓN CARLOS CASARES** é compatible con outras subvencións, axudas, ingresos ou recursos para a mesma finalidade procedentes de calquera outras administracións ou entes públicos ou privados.

CONDICIÓNS DE CONCESIÓN DA SUBVENCIÓN

A resolución de concesión da subvención deberá establecer as condicións e compromisos aplicables (segundo se establece tanto na Lei Xeral de Subvencións como na Lei de subvencións de Galicia), que se detallan no texto de proposta de convenio.

Coa conformidade do concelleiro-delegado da Área de Cultura e mailo concelleiro-delegado da Área de Orzamentos e Facenda, cos informes xurídico e da Intervención Xeral, faise a seguinte



Concello de Vigo

PROPOSTA Á XUNTA DE GOBERNO LOCAL.-

*“PRIMEIRO.- Aprobar a concesión directa dunha subvención por importe de 6.000 € (seis mil euros) á **FUNDACIÓN CARLOS CASARES**, CIF. G-36907244, para o financiamento do programa de actividades a realizar na cidade de Vigo durante o presente exercicio, organizado por esta entidade; e autorizar e dispoñer o devandito gasto con cargo á aplicación orzamentaria 3340.480.00.07 “SUBVENCIÓN FUNDACIÓN CARLOS CASARES”, que figura no orzamento municipal vixente do Concello de Vigo.*

*SEGUNDO.- Que se aprobe o texto do proxecto de convenio entre o Concello de Vigo e a **FUNDACIÓN CARLOS CASARES** que regula o desenvolvemento da subvención outorgada para o financiamento programa de actividades a realizar na cidade de Vigo durante o presente exercicio”.*

Acordo

A Xunta de Goberno local aproba a proposta contida no precedente informe.

PROXECTO DE CONVENIO DE COLABORACIÓN ENTRE O CONCELLO DE VIGO E A FUNDACIÓN CARLOS CASARES, PARA O FINANCIAMENTO DO SEU PROGRAMA DE ACTIVIDADES NA CIDADE DE VIGO DURANTE O EXERCICIO 2019

En Vigo, _ de _____ de dous mil dezanove

REÚNENSE

A Concellería de Cultura (en adiante CONCELLERÍA), e no seu nome e representación, D. Cayetano Rodríguez Escudero, en virtude do seu cargo de concelleiro-delegado da Área de Cultura, Concello de Vigo (CIF P3605700H), para o que foi nomeado polo decreto de delegación de Alcaldía e acordo da Xunta de Goberno Local, ambos de data 19 de xuño de 2015; con enderezo na Praza do Rei nº 1, CP 36202; no exercicio das facultades e demais funcións que lle foron conferidas por razón do seu cargo,

Doutra, D. Hakan Olof Casares Berg, na súa condición de Administrador da Fundación Carlos Casares (CIF: G-36907244) (en adiante a ENTIDADE), con enderezo social en rúa Oporto, 1, CP 36201, da cidade de Vigo, e actuando en nome e representación da devandita entidade, segundo as facultades que lle outorgan os seus estatutos e o acordo adoptado pola Comisión Executiva da ENTIDADE en sesión ordinaria de 8 (oito) de febreiro de 2019.

Ámbalas dúas partes teñen plena capacidade para levar adiante este convenio e,

MANIFESTAN

*I.- Que a **FUNDACIÓN CARLOS CASARES** é unha entidade sen ánimo de lucro fundada o 15 de xullo de 2002 por iniciativa da familia e amigos do escritor e que xorde coa pretensión de constituír unha instancia para a reflexión sobre a sociedade e a cultura, na que vivimos, e*

co propósito de se manter sempre ao servizo de Galicia e dunha convivencia democrática baseada no pluralismo, o debate libre e o diálogo aberto co mundo.

*A **FUNDACIÓN CARLOS CASARES** vai desenvolver unha serie de actividades con especial enfoque na figura do escritor, referencia indispensable da cultura e lingua galegas no último terzo do século XX, e co propósito de dar a coñecer ás novas xeracións a súa figura, dunha forma amena e didáctica, aproveitando a súa paixón polo coleccionismo, a literatura, a lingua, a fotografía e cine, as novas tecnoloxías, etc. Tamén, con especial referencia, á súa relación con Vigo dende os ámbitos docente ou de editor literario.*

*II.- Que o Concello de Vigo, coñecedor de ditas actividades e accións e no exercicio da súa competencia propia de promoción da cultura, que lle recoñece o artigo 25 da Lei 7/1985, de 2 de abril, reguladora das bases de réxime local, na vixente redacción, dada pola Lei 27/2013, de 27 de decembro, de racionalización e sostibilidade da Administración Local, desexa promover e colaborar economicamente na execución da programación da **FUNDACIÓN CARLOS CASARES**, concretamente no programa de actividades na cidade de Vigo en 2019, como medio que é de promover e dinamizar a cultura da cidade.*

*III.- Que con esta finalidade o vixente Orzamento Xeral do Concello de Vigo inclúe na aplicación orzamentaria 3340.480.00.07, como subvención nominativa, a favor do **FUNDACIÓN CARLOS CASARES**, a cantidade de 6.000 euros.*

*IV.- Que a **FUNDACIÓN CARLOS CASARES** non está incurso en prohibición para ser beneficiaria das subvencións obxecto da Lei de subvencións de Galicia, atópase ao corrente das súas obrigas tributarias e coa Seguridade Social, e non ten débedas pendentes co Concello de Vigo, segundo resulta das declaracións responsables e certificacións que figuran no expediente administrativo arriba citado.*

V.- De acordo co disposto nos artigos 28.1 da Lei 38/2003, de 17 de novembro, xeral de subvencións e 26,1 da Lei 9/2007, o convenio será o instrumento habitual para canalizar as subvencións, polo que as partes acordan asinar o presente convenio de colaboración para regular os termos da súa concesión, que ten como obxecto a organización de devandito programa.

De conformidade ás precedentes consideracións e dado o interese común das partes asinantes nas que as dúas teñen intereses coincidentes, e co fin de acadar unha maior eficacia na execución das actuacións, é polo que asinan o presente convenio de colaboración de acordo coas seguintes

CLÁUSULAS

PRIMEIRA.- OBXECTO

A través do presente convenio, establécense as condicións polas que se rexerá a colaboración entre a CONCELLERÍA e maila ENTIDADE para desenvolver o programa de actividades na cidade de Vigo durante o exercicio 2019, que se detalla na documentación achegada pola entidade no presente expediente de aprobación do convenio.

SEGUNDA.- PRESUPOSTO E FINANCIAMENTO



Concello de Vigo

A memoria económica que se achega ao presente convenio, presentado pola ENTIDADE, incorpora o presuposto xeral de gastos do programa obxecto do mesmo, polo importe total de 8.000 € (oito mil euros) financiándose coas seguintes achegas:

- Concello de Vigo: 6.000 € (75%)
- Consellería de Cultura e Turismo da Xunta de Galicia: 2.000 € (25%)

TERCEIRA.- DATAS E LUGARES DO PROGRAMA

*** Xornada “Videoxogo, realidade virtual e literatura. Unha mirada transversal”**

Xoves, 20 de xuño, de 12:00 a 21:00 horas.

MARCO

*** Mostra para centros escolares “Sorrisos por un mundo. Carlos Casares e o humor”**

Do 23 de setembro ao 7 de outubro: IES Carlos Casares

Do 8 ao 23 de outubro: IES Os Rosais II

Do 24 de outubro ao 8 de novembro: IES Castelao

*** Apoio aos centros de ensino do Concello de Vigo**

Do 27 de decembro de 2018 ao 18 de xaneiro de 2019: Delegación Territorial da Xunta de Galicia en Vigo

Do 31 de xaneiro ao 28 de febreiro: Escola de Enseñería Industrial

Do 22 de abril ao 10 de maio: CEIP Fonte Escura

Do 13 ao 24 de maio: CEIP Altamar

Do 27 de maio ao 15 de xuño: IES Carlos Casares

CUARTA.- OBRIGAS DA ENTIDADE . MECANISMOS DE ASISTENCIA TÉCNICA

1)Organizar as actividades a través dun equipo de profesionais dirixidos e/ou supervisados pola ENTIDADE, actuando como interlocutor único ante a CONCELLERÍA D. Gustavo Adolfo Garrido García, secretario da mesma.

2)Responsabilizarse da organización integral do programa, difundilo amplamente, dispoñer dos espazos, e solicitar, de ser o caso, os permisos correspondentes para a utilización dos mesmos, solicitude de ocupación de vía pública, cargas e descargas, instalación de elementos, etc.

3)Cumprir o programa obxecto da subvención, de acordo co establecido neste convenio e no acordo de concesión, asumindo o aboamento dos gastos relativos á organización da actividade, tanto directos como indirectos (contratacións, produción, dereitos de autor derivados da programación, material de difusión, aluguer e uso de espazos de ser o caso, e demais infraestruturas necesarias para o desenvolvemento efectivo da actividade).

4)Cumprir coas obrigas fiscais, así como das disposicións vixentes en materia laboral, de Seguridade Social e de saúde e hixiene no traballo.

5)Incorporar os anagramas-logotipos do Concello de Vigo na forma que se detalla na cláusula sétima, e comunicar as accións de difusión nas que se deberá facer mención expresa da subvención obxecto deste convenio.

6)Facilitar á CONCELLERÍA a información necesaria para a difusión do programa a través da páxina “vigocultura.org” e demais canles oficiais.

7)Comunicar á CONCELLERÍA as modificacións das circunstancias que fundamentasen a concesión da subvención (art.11.d da Lei 9/2007 de subvencións de Galicia), en particular os cambios ou cancelacións de elementos do proxecto de actividades, obtención doutras subvencións, axudas ou recursos que modifiquen o financiamento, no momento en que teña constancia da súa dispoñibilidade ou efectividade, e en en todo caso, con anterioridade á xustificación da aplicación dada aos fondos percibidos; co obxecto de determinar a oportunidade da autorización da modificación ou substitución por outros programas, ou ben proceder á redución do importe da subvención concedida ou reintegro.

A alteración das condicións tidas en conta para a concesión da subvención poderá dar lugar á modificación da resolución de concesión (art.17.3 da citada Lei).

8)A concesión da subvención á ENTIDADE implica a súa aceptación das obrigas sinaladas na resolución de concesión e nas normativas citadas sobre subvencións; particularmente sobre as obrigas sinaladas nos artigos 11 e 12, xustificacións, reintegros e subcontratación previstos na Lei 9/2007 do 13 de xuño de subvencións de Galicia.

9)Responsabilizarse fronte a calquera dano que se cause a terceiros con ocasión do desenvolvemento do programa, asumindo a contratación dunha póliza de seguro de responsabilidade civil que atenda calquera accidente ou incidencia que se poida producir en relación ao desenvolvemento do evento. A ENTIDADE entregará á Área de Cultura copia da póliza e do recibo do pagamento correspondente antes da sinatura do presente convenio.

QUINTA.- OBRIGAS DA CONCELLERÍA. MECANISMOS DE ASISTENCIA TÉCNICA

1.- Realizar o seguimento do desenvolvemento do programa de actividades contempladas neste convenio.

2.- Xestionar o pagamento do importe da subvención (6.000 €), tras o cumprimento dos requisitos de xustificación e conformidades necesarias.

SEXTA.- MECANISMOS DE SEGUIMENTO DA SUBVENCIÓN E DO CONVENIO. UNIDADE XESTORA

Para o bo desenvolvemento do programa obxecto do convenio establecerase unha comisión mixta, integrada polos representantes citados de cada unha das institucións convenientes, ou persoa na que deleguen, aos que corresponderá o seguimento, interpretación e avaliación das accións derivadas do presente convenio.

O centro xestor da subvención á ENTIDADE é a Área de Cultura do Concello de Vigo, a través do Xefe do servizo de Xestión e Promoción Cultural, a quen se informará sobre o desenvolvemento do programa, e comunicará os posibles cambios na programación e, especialmente, a súa incidencia nos presupostos que deron motivo á concesión da subvención, por se procedera a súa revisión.

O centro xestor ten a encomenda de comprobación da realización das actividades do proxecto subvencionado e de informar sobre a adecuada xustificación da subvención poñendo de manifesto, expresamente, o cumprimento total do obxecto da subvención ou



Concello de Vigo

aquelas circunstancias que imposibiliten a aprobación da xustificación, xunto coa conformidade dos documentos xustificativos presentados.

SÉTIMA.- DIFUSIÓN DO CARÁCTER PÚBLICO DO FINANCIAMENTO E DAS ACTIVIDADES DO PROGRAMA

Calquera que sexa o medio de difusión, a ENTIDADE adoitará as medidas necesarias para publicitar axeitadamente o carácter público do financiamento do programa polo Concello de Vigo, as súas actividades e funcionamento; incorporando os anagrama-logotipo do Concello de Vigo, ademais das lendas indicadas pola Área de Cultura, en particular, no material gráfico editado, na páxina web, nas presentacións públicas, actividades, soportes e demais recursos de difusión e información xeral que se produzan sobre o evento, de acordo coa CONCELLERÍA.

Se no financiamento das actividades ou publicacións interveñen outras entidades distintas do Concello de Vigo, deberá acordarse coa CONCELLERÍA a prelación e características para cada caso.

O deseño gráfico de publicacións e materiais de difusión, deberá ser enviado á Área de Cultura, previamente ás impresións, como mínimo naquelas partes onde figuren as referencias da ENTIDADE, Concello de Vigo e outras entidades que realicen algunha achega ao proxecto subvencionado no seu conxunto polo Concello. O material editado disporá dos depósitos legais correspondentes.

Así mesmo, a ENTIDADE entregará o material de difusión suficiente, tanto para a súa conservación no expediente de subvención, como para a difusión da programación dende a CONCELLERÍA.

A difusión aos medios de comunicación de informacións sobre as actividades programadas (roldas de prensa, difusión de noticias, informacións, traballos, etc) deberá estar previamente comunicada ou acordada coa CONCELLERÍA.

A ENTIDADE comprométese á utilización dunha linguaxe e imaxe non sexista nos materiais de publicidade que se empreguen para a difusión da actividade ou evento. Igualmente comprométese ao emprego de imaxes non estereotipadas e que fagan visible a achega das mulleres nas facetas públicas da sociedade e non só no eido privado ou familiar.

A ENTIDADE facilitará á Área de Cultura, coa antelación suficiente, toda a información sobre o programa nos formatos axeitados, co fin de publicitalo en todos os soportes municipais (web, 010, Vigocultura, etc.).

Lingua de difusión e publicacións:

En consecuencia co establecido na vixente Ordenanza da Normalización Lingüística do Concello de Vigo, a lingua galega é a lingua principal de comunicación; polo tanto, e con carácter xeral, só se considerarán dentro do proxecto e programa subvencionado as publicacións e elementos de difusión e publicidade editados en galego, teñan ou non carácter periódico. A utilización doutras linguas distintas ao galego nas publicacións e difusión quedan sometidas aos acordos particulares coa CONCELLERÍA para que os elementos sexan subvencionables.

OITAVA.- PAGAMENTO DA SUBVENCIÓN

O CONCELLO xestionará o pagamento á ENTIDADE polo importe da subvención outorgada ou resultante, logo da realización das actividades previstas no obxecto deste convenio e entrega do informe final coa rendición da conta xustificativa; previa aprobación da achega pola Xunta de Goberno Local, unha vez asinado o presente convenio por ambas partes, emisión dos informes técnicos, e co conforme do concelleiro-delegado da Área de Cultura.

A xustificación deberá facerse con documentos orixinais pola parte subvencionada e con copias das facturas polo resto do orzamento. Poderase substituír a presentación de copias de facturas polo gasto do proxecto ou actividade non subvencionada pola presentación dun balance que abrangue a totalidade do gasto ou por unha certificación na que se acredite que o programa ou actividade que foi obxecto da subvención foi executado na súa totalidade e o seu custo final foi de XX.XXX euros.

En cumprimento da obriga imposta polo artigo 14.2.a) da Lei 39/2015, do 1 de outubro, de Procedemento Administrativo Común das Administracións Públicas (LPAC), A ENTIDADE está obrigada a relacionarse electrónicamente coas Administracións Públicas. Xa que logo, para proceder á xustificación do cumprimento da finalidade para a que se concede a subvención que regula o presente convenio e, no seu caso, da aplicación dos fondos recibidos, deberá achegar a conta xustificativa a través da sede electrónica do Concello de Vigo, por calquera dos mecanismos de identificación admitidos na mesma, que se poden consultar no enlace <https://sede.vigo.org/expedientes/usuarios/login.jsp?lang=ga>.

A tenor do disposto no art. 81 do Regulamento da Lei Xeral de Subvencións establécese o emprego de medios electrónicos, informáticos e telemáticos para o procedemento de xustificación das subvencións, con indicación dos trámites que deberán ser cumprimentados por vía electrónica, informática ou telemática e os medios electrónicos e sistemas de comunicación utilizables, que deberán axustarse ás especificacións que se establezan por Orde do Ministerio de Economía e Facenda (Orde EHA/2261/2007, do 17 de xullo, pola que se regula o emprego de medios electrónicos, informáticos e telemáticos na xustificación de subvencións). A tal efecto, a entidade beneficiaria achegará a documentación xustificativa por medios electrónicos, informáticos e telemáticos (EIT), resultando esixible a aportación de facturas electrónicas e/ou copias dixitalizadas compulsadas das facturas orixinais en papel.

Documentación a incluír na conta xustificativa:

- Solicitud de pagamento da subvención tralo remate das actividades e, en todo caso, como límite o 13 de novembro de 2019.
- Acreditar atoparse ao corrente das súas obrigas tributarias coa Axencia Tributaria, Consellería de Facenda da Xunta de Galicia, Tesourería Xeral da Seguridade Social e Concello de Vigo.
- Memoria de execución e avaliación da actividade realizada, que xustificará o cumprimento das condicións impostas e a consecución dos obxectivos, que deberá incluír como mínimo:
 1. Programa con información sobre organización, patrocinio, colaboradores, venda de entradas, etc.



Concello de Vigo

2. Datos sobre os participantes nas actividades, número e perfil dos asistentes.
 3. Memoria de prensa.
 4. Relación de material gráfico e de difusión contendo os logotipos do Concello de Vigo.
 5. Reportaxe fotográfica.
- Memoria económica contendo o balance detallado coa totalidade dos gastos e ingresos da actividade, con indicación dos acredores, conceptos facturados, datas de emisión e importe; acreditados con documentos orixinais pola parte subvencionada.
 - Cando as actividades fosen financiadas, ademais de coa subvención, con fondos propios ou outras subvencións ou recursos, deberá acreditarse na xustificación o importe, a procedencia, data de ingreso e a aplicación de tales fondos ás actividades subvencionadas.
 - As facturas ordenadas segundo o concepto de gasto a que se atribúen e nas que figure a ENTIDADE como entidade destinataria, deberán recoller o seu número e data, CIF, denominación e domicilio social do emisor, conceptos, importes, IVE, etc. Estes xustificantes quedarán a disposición do Concello de Vigo. Non se admitirán facturas fotocopiadas ou compulsadas nin aquelas que non reúnan as condicións previstas no RD. 1619/2012, de 30 de novembro, polo que se regula o deber de expedir e entregar facturas que incumbe a empresarios e profesionais.
 - Nestas facturas computarase o gasto acreditado, deducindo o IVE, agás que xustifique que está exenta de IVE.
 - Nas facturas ou nos documentos xustificativos dos gastos non deberá constar de forma expresa que o gasto foi pagado pola entidade beneficiaria con anterioridade á finalización do prazo de xustificación; entendéndose baixo a responsabilidade do beneficiario que o concepto facturado está realizado e conta coa súa conformidade.

Cando a entidade beneficiaria demande a devolución do orixinal presentado para a xustificación da subvención, solicitará a través da unidade xestora da tramitación administrativa do expediente o estampillado (art.73 do regulamento da Lei 38/2003 LXS) da factura orixinal indicando no mesmo o motivo da subvención, así como se o importe do xustificante se imputa total ou parcialmente á subvención recibida, indicándose neste caso o importe exacto que resulte afectado pola subvención. Posteriormente incorporarase ao expediente copia do xustificante orixinal estampillado e a unidade administrativa procederá á devolución do orixinal.

Gastos subvencionables:

Consideraranse gastos subvencionables, os realizados no ano 2019 que respondan directa e indubidablemente á natureza da actividade subvencionada, resulten estritamente necesarios e se realicen dentro do prazo establecido para a execución do proxecto, quedando excluídos os custos indirectos imputables á actividade, os custos de funcionamento ordinario da entidade, os de atencións protocolarias e representativas, e os gastos en inversións e adquisicións de material, equipos e bens de natureza inventariable.

En ningún caso o custo de adquisición dos gastos subvencionables poderá ser superior ao valor de mercado.

Non se contempla a posibilidade de subcontratación dos gastos derivados da execución do programa subvencionado.

Importe total de subvencións ou axudas:

A subvención do Concello á ENTIDADE é compatible con outras subvencións, axudas, ingresos ou recursos para a mesma finalidade procedentes de calquera outra administración ou de entes públicos ou privados, nacionais, da Unión Europea ou de organismos internacionais.

O importe das subvencións ou axudas percibidas pola ENTIDADE para a actividade subvencionada en ningún caso poderá ser de tal contía que, illadamente ou en concorrencia con outras subvencións, axudas, ingresos ou recursos, supere o custo da actividade ou obxecto subvencionados (art.17.3 da Lei 9/2007 de subvencións de Galicia).

NOVENA.- XUSTIFICACIÓN DA SUBVENCIÓN

A axeitada xustificación da subvención, a realización da actividade subvencionada e o cumprimento da finalidade que determinou a súa concesión será comprobada pola Área de Cultura.

Os técnicos da Área de Cultura emitirán informe ao respecto facendo constar, no seu caso, todas aquelas circunstancias que poidan resultar relevantes en orde a considerar incumplida ou defectuosamente cumprida a actividade subvencionada.

DÉCIMA.- INFORMACIÓN E PUBLICIDADE

A beneficiaria deberá facilitar toda a información que lle sexa requirida pola CONCELLERÍA e pola Intervención Xeral Municipal, Tribunal de Contas e Consello de Contas, no exercicio das súas funcións de fiscalización e control do destino das subvencións.

O CONCELLO publicará a concesión da subvención no portal de transparencia do Concello e comunicarallo á Base de Datos Nacional de Subvencións para os efectos de dar cumprimento ao disposto nos artigos 18 da LXS e 8.1.c) da Lei 19/2013 de Transparencia, Acceso á Información Pública e Bo Goberno.

DÉCIMO PRIMEIRA.- REINTEGRO

Procederá ao reintegro das cantidades percibidas e a esixencia de xuros de demora desde o pagamento da subvención até a data na que se acorde a procedencia do reintegro nos casos do artigo 33 LSG.

Cando o incumprimento da actividade subvencionada se traduza nunha diminución significativa da actividade subvencionada, traducible a termos económicos en función do proxecto presentado e o seu presuposto que non implique verdadeiro incumprimento do obxectivo da subvención, procederá ao reintegro da subvención na mesma proporción. En todo caso procederá o reintegro do exceso da subvención sobre o custo da actividade subvencionada.

DÉCIMO SEGUNDA.- INFRACCIÓNS E SANCIÓN

En canto ás infraccións e sancións en que poida incurrir a beneficiaria da subvención a que se refire este convenio e procedemento para a súa apreciación e imposición, estarase ao



Concello de Vigo

disposto no título IV da Lei 9/2007, de 13 de xuño, de subvencións de Galicia, e na Lei 39/2015, do 1 de outubro, do procedemento administrativo común das administracións públicas.

DÉCIMO TERCEIRA.- PROTECCIÓN DE DATOS DE CARÁCTER PERSOAL

A beneficiaria está informada de que os seus datos e os do seu representante serán incorporados aos ficheiros municipais; de que a finalidade da súa recollida é a instrución do procedemento para a concesión da subvención obxecto do presente convenio, a práctica das publicacións, comunicacións e notificacións de obrigado cumprimento, o seguimento e comprobación da actividade subvencionada e demais actuacións previstas na Lei de subvencións de Galicia, en orde á conclusión do proceso de subvención, polo que a súa achega é obrigatoria.

Os ditos datos serán tratados e protexidos de acordo co previsto na Lei 39/2015, do 1 de outubro, do procedemento administrativo común das administracións públicas e na Lei Orgánica 3/2018, do 13 de decembro, de Protección de Datos Persoais e garantía dos dereitos dixitais, sendo responsable do seu tratamento a Concellería de Cultura.

A beneficiaria poderá exercer os dereitos de acceso, rectificación, cancelación e oposición ante a Concellería de Cultura do Concello de Vigo.

DÉCIMO CUARTA.- DEREITOS SOBRE A INFORMACIÓN E TITULARIDADE DOS RESULTADOS

Os resultados froito deste convenio, tales como documentais, catálogos, estudos, e demais material obtido da realización das actividades programadas, serán de titularidade e de uso común da CONCELLERÍA e da ENTIDADE. Os resultados quedarán para futuras edicións e ámbalas dúas partes poderán utilizalo nun futuro indistintamente.

A CONCELLERÍA resérvase o dereito de publicar os resultados, parciais ou finais, obtidos durante a execución do convenio que, en todo caso, terán carácter público.

Calquera transformación dos resultados do programa de colaboración conxunta requirirá o consentimento expreso das partes asinantes do convenio.

DÉCIMO QUINTA.- PARTICIPACIÓN DOS COLABORADORES DA ASOCIACIÓN

O asinamento deste convenio non implica relación laboral, contractual ou de calquera outra índole entre a ENTIDADE e os profesionais ao seu servizo que vaian desenvolver as actividades previstas, e o Concello de Vigo, de tal xeito que a este non se lle poderá esixir responsabilidade ningunha, nin directa, nin subsidiaria, polos actos ou feitos acaecidos no desenvolvemento do convenio.

DÉCIMO SEXTA.- VIXENCIA

O presente convenio estenderá a súa vixencia desde a data da súa sinatura até o 31 de decembro de 2019, e non será prorrogable.

DECIMO SÉTIMA.- MODIFICACIÓN, DENUNCIA E RESOLUCIÓN DE CONTROVERSIAS

Calquera das súas partes asinantes poderá denunciar ou modificar o presente convenio previa notificación escrita cunha antelación mínima de tres meses.

O incumprimento de calquera das obrigas contraídas no presente convenio por unha das partes facultará á outra para resolver o mesmo, quedando automaticamente anulados todos os dereitos correspondentes sobre o obxecto programa de colaboración conxunta, pero non así as obrigas contraídas no mesmo.

Por parte do Concello de Vigo, a Xunta de Goberno Local resolverá as posibles controversias derivadas da execución ou interpretación deste convenio e a CONCELLERÍA queda facultada para adoptar as medidas que contribúan ao seu cumprimento e desenvolvemento.

DÉCIMO OITAVA.- LEXISLACIÓN APLICABLE

A concesión da subvención obxecto do presente convenio rexeráse pola Lei 38/2003 do 17 de novembro, xeral de subvencións e o RD 887/2006, do 21 de xuño, polo que se aprobou o seu regulamento, nos seus preceptos básicos; R.D.L. 2/2004, de 5 de marzo TRLRFL, Lei 7/1985, de 2 de abril RBRL e demais lexislación básica do estado en materia de réxime local; a Lei 9/2007, de 13 de xuño de subvencións de Galicia; os preceptos non básicos da Lei 38/2003 e do RD 887/2006; polos pactos que se conteñen neste convenio; as bases de execución dos vixentes orzamentos municipais e as restantes normas de dereito administrativo, e no seu defecto, as normas de dereito privado.

Será responsabilidade da entidade a correspondente xestión e autorización dos dereitos de autor, ou de calquera outra obriga derivada do Real decreto-lexislativo 1/1996 do 12 de abril, polo que se aproba o Texto refundido da lei de propiedade intelectual.

En proba de conformidade de canto antecede, asinan por triplicado exemplar o presente documento de convenio no lugar e data arriba indicados.

ANEXO

ORZAMENTO DO PROGRAMA DE ACTIVIDADES DA FUNDACIÓN CARLOS CASARES NA CIDADE DE VIGO DURANTE O ANO 2019

1.- GASTOS:

Conferenciantes	1.350 €
Comisariados e labores técnicas	1.100 €
Deseño e impresión de elementos expositivos	2.100 €
Deseño de espazos expositivos	400 €
Aluguer de servizos técnicos	2.250 €
Gastos de representación e administrativos	500 €
Seguros	300 €

TOTAL GASTOS **8.000 €**

2.- INGRESOS:

Concello de Vigo	6.000 €
Consellería de Cultura e Turismo da Xunta de Galicia	2.000 €



Concello de Vigo

TOTAL INGRESOS

8.000 €

11(441).- SUBVENCIÓN, MEDIANTE UN CONVENIO COA ASOCIACIÓN CULTURAL SOCIEDADE FILARMÓNICA DE VIGO, PARA O DESENVOLVEMENTO DO PROGRAMA ANUAL DE CONCERTOS DURANTE O EXERCICIO 2019. EXPTE. 2543/330.

Examinadas as actuacións do expediente, visto o informe xurídico de data 15/04/19, e o informe de fiscalización do 14/05/19, dáse conta do informe-proposta do 5/04/19, asinado polo xefe do Servizo de Xestión e Promoción Cultural, o concelleiro de Cultura e polo concelleiro de Orzamentos e Facenda, que di o seguinte:

Con data da sede electrónica municipal 8 de febreiro pasado, a Asociación Cultural Sociedade Filarmónica de Vigo presenta escrito de solicitude de subvención para o programa anual de concertos a realizar durante o presente exercicio; por este motivo, con data 15 de febreiro, o concelleiro-delegado da Área de Cultura resolveu que por parte desta xefatura se iniciase o expediente de subvención correspondente e realizar un convenio con esta entidade para regulala, por importe de 18.000 € con cargo á aplicación orzamentaria 3340.480.00.20 do orzamento municipal vixente.

ANTECEDENTES.-

A **ASOCIACIÓN CULTURAL SOCIEDADE FILARMÓNICA DE VIGO** é unha entidade sen ánimo de lucro que ten por finalidade, entre outras, a divulgación da música culta dende hai cen anos (fundada en 1915), mediante a organización dun programa de concertos anual, que trata de fomentar o seu coñecemento entra a sociedade e facilitar o acceso do alumnado dos conservatorios e escolas de música.

PROGRAMA:

- * 10 de decembro de 2018, Teatro Afundación: Réquiem de Brahms
- * 12 de decembro de 2018, Teatro Afundación: Real Filharmonia de Galicia
- * 14 de xaneiro de 2019, Teatro Afundación: Luz y Norte
- * 28 de xaneiro de 2019, Teatro Afundación: Judith Jáuregui
- * 4 de febreiro de 2019, Teatro Afundación: Dúo Viena
- * 6 de febreiro de 2019, Teatro Afundación: Real Filharmonia de Galicia
- * 27 de febreiro de 2019, Teatro Afundación: Real Filharmonia de Galicia
- * 11 de marzo de 2019, Teatro Afundación: Orquesta de Cámara A. Segovia
- * 15 de marzo de 2019, Teatro Afundación: Real Filharmonia de Galicia
- * 18 de marzo de 2019, Teatro Afundación: Vox Stellae Ensemble
- * 4 de abril de 2019, Teatro Afundación: Real Filharmonia de Galicia
- * 8 de abril de 2019, Teatro Afundación: Cámara de la OSG
- * 26 de abril de 2019, Teatro Afundación: Real Filharmonia de Galicia
- * 9 de maio de 2019, Teatro Afundación: Real Filharmonia de Galicia
- * 13 de maio de 2019, Teatro Afundación: Rosario Andino
- * 22 de maio de 2019, Teatro Afundación: West Side Story
- * 3 de xuño de 2019, Teatro Afundación: Concerto de Lieder
- * 30 de setembro de 2019, Teatro Afundación: Sor Angélica (Ópera)

- * 17 de outubro de 2019, Teatro Afundación: Orquesta de Cámara de San Petesburgo
- * 31 de outubro de 2019, Teatro Afundación: Real Filharmonía de Galicia
- * 11 de novembro de 2019, Teatro Afundación: Dúo Stoica

A memoria económica que se achega ao presente convenio, incorpora o presuposto xeral de gastos do programa obxecto do convenio polo importe total de 117.555,42 € (cento dezasete mil cincocentos cincuenta e cinco euros con corenta e dous céntimos) financiándose coas seguintes achegas:

- Concello de Vigo: 18.000 € (15,31%)
- Cotas asociados da entidade: 96.326,29 € (81,94 %)
- Aportación entidade: 3.229,13 € (2,75 %)

DOCUMENTACIÓN.-

Por parte da asociación, presentouse a documentación relativa ao expediente de subvención, que está integrada pola seguinte:

- Proxecto e orzamento da actividade
- NIF do presidente
- CIF da entidade
- Certificado de estar ao corrente de pagos coa Axencia Tributaria
- Certificado de estar ao corrente de pagos coa Xunta de Galicia
- Certificado de estar ao corrente de pagos co Concello de Vigo
- Certificado de estar ao corrente de pagos coa Seguridade Social
- Certificación da conta bancaria
- Declaración de non estar incurso en prohibición para obter subvencións.
- Declaración doutras axudas.
- Póliza de seguro de responsabilidade civil. **Neste sentido hai que indicar que a póliza aportada ten vixencia até o 1 de xullo de 2019, polo que a entidade deberá presentar o recibo de pagamento correspondente á renovación da mesma antes do inicio do programa subvencionado.**
- Escrito da Asociación Cultural Sociedade Filarmónica de Vigo de aceptación do texto do convenio de colaboración relativo ao programa anual de concertos a realizar no exercicio 2019.

LEXISLACIÓN APLICABLE.-

A concesión da subvención que outorgue o Concello de Vigo á Asociación Cultural Sociedade Filarmónica de Vigo, para a organización do programa anual de concertos, obxecto do presente convenio, rexeráse pola Lei 38/2003 do 17 de novembro, xeral de subvencións e o RD 887/2006, do 21 de xuño, polo que se aprobou o seu regulamento, nos seus preceptos básicos; R.D. Leg 2/2004, de 5 de marzo TRLRFL, Lei 7/1985, de 2 de abril RBRL e demais lexislación básica do estado en materia de réxime local; a Lei 9/2007, de 13 de xuño de subvencións de Galicia; os preceptos non básicos da Lei 38/2003 e do RD 887/2006; polos pactos que se conteñen neste convenio; as bases de execución dos vixentes orzamentos municipais e as restantes normas de dereito administrativo, e no seu defecto, as normas de dereito privado.



Concello de Vigo

Será responsabilidade da entidade a correspondente xestión e autorización dos dereitos de autor, ou de calquera outra obriga derivada do Real Decreto-lexislativo 1/1996 do 12 de abril, polo que se aproba o Texto Refundido da Lei de Propiedade Intelectual.

A concesión da subvención directa á Asociación Cultural Sociedade Filarmónica de Vigo deberá axustarse ao previsto no art.22.2 apartados a) e c) da Lei 38/2003 xeral de subvencións, tanto por estar prevista nominativamente no presuposto do Concello de Vigo de 2019, como polo interese público, social e cultural que supón a actividade para a cidade de Vigo; acreditado na concordancia do programa singular a executar, os fins estatutarios da entidade, a súa complementariedade ca actividade cultural organizada polo Concello e marcada diferenza ca oferta doutras entidades, polo cal non procede promover a concorrência para o seu outorgamento.

De acordo co previsto no art. 26.1 da Lei 9/2007, do 13 de xuño, de subvencións de Galicia, os convenios serán o instrumento habitual para canalizar as subvencións previstas nominativamente; polo que se inclúe o correspondente proxecto de convenio na proposta de resolución.

ÓRGANO DE RESOLUCIÓN E ÁMBITO DE COMPETENCIAS .-

O órgano de goberno para a concesión desta subvención directa é a Xunta de Goberno Local.

O obxecto do expediente corresponde a materias de competencia propia do Concello segundo os artigos 25.2. m da Lei 7/1985, do 2 de abril, promoción da cultura e equipamentos culturais e o 80.2. n) (actividades culturais) da Lei 5/1997, de administración local de Galicia.

FINANCIAMENTO DA SUBVENCIÓN.-

A subvención do Concello de Vigo á Asociación Cultural Sociedade Filarmónica de Vigo ten como obxecto financiar a organización do programa anual de concertos para o presente exercicio, figurando na aplicación **3340.480.00.20** do orzamento municipal vixente a concesión dunha subvención nominativa por importe de 18.000 €, a favor da devandita entidade.

A subvención do Concello de Vigo á Asociación Cultural Sociedade Filarmónica de Vigo é compatible con outras subvencións, axudas, ingresos ou recursos para a mesma finalidade procedentes de calquera outras administracións ou entes públicos ou privados.

CONDICIÓNS DE CONCESIÓN DA SUBVENCIÓN

A resolución de concesión da subvención deberá establecer as condicións e compromisos aplicables (segundo se establece tanto na Lei Xeral de Subvencións como na Lei de subvencións de Galicia), que se detallan no texto de proposta de convenio.

Coa conformidade do concelleiro-delegado da Área de Cultura e mailo concelleiro-delegado da Área de Orzamentos e Facenda, cos informes xurídico e da Intervención Xeral, faise a seguinte

PROPOSTA Á XUNTA DE GOBERNO LOCAL.-

“PRIMEIRO.- Aprobar a concesión directa dunha subvención por importe de 18.000 € (dezaoito mil euros) á Asociación Cultural Sociedade Filarmónica de Vigo, CIF. G-36652881, para o financiamento do programa anual de concertos, organizado por esta entidade; e autorizar e dispoñer o devandito gasto con cargo á aplicación orzamentaria 3340.480.00.20 “CONVENIO SOCIEDAD FILARMÓNICA”, que figura no orzamento municipal vixente do Concello de Vigo.

SEGUNDO.- Que se aprobe o texto do proxecto de convenio entre o Concello de Vigo e a Asociación Cultural Sociedade Filarmónica de Vigo que regula o desenvolvemento da subvención outorgada para o financiamento do programa anual de concertos”.

Acordo

A Xunta de Goberno local aproba a proposta contida no precedente informe.

PROXECTO DE CONVENIO DE COLABORACIÓN ENTRE O CONCELLO DE VIGO E MAILA SOCIEDADE FILARMÓNICA DE VIGO PARA O DESENVOLVEMENTO DA PROGRAMACIÓN ANUAL DE CONCERTOS PARA O EXERCICIO 2019

En Vigo, _ de _____ de dous mil dezanove

REÚNENSE

A Concellería de Cultura (en adiante CONCELLERÍA), e no seu nome e representación, D. Cayetano Rodríguez Escudero, en virtude do seu cargo de concelleiro-delegado da Área de Cultura, Concello de Vigo (CIF P3605700H), para o que foi nomeado polo decreto de delegación de Alcaldía e acordo da Xunta de Goberno Local, ambos de data 19 de xuño de 2015; con enderezo na Praza do Rei nº 1, CP 36202; no exercicio das facultades e demais funcións que lle foron conferidas por razón do seu cargo,

Doutra, D. AVELINO SAN LUÍS COSTAS, na súa condición de presidente da entidade *ASOCIACIÓN CULTURAL SOCIEDADE FILARMÓNICA DE VIGO*, CIF G-36.652.881, con enderezo social na rúa Camelias, 52, CP 36211, da cidade de Vigo, (en adiante a ASOCIACIÓN), actuando en nome e representación da devandita entidade, segundo as facultades que lle outorgan os seus estatutos.

Ámbalas dúas partes teñen plena capacidade para levar adiante este convenio e,

MANIFESTAN

*I.- Que a **ASOCIACIÓN CULTURAL SOCIEDADE FILARMÓNICA DE VIGO** é unha entidade sen ánimo de lucro que ten por finalidade, entre outras, a divulgación da música culta dende hai cen anos (fundada en 1915), mediante a organización dun programa de concertos anual, que trata de fomentar o seu coñecemento entra a sociedade e facilitar o acceso do alumnado dos conservatorios e escolas de música.*



Concello de Vigo

*II.- Que o Concello de Vigo, coñecedor de ditas actividades e accións e no exercicio da súa competencia propia de promoción da cultura, que lle recoñece o artigo 25 da Lei 7/1985, de 2 de abril, reguladora das bases de réxime local, na vixente redacción, dada pola Lei 27/2013, de 27 de decembro, de racionalización e sostibilidade da Administración Local, desexa promover e colaborar economicamente na execución da programación da **ASOCIACIÓN CULTURAL SOCIEDADE FILARMÓNICA DE VIGO**, concretamente no programa anual de concertos para o exercicio 2019, como medio que é de promover e dinamizar a cultura da cidade.*

*III.- Que con esta finalidade o vixente Orzamento Xeral do Concello de Vigo inclúe na aplicación orzamentaria 3340.480.00.20, como subvención nominativa, a favor do **ASOCIACIÓN CULTURAL SOCIEDADE FILARMÓNICA DE VIGO**, a cantidade de 18.000 euros.*

*IV.- Que a **ASOCIACIÓN CULTURAL SOCIEDADE FILARMÓNICA DE VIGO** non está incurso en prohibición para ser beneficiaria das subvencións obxecto da Lei de subvencións de Galicia, atópase ao corrente das súas obrigas tributarias e coa Seguridade Social, e non ten débedas pendentes co Concello de Vigo, segundo resulta das declaracións responsables e certificacións que figuran no expediente administrativo arriba citado.*

V.- De acordo co disposto nos artigos 28.1 da Lei 38/2003, de 17 de novembro, xeral de subvencións e 26,1 da Lei 9/2007, o convenio será o instrumento habitual para canalizar as subvencións, polo que as partes acordan asinar o presente convenio de colaboración para regular os termos da súa concesión, que ten como obxecto a organización de devandito programa.

De conformidade ás precedentes consideracións e dado o interese común das partes asinantes nas que as dúas teñen intereses coincidentes, e co fin de acadar unha maior eficacia na execución das actuacións, é polo que asinan o presente convenio de colaboración de acordo coas seguintes

CLÁUSULAS

PRIMEIRA.- OBXECTO

A través do presente convenio, establécense as condicións polas que se rexerá a colaboración entre a CONCELLERÍA e maila ENTIDADE para desenvolver o programa anual de concertos durante o exercicio 2019, que se detalla na documentación achegada pola entidade no presente expediente de aprobación do convenio.

SEGUNDA.- PRESUPOSTO E FINANCIAMENTO

A memoria económica que se achega ao presente convenio, presentado pola ENTIDADE, incorpora o presuposto xeral de gastos do programa obxecto do mesmo, polo importe total de 117.555,42 € (cento dezasete mil cincocentos cincoenta e cinco euros con corenta e dous céntimos) financiándose coas seguintes achegas:

- Concello de Vigo: 18.000 € (15,31%)

- Cotas asociados da entidade: 96.326,29 € (81,94 %)
- Aportación entidade: 3.229,13 € (2,75 %)

TERCEIRA.- DATAS E LUGARES DO PROGRAMA

- * 10 de decembro de 2018, Teatro Afundación: Réquiem de Brahms
- * 12 de decembro de 2018, Teatro Afundación: Real Filharmonia de Galicia
- * 14 de xaneiro de 2019, Teatro Afundación: Luz y Norte
- * 28 de xaneiro de 2019, Teatro Afundación: Judith Jáuregui
- * 4 de febreiro de 2019, Teatro Afundación: Dúo Viena
- * 6 de febreiro de 2019, Teatro Afundación: Real Filharmonia de Galicia
- * 27 de febreiro de 2019, Teatro Afundación: Real Filharmonia de Galicia
- * 11 de marzo de 2019, Teatro Afundación: Orquesta de Cámara A. Segovia
- * 15 de marzo de 2019, Teatro Afundación: Real Filharmonia de Galicia
- * 18 de marzo de 2019, Teatro Afundación: Vox Stellae Ensemble
- * 4 de abril de 2019, Teatro Afundación: Real Filharmonia de Galicia
- * 8 de abril de 2019, Teatro Afundación: Cámara de la OSG
- * 26 de abril de 2019, Teatro Afundación: Real Filharmonia de Galicia
- * 9 de maio de 2019, Teatro Afundación: Real Filharmonia de Galicia
- * 13 de maio de 2019, Teatro Afundación: Rosario Andino
- * 22 de maio de 2019, Teatro Afundación: West Side Story
- * 3 de xuño de 2019, Teatro Afundación: Concerto de Lieder
- * 30 de setembro de 2019, Teatro Afundación: Sor Angélica (Ópera)
- * 17 de outubro de 2019, Teatro Afundación: Orquesta de Cámara de San Petesburgo
- * 31 de outubro de 2019, Teatro Afundación: Real Filharmonia de Galicia
- * 11 de novembro de 2019, Teatro Afundación: Dúo Stoica

CUARTA.- OBRIGAS DA ENTIDADE . MECANISMOS DE ASISTENCIA TÉCNICA

- 1)Organizar as actividades a través dun equipo de profesionais dirixidos e/ou supervisados pola ENTIDADE, actuando como interlocutor único ante a CONCELLERÍA D. Avelino San Luís Costas, presidente da mesma.
- 2)Responsabilizarse da organización integral do programa, difundilo amplamente, dispoñer dos espazos, e solicitar, de ser o caso, os permisos correspondentes para a utilización dos mesmos, solicitude de ocupación de vía pública, cargas e descargas, instalación de elementos, etc.
- 3)Cumprir o programa obxecto da subvención, de acordo co establecido neste convenio e no acordo de concesión, asumindo o aboamento dos gastos relativos á organización da actividade, tanto directos como indirectos (contratacións, produción, dereitos de autor derivados da programación, material de difusión, aluguer e uso de espazos de ser o caso, e demais infraestruturas necesarias para o desenvolvemento efectivo da actividade).
- 4)Cumprir coas obrigas fiscais, así como das disposicións vixentes en materia laboral, de Seguridade Social e de saúde e hixiene no traballo.
- 5)Incorporar os anagramas-logotipos do Concello de Vigo na forma que se detalla na cláusula sétima, e comunicar as accións de difusión nas que se deberá facer mención expresa da subvención obxecto deste convenio.
- 6)Facilitar á CONCELLERÍA a información necesaria para a difusión do programa a través da páxina "vigocultura.org" e demais canles oficiais.



Concello de Vigo

7) Comunicar á CONCELLERÍA as modificacións das circunstancias que fundamentasen a concesión da subvención (art.11.d da Lei 9/2007 de subvencións de Galicia), en particular os cambios ou cancelacións de elementos do proxecto de actividades, obtención doutras subvencións, axudas ou recursos que modifiquen o financiamento, no momento en que teña constancia da súa dispoñibilidade ou efectividade, e en todo caso, con anterioridade á xustificación da aplicación dada aos fondos percibidos; co obxecto de determinar a oportunidade da autorización da modificación ou substitución por outros programas, ou ben proceder á redución do importe da subvención concedida ou reintegro.

A alteración das condicións tidas en conta para a concesión da subvención poderá dar lugar á modificación da resolución de concesión (art.17.3 da citada Lei).

8) A concesión da subvención á ENTIDADE implica a súa aceptación das obrigas sinaladas na resolución de concesión e nas normativas citadas sobre subvencións; particularmente sobre as obrigas sinaladas nos artigos 11 e 12, xustificacións, reintegros e subcontratación previstos na Lei 9/2007 do 13 de xuño de subvencións de Galicia.

9) Responsabilizarse fronte a calquera dano que se cause a terceiros con ocasión do desenvolvemento do programa, asumindo a contratación dunha póliza de seguro de responsabilidade civil que atenda calquera accidente ou incidencia que se poida producir en relación ao desenvolvemento do evento. A ENTIDADE entregará á Área de Cultura copia da póliza e do recibo do pagamento correspondente antes da sinatura do presente convenio.

QUINTA.- OBRIGAS DA CONCELLERÍA. MECANISMOS DE ASISTENCIA TÉCNICA

1. Realizar o seguimento do desenvolvemento do programa de actividades contempladas neste convenio.
2. Xestionar o pagamento do importe da subvención (18.000 €), tras o cumprimento dos requisitos de xustificación e conformidades necesarias.

SEXTA.- MECANISMOS DE SEGUIMENTO DA SUBVENCIÓN E DO CONVENIO. UNIDADE XESTORA

Para o bo desenvolvemento do programa obxecto do convenio establecerase unha comisión mixta, integrada polos representantes citados de cada unha das institucións convenientes, ou persoa na que deleguen, aos que corresponderá o seguimento, interpretación e avaliación das accións derivadas do presente convenio.

O centro xestor da subvención á ENTIDADE é a Área de Cultura do Concello de Vigo, a través do Xefe do servizo de Xestión e Promoción Cultural, a quen se informará sobre o desenvolvemento do programa, e comunicará os posibles cambios na programación e, especialmente, a súa incidencia nos presupostos que deron motivo á concesión da subvención, por se procedera a súa revisión.

O centro xestor ten a encomenda de comprobación da realización das actividades do proxecto subvencionado e de informar sobre a adecuada xustificación da subvención poñendo de manifesto, expresamente, o cumprimento total do obxecto da subvención ou aquelas circunstancias que imposibiliten a aprobación da xustificación, xunto coa conformidade dos documentos xustificativos presentados.

SÉTIMA.- DIFUSIÓN DO CARÁCTER PÚBLICO DO FINANCIAMENTO E DAS ACTIVIDADES DO PROGRAMA

Calquera que sexa o medio de difusión, a ENTIDADE adoitará as medidas necesarias para publicitar axeitadamente o carácter público do financiamento do programa polo Concello de Vigo, as súas actividades e funcionamento; incorporando os anagrama-logotipo do Concello de Vigo, ademais das lendas indicadas pola Área de Cultura, en particular, no material gráfico editado, na páxina web, nas presentacións públicas, actividades, soportes e demais recursos de difusión e información xeral que se produzan sobre o evento, de acordo coa CONCELLERÍA.

Se no financiamento das actividades ou publicacións interveñen outras entidades distintas do Concello de Vigo, deberá acordarse coa CONCELLERÍA a prelación e características para cada caso.

O deseño gráfico de publicacións e materiais de difusión, deberá ser enviado á Área de Cultura, previamente ás impresións, como mínimo naquelas partes onde figuren as referencias da ENTIDADE, Concello de Vigo e outras entidades que realicen algunha achega ao proxecto subvencionado no seu conxunto polo Concello. O material editado disporá dos depósitos legais correspondentes.

Así mesmo, a ENTIDADE entregará o material de difusión suficiente, tanto para a súa conservación no expediente de subvención, como para a difusión da programación dende a CONCELLERÍA.

A difusión aos medios de comunicación de informacións sobre as actividades programadas (roldas de prensa, difusión de noticias, informacións, traballos, etc) deberá estar previamente comunicada ou acordada coa CONCELLERÍA.

A ENTIDADE comprométese á utilización dunha linguaxe e imaxe non sexista nos materiais de publicidade que se empreguen para a difusión da actividade ou evento. Igualmente comprométese ao emprego de imaxes non estereotipadas e que fagan visible a achega das mulleres nas facetas públicas da sociedade e non só no eido privado ou familiar.

A ENTIDADE facilitará á Área de Cultura, coa antelación suficiente, toda a información sobre o programa nos formatos axeitados, co fin de publicitalo en todos os soportes municipais (web, 010, Vigocultura, etc.).

Lingua de difusión e publicacións:

En consecuencia co establecido na vixente Ordenanza da Normalización Lingüística do Concello de Vigo, a lingua galega é a lingua principal de comunicación; polo tanto, e con carácter xeral, só se considerarán dentro do proxecto e programa subvencionado as publicacións e elementos de difusión e publicidade editados en galego, teñan ou non carácter periódico. A utilización doutras linguas distintas ao galego nas publicacións e difusión quedan sometidas aos acordos particulares coa CONCELLERÍA para que os elementos sexan subvencionables.

OITAVA.- PAGAMENTO DA SUBVENCIÓN



Concello de Vigo

O CONCELLO xestionará o pagamento á ENTIDADE polo importe da subvención outorgada ou resultante, logo da realización das actividades previstas no obxecto deste convenio e entrega do informe final coa rendición da conta xustificativa; previa aprobación da achega pola Xunta de Goberno Local, unha vez asinado o presente convenio por ambas partes, emisión dos informes técnicos, e co conforme do concelleiro-delegado da Área de Cultura.

A xustificación deberá facerse con documentos orixinais pola parte subvencionada e con copias das facturas polo resto do orzamento. Poderase substituír a presentación de copias de facturas polo gasto do proxecto ou actividade non subvencionada pola presentación dun balance que abrangue a totalidade do gasto ou por unha certificación na que se acredite que o programa ou actividade que foi obxecto da subvención foi executado na súa totalidade e o seu custo final foi de XX.XXX euros.

En cumprimento da obriga imposta polo artigo 14.2.a) da Lei 39/2015, do 1 de outubro, de Procedemento Administrativo Común das Administracións Públicas (LPAC), A ENTIDADE está obrigada a relacionarse electrónicamente coas Administracións Públicas. Xa que logo, para proceder á xustificación do cumprimento da finalidade para a que se concede a subvención que regula o presente convenio e, no seu caso, da aplicación dos fondos recibidos, deberá achegar a conta xustificativa a través da sede electrónica do Concello de Vigo, por calquera dos mecanismos de identificación admitidos na mesma, que se poden consultar no enlace <https://sede.vigo.org/expedientes/usuarios/login.jsp?lang=ga>.

A tenor do disposto no art. 81 do Regulamento da Lei Xeral de Subvencións establécese o emprego de medios electrónicos, informáticos e telemáticos para o procedemento de xustificación das subvencións, con indicación dos trámites que deberán ser cumprimentados por vía electrónica, informática ou telemática e os medios electrónicos e sistemas de comunicación utilizables, que deberán axustarse ás especificacións que se establezan por Orde do Ministerio de Economía e Facenda (Orde EHA/2261/2007, do 17 de xullo, pola que se regula o emprego de medios electrónicos, informáticos e telemáticos na xustificación de subvencións). A tal efecto, a entidade beneficiaria achegará a documentación xustificativa por medios electrónicos, informáticos e telemáticos (EIT), resultando esixible a aportación de facturas electrónicas e/ou copias dixitalizadas compulsadas das facturas orixinais en papel.

No caso de que se achegue a documentación presencialmente, requirirase a súa subsanación mediante a súa presentación electrónica. A estes efectos, considerarase como data de presentación da documentación aquela na que tivese realizado a subsanación.

Documentación a incluír na conta xustificativa:

- Solicitud de pagamento da subvención tralo remate das actividades e, en todo caso, como límite o 13 de novembro de 2019.
- Acreditar atoparse ao corrente das súas obrigas tributarias coa Axencia Tributaria, Consellería de Facenda da Xunta de Galicia, Tesourería Xeral da Seguridade Social e Concello de Vigo.
- Memoria de execución e avaliación da actividade realizada, que xustificará o cumprimento das condicións impostas e a consecución dos obxectivos, que deberá incluír como mínimo:

1. Programa con información sobre organización, patrocinio, colaboradores, venda de entradas, etc.
 2. Datos sobre os participantes nas actividades, número e perfil dos asistentes.
 3. Memoria de prensa.
 4. Relación de material gráfico e de difusión contendo os logotipos do Concello de Vigo.
 5. Reportaxe fotográfica.
- Memoria económica contendo o balance detallado coa totalidade dos gastos e ingresos da actividade, con indicación dos acredores, conceptos facturados, datas de emisión e importe; acreditados con documentos orixinais pola parte subvencionada.
 - Cando as actividades fosen financiadas, ademais de coa subvención, con fondos propios ou outras subvencións ou recursos, deberá acreditarse na xustificación o importe, a procedencia, data de ingreso e a aplicación de tales fondos ás actividades subvencionadas.
 - As facturas ordenadas segundo o concepto de gasto a que se atribúen e nas que figure a ENTIDADE como entidade destinataria, deberán recoller o seu número e data, CIF, denominación e domicilio social do emisor, conceptos, importes, IVE, etc. Estes xustificantes quedarán a disposición do Concello de Vigo. Non se admitirán facturas fotocopiadas ou compulsadas nin aquelas que non reúnan as condicións previstas no RD. 1619/2012, de 30 de novembro, polo que se regula o deber de expedir e entregar facturas que incumbe a empresarios e profesionais.
 - Nestas facturas computarase o gasto acreditado, deducindo o IVE, agás que xustifique que está exenta de IVE.
 - Nas facturas ou nos documentos xustificativos dos gastos non deberá constar de forma expresa que o gasto foi pagado pola entidade beneficiaria con anterioridade á finalización do prazo de xustificación; entendéndose baixo a responsabilidade do beneficiario que o concepto facturado está realizado e conta coa súa conformidade.

Cando a entidade beneficiaria demande a devolución do orixinal presentado para a xustificación da subvención, solicitará a través da unidade xestora da tramitación administrativa do expediente o estampillado (art.73 do regulamento da Lei 38/2003 LXS) da factura orixinal indicando no mesmo o motivo da subvención, así como se o importe do xustificante se imputa total ou parcialmente á subvención recibida, indicándose neste caso o importe exacto que resulte afectado pola subvención. Posteriormente incorporarase ao expediente copia do xustificante orixinal estampillado e a unidade administrativa procederá á devolución do orixinal.

Gastos subvencionables:

Consideraranse gastos subvencionables, os realizados no ano 2019 que respondan directa e indubidablemente á natureza da actividade subvencionada, resulten estritamente necesarios e se realicen dentro do prazo establecido para a execución do proxecto, quedando excluídos os custos indirectos imputables á actividade, os custos de funcionamento ordinario da entidade, os de atencións protocolarias e representativas, e os gastos en inversións e adquisicións de material, equipos e bens de natureza inventariable.

En ningún caso o custo de adquisición dos gastos subvencionables poderá ser superior ao valor de mercado.



Concello de Vigo

Non se contempla a posibilidade de subcontratación dos gastos derivados da execución do programa subvencionado.

Importe total de subvencións ou axudas:

A subvención do Concello á ENTIDADE é compatible con outras subvencións, axudas, ingresos ou recursos para a mesma finalidade procedentes de calquera outra administración ou de entes públicos ou privados, nacionais, da Unión Europea ou de organismos internacionais.

O importe das subvencións ou axudas percibidas pola ENTIDADE para a actividade subvencionada en ningún caso poderá ser de tal contía que, illadamente ou en concorrencia con outras subvencións, axudas, ingresos ou recursos, supere o custo da actividade ou obxecto subvencionados (art.17.3 da Lei 9/2007 de subvencións de Galicia).

NOVENA.- XUSTIFICACIÓN DA SUBVENCIÓN

A axeitada xustificación da subvención, a realización da actividade subvencionada e o cumprimento da finalidade que determinou a súa concesión será comprobada pola Área de Cultura.

Os técnicos da Área de Cultura emitirán informe ao respecto facendo constar, no seu caso, todas aquelas circunstancias que poidan resultar relevantes en orde a considerar incumprida ou defectuosamente cumprida a actividade subvencionada.

DÉCIMA.- INFORMACIÓN E PUBLICIDADE

A beneficiaria deberá facilitar toda a información que lle sexa requirida pola CONCELLERÍA e pola Intervención Xeral Municipal, Tribunal de Contas e Consello de Contas, no exercicio das súas funcións de fiscalización e control do destino das subvencións.

O CONCELLO publicará a concesión da subvención no portal de transparencia do Concello e comunicarllo á Base de Datos Nacional de Subvencións para os efectos de dar cumprimento ao disposto nos artigos 18 da LXS e 8.1.c) da Lei 19/2013 de Transparencia, Acceso á Información Pública e Bo Goberno.

DÉCIMO PRIMEIRA.- REINTEGRO

Procederá ao reintegro das cantidades percibidas e a esixencia de xuros de demora desde o pagamento da subvención até a data na que se acorde a procedencia do reintegro nos casos do artigo 33 LSG.

Cando o incumprimento da actividade subvencionada se traduza nunha diminución significativa da actividade subvencionada, traducible a termos económicos en función do proxecto presentado e o seu presuposto que non implique verdadeiro incumprimento do obxectivo da subvención, procederá ao reintegro da subvención na mesma proporción. En todo caso procederá o reintegro do exceso da subvención sobre o custo da actividade subvencionada.

DÉCIMO SEGUNDA.- INFRACCIÓNS E SANCIÓNS

En canto ás infraccións e sancións en que poida incurrir a beneficiaria da subvención a que se refire este convenio e procedemento para a súa apreciación e imposición, estarase ao disposto no título IV da Lei 9/2007, de 13 de xuño, de subvencións de Galicia, e na Lei 39/2015, do 1 de outubro, do procedemento administrativo común das administracións públicas.

DÉCIMO TERCEIRA.- PROTECCIÓN DE DATOS DE CARÁCTER PERSOAL

A beneficiaria está informada de que os seus datos e os do seu representante serán incorporados aos ficheiros municipais; de que a finalidade da súa recollida é a instrución do procedemento para a concesión da subvención obxecto do presente convenio, a práctica das publicacións, comunicacións e notificacións de obrigado cumprimento, o seguimento e comprobación da actividade subvencionada e demais actuacións previstas na Lei de subvencións de Galicia, en orde á conclusión do proceso de subvención, polo que a súa achega é obrigatoria.

Os ditos datos serán tratados e protexidos de acordo co previsto na Lei 39/2015, do 1 de outubro, do procedemento administrativo común das administracións públicas e na Lei Orgánica 3/2018, do 13 de decembro, de Protección de Datos Persoais e garantía dos dereitos dixitais, sendo responsable do seu tratamento a Concellería de Cultura.

A beneficiaria poderá exercer os dereitos de acceso, rectificación, cancelación e oposición ante a Concellería de Cultura do Concello de Vigo.

DÉCIMO CUARTA.- DEREITOS SOBRE A INFORMACIÓN E TITULARIDADE DOS RESULTADOS

Os resultados froito deste convenio, tales como documentais, catálogos, estudos, e demais material obtido da realización das actividades programadas, serán de titularidade e de uso común da CONCELLERÍA e da ENTIDADE. Os resultados quedarán para futuras edicións e ámbalas dúas partes poderán utilizalo nun futuro indistintamente.

A CONCELLERÍA resérvase o dereito de publicar os resultados, parciais ou finais, obtidos durante a execución do convenio que, en todo caso, terán carácter público.

Calquera transformación dos resultados do programa de colaboración conxunta requirirá o consentimento expreso das partes asinantes do convenio.

DÉCIMO QUINTA.- PARTICIPACIÓN DOS COLABORADORES DA ASOCIACIÓN

O asinamento deste convenio non implica relación laboral, contractual ou de calquera outra índole entre a ENTIDADE e os profesionais ao seu servizo que vaian desenvolver as actividades previstas, e o Concello de Vigo, de tal xeito que a este non se lle poderá esixir responsabilidade ningunha, nin directa, nin subsidiaria, polos actos ou feitos acaecidos no desenvolvemento do convenio.

DÉCIMO SEXTA.- VIXENCIA

O presente convenio estenderá a súa vixencia desde a data da súa sinatura até o 31 de decembro de 2019, e non será prorrogable.

DECIMO SÉTIMA.- MODIFICACIÓN, DENUNCIA E RESOLUCIÓN DE CONTROVERSIAS



Concello de Vigo

Calquera das súas partes asinantes poderá denunciar ou modificar o presente convenio previa notificación escrita cunha antelación mínima de tres meses.

O incumprimento de calquera das obrigas contraídas no presente convenio por unha das partes facultará á outra para resolver o mesmo, quedando automaticamente anulados todos os dereitos correspondentes sobre o obxecto programa de colaboración conxunta, pero non así as obrigas contraídas no mesmo.

Por parte do Concello de Vigo, a Xunta de Goberno Local resolverá as posibles controversias derivadas da execución ou interpretación deste convenio e a CONCELLERÍA queda facultada para adoptar as medidas que contribúan ao seu cumprimento e desenvolvemento.

DÉCIMO OITAVA.- LEXISLACIÓN APLICABLE

A concesión da subvención obxecto do presente convenio rexeráse pola Lei 38/2003 do 17 de novembro, xeral de subvencións e o RD 887/2006, do 21 de xuño, polo que se aprobou o seu regulamento, nos seus preceptos básicos; R.D.L. 2/2004, de 5 de marzo TRLRFL, Lei 7/1985, de 2 de abril RBRL e demais lexislación básica do estado en materia de réxime local; a Lei 9/2007, de 13 de xuño de subvencións de Galicia; os preceptos non básicos da Lei 38/2003 e do RD 887/2006; polos pactos que se conteñen neste convenio; as bases de execución dos vixentes orzamentos municipais e as restantes normas de dereito administrativo, e no seu defecto, as normas de dereito privado.

Será responsabilidade da entidade a correspondente xestión e autorización dos dereitos de autor, ou de calquera outra obriga derivada do Real decreto-lexislativo 1/1996 do 12 de abril, polo que se aproba o Texto refundido da lei de propiedade intelectual.

En proba de conformidade de canto antecede, asinan por triplicado exemplar o presente documento de convenio no lugar e data arriba indicados.

ANEXO

ORZAMENTO DO PROGRAMA ANUAL DE CONCERTOS DA SOCIEDADE FILARMÓNICA DE VIGO EN 2019

1.- GASTOS:

Actividades e concertos	98.208,55 €
Dereitos de autor-Sgae	1.322,60 €
Gastos secretaría	5.200 €
Gastos mantemento	5.197,05 €
Imprenta	3.746,75 €
Seguros e imposto	2.850,47 €
Afinacións e reparación piano	1.030 €
TOTAL GASTOS	117.555,42 €

2.- INGRESOS:

Subvención Concello de Vigo	18.000 €
Cotas de socios	96.326,29 €
Aportación entidade	3.229,13 €
TOTAL INGRESOS	117.555,42 €

12(442).- DAR CONTA DA RELACIÓN DE CONTRATOS MENORES TRAMITADOS POLO SERVIZO DE MUSEOS MUNICIPAIS NO MES DE ABRIL DE 2019. EXPTE. 2442/341.

Dáse conta do informe-proposta de data 14/05/19, asinado polo xefe do Servizo de Museos Municipais, o xefe do Servizo de Xestión e Promoción Cultural e o concelleiro-delegado de Cultura, que di o seguinte:

En cumprimento coa base 31 das de execución do orzamento para o ano 2019, o concelleiro-delegado da Área de Cultura, D. Cayetano Rodríguez Escudero, dá conta á Xunta de Goberno Local, dos expedientes de gasto menor tramitados polo Servizo de Museos Municipais (341) e o Museo Quiñones de León (337) no mes de **ABRIL**, e que son os que deseguido se relacionan:

CENTRO OU SERVIZO	CONCEPTO	DATA	IMPORTE
SERVIZO MUSEOS (341)	Expte. 2391/341. Reparación técnicas de avarías diversas en centros da rede de museos municipais. CONSTRUCCIONES SITO Y FERNÁNDEZ, S.L. RCM 24193.	01/04/19	4.944,20 €
SERVIZO MUSEOS (341)	Expte. 2378/341. Reparación avarías climatización en centros da rede de museos municipais. VEOLIA SERVICIOS NORTE, S.A.U. RCM 24615.	05/04/19	2.511,96 €
SERVIZO MUSEOS (341)	xpte. 2404/341. Subministración de material gráfico para a exposición "Construíndo cos materiais. Elena Colmeiro (1958-2016)". PUBLIGAL, S.L. RCM 27579.	17/04/19	4.009,94 €
SERVIZO MUSEOS (341)	Expte. 2409/341. Servizo de montaxe da exposición "Construíndo cos materiais. Elena Colmeiro (1958-2016)". SONIA M ^a OTERO GONZÁLEZ. RCM 29326.	25/04/19	4.918,65 €
MUSEO QUIÑONES (337)	Expte. 6616/337. Contrato de limpeza anual de canalóns do Pazo de Castrelos-Museo Municipal "Quiñones de León". JOSÉ MANUEL MUIÑOS RODRÍGUEZ. RCM 25664.	10/04/19	1.548,80 €



Concello de Vigo

MUSEO QUI-ÑONES (337)	Expte. 6612/337. Reparación-restauración do papel pintado do salón dourado do Pazo de Castrelos. BIC MATERIALES Y CONSERVACIÓN, S.L. RCM 24691.	08/04/19	1.914,52 €
MUSEO QUI-ÑONES (337)	Expte. 6614/341. Restauración das obras "Terraza ao mar" de Arturo Souto (n.º inv 198) e "Paisaxe con árbores" de Antón Abreu (n.º inv 1633). TOMOS, CONSERVACIÓN E RESTAURACIÓN, S.L. RCM 25661.	10/04/19	6.050,00 €
MUSEO QUI-ÑONES (337)	Expte. 6621/341. Embalaxe e transporte especializado da escultura "Natureza" de Camilo Nogueira (nº inv 1097) e obra "Sen título" depósito de Alcaldía. ARTECOM SERVICIOS INTEGRADOS DE ARTE, S.L. RCM 25692.	09/04/19	1.488,30 €
MUSEO QUI-ÑONES (337)	Expte. 6613/337. Servizo de documentación da exposición "Custodiando o pasado. As coleccións arqueolóxicas do Museo "Quiñones de León". ANDREA SERODIO DOMÍNGUEZ. RCM 24619.	05/04/19	1.799,27 €

Acordo

A Xunta de Goberno local queda informada.

13(443).- PROPOSTA DE EXECUCIÓN DEFINITIVA DE SENTENZA DERIVADA DO P.A. NÚM. 178/2017 XCA NÚM. 1 DE VIGO. EXPTE.184/417

Dáse conta do informe-proposta de data 14/05/19, asinado polo xefe dos Servizos Centrais da Xerencia Municipal de Urbanismo e polo interventor xeral municipal, que di o seguinte:

1.- Antecedentes.

O 30.12.2016 a Xunta de Goberno Local acordou:

"Conceder un complemento de produtividade a favor de D^a Elena Rodríguez Pequeño e D^a Sonia María Pastor Diéguez, funcionarias da Xerencia Municipal de Urbanismo do Concello de Vigo, por importe de 866,20 euros, cada unha, pola especial dedicación derivada da ausencia da titular do posto de xefa da oficina administrativa de Planeamento e Xestión."

Dito importe foi abonado ás citadas funcionarias o 30.01.2016.

Como consecuencia da interposición de recurso contencioso-administrativo polas mesmas funcionarias, o Xulgado Contencioso-administrativo nº 1 de Vigo (Procedemento Abreviado nº 178/2017), dita sentenza o trinta e un de xaneiro de dous mil dezoito (sentenza nº 32/18) estimando parcialmente dito recurso e declarando o dereito das demandantes a percibir:

1) *“El complemento de produtividade durante el período de marzo de 2015 a outubro de 2016 calculado conforme á diferencia entre os complementos de destino e específico existente entre o posto de xefe do oficina e de administrativo, e dividido entre dous, descontándose os períodos de vacacións, permisos e similares das demandantes”.*

2) *“Un complemento por produtividade polas labores administrativas desenvoltas no Departamento de Cartografía e no de Urbanización e Infraestruturas, de acordo co establecido na Instrución 3ª das Instrucións de Plantilla do persoal ó servizo da Corporación e os seus Organismos Autónomos aprobadas en 2010.”*

En execución de dita sentenza a Xunta de Goberno Local, con data 19.04.2018, adoptou o seguinte acordo (expediente 10475/407):

“Aprobar un complemento de produtividade de 1.063,85 euros a favor de Dª María Elena Rodríguez Pequeño e de 681,63 euros a favor de Sonia Pastor Diéguez, ambas administrativas desta Xerencia Municipal de Urbanismo, en execución da sentenza do Xulgado Contencioso-Administrativo nº 1 Vigo, nº 32/2018, do 31.01.2018 (P.A. 178/2017)”.

Na nómina do mes de abril de 2018 foron abonados ditos complementos de produtividade (data 27.04.2018). Desta forma os complementos acumulados xa pagados ascenden a 1.929,94 euros no caso de Elena Rodríguez Pequeño e a 1.547,22 euros no caso de Sonia Pastor Diéguez.

Os importes varían en función do nivel de presenza das funcionarias: porcentaxe de días traballados en relación cos días laborais (79,21 % no caso de Elena Rodríguez Pequeño e 63,16% no caso de Sonia Pastor Diéguez).

A súa vez a descomposición dos citados importes é a seguinte:

- 1.929,94 euros (Elena Rodríguez Pequeño): 1.820,76 euros (pola diferencia de función) e 109,18 euros (polos traballos desenvoltos para os servizos de Cartografía e Urbanización-Infraestruturas).
- 1.547,22 euros (Sonia Pastor Diéguez): 1.459,69 euros (pola diferencia de función) e 87,53 euros (polos traballos desenvoltos para os servizos de Cartografía e Urbanización-Infraestruturas).

Ante o desacordo desta execución polas demandantes, estas presentan escrito no Xulgado que solicitan o aboamento a maiores dos seguintes importes:

- Elena Rodríguez Pequeño: 29.548,28 euros.
- Sonia Pastor Diéguez: 29.930,42 euros.

Dita reclamación ampárase nos seguintes argumentos (en síntese):

- Non cabe descontar polas ausencias derivadas de permisos retribuídos (en aplicación das Instrucións de Plantilla e do Convenio colectivo).
- Os traballos para Cartografía e Urbanización-Infraestruturas deben retribuírse, en aplicación das Instrucións de Plantilla, con 2 complementos de destino (un por cada servizo) e desde 5 anos antes da súa solicitude o 02.11.2016.



Concello de Vigo

Emítase exhaustivo informe (trámite 5 do expediente arriba referido) en relación coa incongruencia desta pretensión (en especial o segundo argumento relatado) para que a Asesoría Xurídica deste Concello defenda en sede xudicial os intereses desta Xerencia de Urbanismo, pois -en resumen- non cabe retribuír 2 postos que non existen.

Con data 3 abril de 2019 (recibido no Concello o 10.04.2019) o Xulgado Contencioso-administrativo nº 1 de Vigo dirixe oficio no que literalmente expresa:

“... se acuerda librar el presente a fin de que por esa Administración en el plazo de diez días se introduzca las correcciones necesarias para la obtención de la ejecución completa de la sentencia de fecha 31.01.2018 dictada en el Procedimiento Abreviado n.º 178/2017 y que se está ejecutando en el presente proceso de ejecución n.º 6/2019, y cuyas bases se indican a continuación:

1).- El descuento relativo al complemento de productividad del período marzo de 2015 a octubre de 2016 viene referido a “vacaciones, permisos y similares”, en el bien entendido de permisos que efectivamente proceda descontar atendiendo a las normas vigentes en esta Administración municipal, que se concretan en la Instrucción 3ª en relación con el art. 16 del Acuerdo Regulador publicado en el DOG de 22.04.99, de modo que los permisos retribuidos NO deben ser descontados.

2).- Con relación al complemento de productividad a que se refiere el punto 2º de la parte dispositiva de la sentencia ha de calcularse de acuerdo con esa Instrucción 3ª, no en función de porcentajes, porque así se ha determinado expresamente: será el importe equivalente al del complemento de destino del puesto acumulado y teniendo en cuenta que se trata de 2 departamentos: de Cartografía y de Urbanización e Infraestructuras. Es cosa juzgada.

No es admisible la retroactividad aludida por la parte actora, porque no se solicitó así en la demanda, ni se estableció condena semejante en la sentencia. Por ello, el lapso temporal está correctamente establecido por la ejecutada.

3).- Procede la liquidación y abono de intereses.”

2.- Liquidación a resultas do fallo xudicial.

1) Diferencia de función sen descontar os permisos non retribuídos:

Descontando solo as vacacións o importe a abonar a cada unha debería ser 2.048,68 euros (ambas disfrutaron de 2 meses de vacacións no período 25 de marzo de 2015 ó 3 de outubro de 2016). Por tanto, o importe que restaría por pagar sería de 227,92 euros a favor de Elena Rodríguez Pequeño e de 501,46 euros a favor de Sonia Pastor Diéguez.

2) Acumulación de postos (inexistentes) de Cartografía e de Urbanización-Infraestructuras.

Tomando o complemento de destino de un posto base de administrativa como o que ocupan (pois os postos “acumulados” non existen), realízase a seguinte liquidación:

- Importe mensual do complemento de destino de nivel 19 en 2015: 417,25 euros.

- Importe mensual do complemento de destino do nivel 19 en 2016: 421,43 euros.

Importe correspondente a 2015 (restando 1 vac.): 8,2 meses = 3.421,45 euros.

Importe correspondente a 2016 (restando 1 vac.): 8,1 meses = 3.413,58 euros.

Importe total para as 2 funcionarias polos anos 2015 e 2016:6.835,03 euros.

Como se trata, supostamente, de dous postos acumulados, dito complemento de destino -polos 16,3 meses- duplícase, acadando o importe de 13.670,06 euros, 6.835,03 euros para cada funcionaria.

Tendo en conta o xa pagado correspóndelle a cada unha:

- Elena Rodríguez Pequeño: 6.835,03 euros - 109,18 euros = 6.725,85 euros.

- Sonia Pastor Diéguez: 6.835,03 euros – 87,53 euros = 6.747,50 euros.

3) Totais por funcionaria .

Sumando os importes dos dous apartados, o importe a percibir sería:

- Elena Rodríguez Pequeño: 227,92 + 6.725,85 = 6.953,77 euros.

- Sonia Pastor Diéguez: 501,46 + 6.747,50 = 7.248,96 euros.

De conformidade co imposto polo Xulgado, debe engadírselle os intereses legais. Calcúlanse desde a data de notificación da sentenza (01.02.2018) ata a data estimada de pago (30.05.2019). Sendo de 276,06 euros a favor de Elena Rodríguez Pequeño (total co principal: 7.229,83 euros) e de 287,77 euros (a favor de Sonia Pastor Diéguez (total co principal: 7.536,73 euros).

3.- Fundamentación xurídica.

A única fundamentación xurídica nesta proposta ven determinada polo obrigado cumprimento da sentenza do Xulgado no procedemento abreviado citado nos antecedentes.

O artigo 106.1 da Constitución española expresa que os tribunais controlan a legalidade da actuación administrativa e artigo 118 da mesma norma que *“é obrigado cumprir as sentenzas e demais resolucións firmes dos xuíces e tribunais, así como prestar a colaboración requirida por estes no curso do proceso e na execución do resolto”*.

O artigo 103.2 da Lei 29/1998, de 13 de xullo, Reguladora da Xurisdición Contencioso-administrativa, determina que *“as partes están obrigadas a cumprir as sentenzas na forma e términos, que en estas se consignen”*.

4.- Existencia de crédito adecuado e suficiente.

Na partida 1510.1500000 “Produtividade”, do vixente Orzamento desta Xerencia Municipal de Urbanismo, existe crédito adecuado e suficiente para asumir o presente gasto por importe total de 14.766,56 euros. Efectúase retención de crédito número 201900001288.

5.- Competencia.

Conforme cos artigos TERCEIRO, apartado 8, e DECIMO, apartado 1.f), dos vixentes Estatutos da Xerencia de Urbanismo (BOP de 6.10.2010), en relación co artigo 127.1.h) da



Concello de Vigo

Lei 7/1985, de 2 de abril, reguladora das Bases de Réxime Local, o Consello da Xerencia proporá a adopción dos acordos en materia de retribucións do persoal deste Organismo Autónomo.

6.- Proposta.

De conformidade co antedito o Consello de Xerencia proporá á Xunta de Goberno Local a adopción do seguinte acordo:

“Aprobar un complemento de produtividade de 7.299,83 euros a favor de D^a María Elena Rodríguez Pequeño e de 7.536,73 euros a favor de Sonia Pastor Diéguez, ambas administrativas desta Xerencia Municipal de Urbanismo, en execución da sentenza do Xulgado Contencioso-Administrativo nº 1 Vigo, nº 32/2018, do 31.01.2018 (P.A. 178/2017) e a vista do oficio deste Xulgado de 3 de abril de 2019”.

O Consello de Xerencia da Xerencia Municipal de Urbanismo, en sesión de data 16/05/19, acordou elevar o expediente á Xunta de Goberno local para a súa resolución.

Acordo

A Xunta de Goberno local aproba a proposta contida no precedente informe.

14(444).- PRÓRROGA DO CONTRATO DO SERVIZO DE ACONDICIONAMENTO, MANTEMENTO, CONSERVACIÓN E ARRANXO DE INFRAESTRUTURAS VIARIAS DO CONCELLO DE VIGO. EXPTE. 71048/250.

Visto o informe xurídico do 14/05/19 e o informe de fiscalización da mesma data, dáse conta do informe-proposta do 13/05/19, asinado polo xefe do Servizo Administrativo e de Control Orzamentario, o director técnico do Contrato-xefe do Servizo de Vías e Obras, o xefe dos Servizos Xurídicos de Servizos Xerais e polo concelleiro delegado de Área, que di o seguinte:

ANTECEDENTES

I.- A Xunta de Goberno Local, en sesión de 07.11.2014 acordou entre outros adxudicar a CIVIS GLOBAL S.L. a contratación do Servizo de acondicionamento, mantemento e arranxo das infraestruturas viarias do Concello de Vigo (expediente 71048-250). por un prezo total de 6.400.000 euros (IVE engadido) e unha baixa proporcional única do 29,74% respecto dos prezos unitarios do contrato fixados no Anexo I ao Prego de Prescricións Técnicas Particulares.

Así mesmo o adxudicatario na súa proposta renuncia a percibir o 100% do incremento do prezo do contrato que resulte en cada momento da fórmula de revisión de prezos prevista no apartado 3J das FEC. Todo iso de acordo cos pregos de prescricións técnicas e de cláusulas administrativas particulares aprobados por acordo da XGL e a oferta presentada.

O antedito contrato formalizouse en data 28.11.2014, establecéndose como data de inicio 01.12.2014 e duración de 4 anos.

II.- A Xunta de Goberno Local, en sesión de 18.10.2018 acordou:

PRIMEIRO.- Autorizar a prórroga do contrato do Servizo de acondicionamento, mantemento e arranxo das infraestruturas viarias do Concello de Vigo por un prazo dun ano, polo período comprendido dende o 01.12.2018 ata o 30.11.2019.

SEGUNDO.- Autorizar o gasto do importe estimado da prórroga do contrato do Servizo de acondicionamento, mantemento e arranxo das infraestruturas viarias do Concello de Vigo , a favor da mercantil CIVIS GLOBAL S.L., por un importe de 1.600.000 € (dos cales 336.000 € corresponden ao IVE) imputando o mesmo á aplicación orzamentaria 1550.210.0001 coa seguinte distribución anual: Ano 2018: 133.333,33 euros - Ano 2019: 1.466.666,67 euros

FUNDAMENTOS TÉCNICOS E XURÍDICOS

I.- A vixente Lei 9/2017, de 8 de novembro, de Contratos do Sector Público, pola que se transpoñen ao ordenamento xurídico español as Directivas do Parlamento Europeo e o do Consello 2014/23/UE 2014/24/UE, de 26 de febreiro de 2014 (BOE núm. 272 de 9 de novembro de 2017) establece na súa Disposición transitoria primeira que nos contratos administrativos adxudicados con anterioridade á entrada en vigor da mesma (09.03.2018) o réxime das prórrogas rexerase pola normativa anterior.

II.- O artigo 23 do RDL 3/2011, de 16 de novembro, polo que se aproba o Texto Refundido da Lei de contratos do sector público (en adiante, TRLCSP), dispón no seu apartado 2º, que o contrato poderá prever unha ou varias prórrogas sempre que as súas características permanezan inalterables durante o período de duración destas. A prórroga apróbase polo órgano de contratación e será obrigatoria para o empresario, salvo que o contrato prevea expresamente o contrario, sen que poida producirse polo consentimento tácito das partes.

III.- O artigo 303 do TRLCSP, indica, á súa vez, que os contratos de servizos non poderán ter un prazo de vixencia superior a catro anos coas condicións e límites establecidos nas respectivas normas orzamentarias das Administracións públicas, se ben, poderá preverse no mesmo contrato a súa prórroga por mutuo acordo das partes antes da finalización daquel, sempre que a duración total do contrato, incluídas as prórrogas, non exceda de seis anos, e que as prórrogas non superen, illada ou conxuntamente o prazo fixado orixinariamente.

IV.- O PCAP que rexe o contrato, aprobado pola Xunta de Goberno Local en sesión de data 26.06.2014 establece no apartado 4 das FEC, un período de execución de 4 anos, con dúas posibles prórrogas dun ano cada unha. Así mesmo, o presente contrato poderá ser obxecto



Concello de Vigo

de prórroga polo período previsto, sempre que medie acordo expreso da Xunta de Goberno Local do Concello de Vigo, e que o contratista non se opoña a mesma cunha antelación de 10 meses á data de vencemento do contrato ou de calquera das súas prórrogas.

V.- O técnico que subscribe considera que a prestación do servizo vense realizando de maneira satisfactoria, polo cal considerase procedente propoñer a súa prórroga polo período dun ano de duración, cumpríndose por tanto os requisitos esixidos polo TRLCSP e o polo propio PCAP.

VI.- A empresa que presta o devandito servizo, CIVIS GLOBAL S.L., presentou escrito (nº documento 190062631) manifestando a súa conformidade coa prórroga prevista no prego de cláusulas administrativas que rexe o contrato.

VII.- O importe da prórroga indicada correspóndese cun prezo anual de 1.600.000 € (IVE engadido), sendo o importe correspondente ao IVE de 336.000 euros. O citado importe corresponde coa seguinte distribución anual:

- Ano 2019 (período comprendido entre o 1 de decembro de 2019 e 31 de decembro de 2019: 133.333,33 euros, con cargo á aplicación orzamentaria 1550.210.0001.
- Ano 2019 (período comprendido entre o 1 de xaneiro de 2020 e o 30 de novembro de 2020: 1.466.666,67 euros con cargo á aplicación orzamentaria 1550.210.0001

VIII.- Competencia.- A competencia para a resolución do presente expediente correspóndelle á Xunta de Goberno Local, na súa calidade de órgano de contratación, conforme ó previsto na Disposición adicional segunda paragrafo 3º do TRLCSP.

A vista dos documentos que obran no expediente respecto da prórroga do contrato, **PROPONSE** á Xunta de Goberno Local, previo informe de fiscalización da Intervención Xeral,

PRIMEIRO.- Autorizar a prórroga do contrato do Servizo de acondicionamento, mantemento e arranxo das infraestruturas viarias do Concello de Vigo por un prazo dun ano, polo período comprendido dende o 01.12.2019 ata o 30.11.2020.

SEGUNDO.- Autorizar o gasto do importe estimado da prórroga do contrato do Servizo de acondicionamento, mantemento e arranxo das infraestruturas viarias do Concello de Vigo , a favor da mercantil CIVIS GLOBAL S.L., por un importe de 1.600.000 € (dos cales 336.000 € corresponden ao IVE) imputando o mesmo á aplicación orzamentaria 1550.210.0001 coa seguinte distribución anual:

Ano 2019: 133.333,33 euros

Ano 2020: 1.466.666,67 euros

TERCEIRO.- Notificar á empresa adxudicataria, con indicación de que o presente acordo é definitivo en vía administrativa e que contra o mesmo poderán interpoñer recurso potestativo

de reposición ante a Xunta de Goberno Local do Concello de Vigo, no prazo de un mes, a contar do seguinte ao da súa notificación, ou impugnalo directamente ante o xulgado do Contencioso-administrativo de Vigo, no prazo de dous meses, contados a partir do día seguinte ao da súa notificación, sen prexuízo de que os interesados poidan exercitar, no seu caso, calquera outro que estimen procedente.

Porén, interposto o recurso de reposición non poderá interpoñer recurso contencioso-administrativo ata que sexa resolto expresamente ou se produza a súa desestimación presunta.

Acordo

A Xunta de Goberno local aproba a proposta contida no precedente informe.

ASUNTOS FORA DA ORDE DO DIA

A Xunta de Goberno Local, co quorum regulamentario, acorda declarar de urxencia os asuntos seguintes, de conformidade co artº. 51 do Texto Refundido das disposicións legais vixentes en materia de réxime local, aprobado por Decreto legislativo 781/1986 de 18 de abril.

15(445).- NOMEAMENTO INTERINO POR ACUMULACIÓN DE TAREFAS DE DOCE OFICIAIS DE INSTALACIÓNS MUNICIPAIS, BAIXO A MODALIDADE PREVISTA NO ARTIGO 10.1 D) DO RDL 5/2015, DE 30 DE OUTUBRO, POR UN PERÍODO DE SEIS MESES PARA O SERVIZO DE DEPORTES. EXPTE. 34094/220.

A Xunta de Goberno Local, co quorum regulamentario, acorda declara-la urxencia do asunto de referencia por estar fóra da orde do día, de conformidade coa xustificación que consta no expediente aportada polo servizo correspondente.

Visto o informe de fiscalización do 22/05/19, dáse conta do informe-proposta de data 21/05/19, asinado pola xefa da Área de Recursos Humanos e Formación e o concelleiro-delegado de Xestión Municipal e Persoal, que di o seguinte:

ANTECEDENTES

1.- Con data 20/03/19, o Director Técnico do Servizo de Deportes, coa conformidade do Concelleiro delegado de Deportes, remite oficio manifestando a urxente necesidade de proceder ao nomeamento interino por acumulación de tarefas de, entre outros, doce oficiais de instalacións municipais para o correcto desenvolvemento das funcións encomendadas.



Concello de Vigo

2.- En resposta a esta petición, o concelleiro-delegado da Área de Xestión Municipal, mediante instrución de servizo de data 16/05/19 solicitou á Área de Recursos Humanos e Formación o inicio de expediente administrativo para proceder á maior brevidade posible a correspondente proposta de nomeamento interino por acumulación de tarefas á Xunta de Goberno Local de doce oficiais de instalacións municipais por acumulación de tarefas, previsto no artigo 10.1.d) do Real Decreto Legislativo 5/2015, do 30 de outubro, polo que se aproba o Texto Refundido da Lei do Estatuto Básico do Empregado Público, por un período máximo de seis meses.

3.- Con data 16/05/19, emítase polo Técnico de Organización e Planificación informe técnico, que inclúe a proposta de gasto, estado de execución do Capítulo I do orzamento e da incidencia no mesmo do gasto a propoñer.

En consecuencia, e en cumprimento das previsións legais contempladas na norma indicada, procede a emisión de informe-proposta ao abeiro do establecido no artigo 172 do Real Decreto 2568/1986, do 28 de novembro, polo que se aproba o regulamento de organización, funcionamento e réxime xurídico das entidades locais (ROF).

FUNDAMENTOS XURÍDICOS

I.- Lexislación aplicable

- Real Decreto Legislativo 5/2015, de 30 de outubro. Texto Refundido da Lei do Estatuto Básico do Empregado Público.

A preferente aplicabilidade do Dereito estatal de carácter básico en materia de emprego público local deriva das previsións de dous fundamentais preceptos:

-O artigo 128 do Real Decreto Legislativo 781/1986, de 18 de abril, polo que se aproba o texto refundido das disposicións legais vixentes en materia de réxime local, que establece en canto ás ofertas de emprego público que:

*“1. Las Corporaciones locales aprobarán y publicarán anualmente, dentro del plazo de un mes desde la aprobación de su Presupuesto, la oferta de empleo público para el año correspondiente, **ajustándose a la legislación básica del Estado sobre función pública** y a los criterios que reglamentariamente se establezcan en desarrollo de la normativa básica estatal para su debida coordinación con las ofertas de empleo del resto de las Administraciones Públicas.”*

-O artigo 133 do mesmo Real Decreto Legislativo 781/1986, de 18 de abril, que efectúa unha determinación legal do réxime xurídico aplicable á selección dos funcionarios de Administración Local, establecendo expresamente que:

“El procedimiento de selección de los funcionarios de Administración local se ajustará a la legislación básica del Estado sobre función pública, y se establecerá teniendo en cuenta la conexión entre el tipo de pruebas a superar y la adecuación a los puestos de trabajo que se hayan de desempeñar, incluyendo a tal efecto las pruebas prácticas que sean precisas.”

Tal preferencia expresa resulta inherente á vocación unificadora do lexislador en materia de función pública; así o ven interpretando a xurisprudencia do Tribunal Superior de Xustiza de

Galicia, a efectos do cal resulta salientable a **STSJ de Galicia 120/2017, de 01.03.2017**, dictada en materia de persoal, en cuxo fundamento de dereito FD 4º sinala o seguinte:

"FD CUARTO.-

(....) De tan largas citas jurisprudenciales hemos de quedarnos con tres ideas básicas: 1º) cabe una interpretación integradora de la normativa básica estatal y la legislación autonómica de desarrollo, en todo caso ésta última solo es aplicable a los entes locales una vez hecha exclusión de la legislación estatal que opera como derecho supletorio de primer grado; (.....) Pero tampoco podemos olvidar que, como señalan los recurrentes, con arreglo a lo dispuesto en el art. 3.2 del Real Decreto legislativo 1/2008 por la que se aprobó el texto refundido de la Ley de Función Pública de Galicia, el art. 168 del Real Decreto Legislativo 781/1986, de 18 de abril, por el que se aprueba el texto refundido de las disposiciones legales vigentes en materia de régimen local y la Disposición Final Primera de la Ley 7/2007, por la que se aprobó el Estatuto Básico del Empleado Público, en relación a la regulación de la función pública local es de preferente aplicación la legislación básica estatal a la legislación autonómica sobre función pública." A citada sentenza foi declarada firme por Providencia do Tribunal Supremo 08/03/2018 (R. Casación 3105/2017).

En similar senso, a **STJG de 15 de febreiro de 2017** afirmase que:

*".....según el artículo 3.1 de la Ley 7/2007, de 12 de abril, del Estatuto Básico del Empleado Público (.....) "El personal funcionario de las entidades locales se rige por la legislación estatal que resulte de aplicación, de la que forma parte este Estatuto y por la legislación de las Comunidades Autónomas, con respeto a la autonomía local, **lo cual revela, a la vez que una preferencia de la normativa estatal para la regulación de esta materia, la reconducción de la función pública local al régimen general de la función pública. Al mismo tiempo, significa que la función pública local debe formar parte del ordenamiento de la función pública desarrollado a partir del bloque de la constitucionalidad concretado en torno al 149.1.18ª de la Constitución.**"*

II.- Nomeamento de funcionarios interinos por exceso ou acumulación de tarefas:

Consonte ao artigo 10.1 do Real Decreto Lexislativo 5/2015, do 30 de outubro, polo que se aproba o texto refundido da Lei do Estatuto Básico do Empregado Público (en diante, TREBEP), os/as funcionarios/as interinos son aqueles/as que, por razóns expresamente xustificadas de necesidade e urxencia, son nomeados/as como tales para o desempeño de funcións propias de funcionarios/as de carreira, cando se de algunha das circunstancias consignadas no devandito precepto, entre as cales se atopa o exceso ou acumulación de tarefas polo prazo máximo de seis meses, dentro dun período de doce meses (apartado d). De igual xeito o apartado 2 establece que a selección de funcionarios interinos farase mediante procedementos áxiles que respectarán en todo caso os principios de igualdade, mérito, capacidade e publicidade.

O nomeamento deberá recaer en persoas que reúnan as condicións esixidas para o ingreso no Corpo ó que pertenza o posto de traballo. Dito nomeamento será revocado ademais de polas causas previstas no artigo 63 do EBEP, cando finalice a causa que deu lugar ao seu



Concello de Vigo

nomeamento, de acordo co art. 10 apartado 3, neste caso o exceso ou acumulación de tarefas por un prazo máximo de seis meses, dentro dun período de doce meses.

Os funcionarios interinos percibirán o soldo correspondente ao corpo ao que pertenza a vacante, neste caso (posto cód. 300-oficial instalacións municipais), da vixente Relación de Postos de Traballo (RPT), aprobada pola Xunta de Goberno Local na súa sesión de data 20 de setembro de 2010 e modificacións puntuais aprobadas con posterioridade.

O artigo 10.6 do TREBEP establece que dito persoal interino cuxa designación sexa consecuencia da execución de programas de carácter temporal ou do exceso ou acumulación de tarefas por prazo máximo de seis meses, dentro dun período de doce meses, poderá desempeñar os servizos que se lle encomenden na unidade administrativa na que se produza o seu nomeamento ou noutras unidades administrativas nas que desempeñe funcións análogas, sempre que, respectivamente, ditas unidades participen no ámbito de aplicación do citado programa de carácter temporal, co límite de duración sinalado neste artigo, ou estean afectadas pola mencionada acumulación de tarefas.

Así mesmo e de acordo coas Instrucións en materia de planificación e xestión de recursos humanos para o ámbito deste Concello, actualizadas mediante acordo da Xunta de Goberno Local na súa sesión de data 29 de xaneiro de 2016, o recurso ao persoal funcionario interino -ou, de ser o caso, laboral temporal- realizarase unicamente en casos excepcionais e para cubrir necesidades urxentes e inaprazables, restrinxíndose aos sectores, funcións e categorías profesionais indicados como prioritarios ou que afecten ao funcionamento dos servizos públicos esenciais, que deberá acreditar debida e motivadamente o servizo ou unidade peticionaria do efectivo, baixo a responsabilidade da xefatura do servizo correspondente, e requirirá a previa emisión de informe técnico cuantificativo do estado de execución do Capítulo I e da incidencia no mesmo do gasto a propoñer, o cal deberá ser incorporado ao expediente administrativo.

Ademais do anterior é necesaria a comprobación no informe de fiscalización do cumprimento das previsións contidas na Lei Orgánica 2/2012, de 27 de abril, de Estabilidade Orzamentaria e Sustentabilidade Financiera.

É preciso lembrar o informado no expediente 31808-220 (capítulo I dos orzamentos municipais para 2019) en relación a necesidade de conter o recurso a nomeamentos interinos e limitar ditos nomeamentos a supostos excepcionais, destacando a estos efectos "Respecto das contratacións laborais temporais/nomeamentos interinos por acumulación de tarefas, deberá limitarse aos mínimos imprescindibles para dar cobertura aos servizos por vacacións ou situacións similares de falta de efectivos do persoal ou acumulacións de tarefas sobrevidas e que non poidan ser previstas polos responsables dos servizos, sempre que se trate de casos excepcionais e para cubrir necesidades urxentes e inaprazables. Para a contratación de persoal deberá terse en conta as necesidades globais de todos os servizos municipais, priorizando as mesmas segundo as instrucións recibidas."

En canto ao establecemento da xornada e horarios de traballo, a xornada desenvolverase no horario establecido pola Xefatura do Servizo ou Área, podendo ser en horario de mañá ou tarde, ou xornada partida ou a quendas, garantíndose os períodos de descanso regulamentarios, de acordo coas determinacións reflectidas no apartado 3 das Instrucións sobre xornada e horarios de traballo, aprobadas mediante acordo da Xunta de Goberno

Local de data 15 de febreiro de 2013, con corrección de erros adoptada mediante acordo da Xunta de Goberno Local, de data 20 de maio de 2013.

III.- Xustificación da necesidade e urxencia:

Segundo consta no escrito de data 20/03/19 do Director Técnico do Servizo de Deportes, coa conformidade do Concelleiro delegado de Deportes así coma na instrución do concelleiro delegado de Xestión Municipal de data 16/05/19, no que se ordena o inicio do expediente, o presente é un dos casos excepcionais para cubrir necesidades urxentes e inaprazables das restrinxidas aos sectores, funcións e categorías profesionais que se consideran prioritarios ou que afectan ao funcionamento dos servizos públicos esenciais, de acordo co esixido no artigo 19 da Lei 3/2017, de 27 de xuño, de Orzamentos Xerais do Estado para o exercicio 2017, e, de igual xeito, o disposto na Lei 5/2014, de 27 de maio, de medidas urxentes derivadas da entrada en vigor da Lei 27/2013, do 27 de decembro, de racionalización e sustentabilidade da Administración Local, en relación coa mesma e, nas instrucións en materia de planificación e xestión de recursos humanos para o ámbito do Concello de Vigo derivadas da aplicación das previsións contidas as anteriores leis, aprobadas pola Xunta de Goberno Local, nas súas sesións de data 20 de xuño e 29 de agosto de 2014 e que foron actualizadas na sesión do mesmo Órgano de 29 de xaneiro de 2016, expte. 27576/220.

Consta no expediente 33756-220 memoria sobre as necesidades de recursos humanos no Servizo de Deportes. Sería necesario priorizar o estudo das necesidades manifestadas e que, desde a área de Recursos Humanos e Formación, procedésese á análise da memoria achegada e para que surta efectos en relación co capítulo I de gastos dos próximos orzamentos co fin de dotar ao Servizo de estrutura permanente e minimizar o recurso ao persoal interino.

IV.- Proposta de gasto:

Segundo o informe técnico emitido polo Técnico de Organización e Planificación, que consta no expediente, o nomeamento interino proposto por un período máximo de seis meses de doce oficiais de instalacións municipais para o Servizo de Deportes, supón un gasto de **145.178,88 €**, e ao que haberá que engadirse a cantidade de **53.134,20 €** en concepto de Seguridade Social a cargo da Empresa.

O referido gasto imputarase con cargo a aplicación orzamentaria 920.0.140.00.00 "outras modalidades de nomeamento persoal non permanente".

V. - Verificación das listas de reserva:

Segundo consta no Informe de verificación administrativa obrante no expediente "Que verificadas as listaxes de reserva para a categoría de Oficial de instalacións municipais, existen listaxes viventes con persoas en condicións de ser notificadas.



Concello de Vigo

• Que verificadas a listaxes indicadas, e sempre a salvo de erro ou omisión, procede o chamamento como Oficiais de instalacións de: D. Óscar Ballesteros Vázquez, con DNI ***5838**, D. Francisco Arroyo Muñoz, con DNI ***9736**, D. Arturo Mera Aira, con DNI ***1867**, D^a Leonor María Barrio Martínez, con DNI ***4408**, D. José Manuel Araújo Álvarez, con DNI ***7959**, D^a María de las Mercedes Costas Costas, con DNI ***6273**, D. Roberto Patiño González, con DNI ***4182**, D. Yago López Costas, con DNI ***9456**, D. Cibrán Pintos Da Cunha, con DNI ***2598**, D^a Eva María Piedras de Jesús, con DNI ***9930**, D^a Damiana Collazo Bragado, con DNI ***6246** e D. Rafael Lorenzo Rodríguez, con DNI ***8505**,

de conformidade cos Criterios de xestión das listas de reserva aprobados pola Xunta de Goberno Local e vixentes para o ámbito do Concello de Vigo e á vista dos datos proporcionados polo programa informático en desenvolvemento para a xestión das listas de reserva do servizo de Administración Electrónica.”.

Os/as mesmos/as aceptaron expresamente, mediante escritos que constan anexados ao expediente, optar aos referidos nomeamentos interinos por acumulación de tarefas segundo o disposto no artigo 10.1 d) do Real Decreto Legislativo 5/2015, do 30 de outubro, polo que se aproba o Texto Refundido da Lei do Estatuto Básico do Empregado Público, acreditando neste Área de Recursos Humanos os requisitos e demais condicións para o desempeño do posto.

VI. - Competencia:

De conformidade co réxime de atribucións en materia de persoal e xestión económica do mesmo contemplado na Lei 7/1985, do 2 de abril, Reguladora das Bases do Réxime Local, modificada por Lei 27/2013, do 27 de decembro, de Racionalización e Sustentabilidade da Administración Local, reflectidas no artigo 127.1 g) e h) da norma indicada; e nos termos e condicións, alcance e contido do informe de fiscalización que pola Intervención Xeral Municipal se emita; previa a conformidade da xefa da Área de Recursos Humanos e Formación e do Sr. Concelleiro-Delegado da Área de Xestión Municipal, nos termos das delegacións competenciais efectuadas en datas 19/06/2015 e 30/12/2016, elévase á Xunta de Goberno Local a seguinte:

PROPOSTA DE ACORDO

PRIMEIRO: Declarar a urxencia no nomeamento de doce funcionarios/as interinos/as por acumulación de tarefas, como **oficiais de instalacións municipais** ao abeiro do exposto no artigo 10.1.d) do TREBEP, por un período máximo de seis meses, finalizando a relación de servizo transcorrido dito período, xustificadas nas necesidades do **Servizo de Deportes**, contidas no escrito do 20/03/19 e, en consecuencia, autorizar o gasto por importe de **145.178,88 €**, xunto aos custos de Seguridade Social reflectidos no informe técnico, con cargo á aplicación orzamentaria 920.0.140.00.00, para facer fronte aos referidos nomeamentos.

SEGUNDO: Nomear como funcionarios/as interinos/as por acumulación de tarefas por un período máximo de seis meses, como Oficiais de instalacións municipais a: D. Óscar Ballesteros Vázquez, con DNI ***5838**, D. Francisco Arroyo Muñoz, con DNI ***9736**, D. Arturo Mera Aira, con DNI ***1867**, D^a Leonor María Barrio Martínez, con DNI ***4408**, D. José Manuel Araújo Álvarez, con DNI ***7959**, D^a María de las Mercedes Costas Costas, con DNI ***6273**, D. Roberto Patiño González, con DNI ***4182**, D. Yago López

Costas, con DNI ***9456**, D. Cibrán Pintos Da Cunha, con DNI ***2598**, D^a Eva María Piedras de Jesús, con DNI ***9930**, D^a Damiana Collazo Bragado, con DNI ***6246** e D. Rafael Lorenzo Rodríguez, con DNI ***8505**, na súa condición de seguintes aspirantes nas listas que superaron todos os exercicios e de conformidade cos Criterios de xestión das listas de reserva aprobados pola Xunta de Goberno Local e vixentes para o ámbito do Concello de Vigo e á vista dos datos proporcionados polo programa informático en desenvolvemento para a xestión das listas de reserva.

TERCEIRO: Dispoñer que os referidos nomeamento faranse de conformidade co disposto no Art. 10.1.d) do TREBEP, rematando cando transcorran os seis meses dende a data do nomeamento nos termos legalmente previstos, percibindo como retribucións o importe do soldo, retribucións complementarias e a parte proporcional da paga extraordinaria do posto (posto cód. 300-oficial instalacións municipais), sendo adscritos/as ao Servizo de Deportes, sen prexuízo de que conformidade co disposto no artigo 10.6 do TREBEP, poidan desempeñar as súas funcións noutros servizos municipais, para cubrir necesidades urxentes e inaprazables, restrinxíndose aos sectores, funcións e categorías profesionais que se consideren prioritarios ou que afecten ao funcionamento dos servizos públicos esenciais.

CUARTO: Establecer que a xornada laboral dos/das funcionarios/as interinos/as nomeados/as desenvolverase no horario establecido pola Xefatura do Servizo ou Área, podendo ser en horario de mañá ou tarde, ou xornada partida ou a quendas, garantíndose os períodos de descanso regulamentarios, de acordo coas determinacións reflectidas no apartado 3 das Instrucións sobre xornada e horarios de traballo, aprobadas mediante acordo da Xunta de Goberno Local de data 15 de febreiro de 2013, con corrección de erros adoptada mediante acordo da Xunta de Goberno Local, de data 20 de maio de 2013.

QUINTO: Notificar o presente acordo ós/ás aspirantes nomeados/as, ao Director Técnico de Deportes, á Intervención Xeral, ao persoal técnico da Área de Recursos Humanos e Formación e, ao Comité de Persoal, aos efectos oportunos.

Contra o presente acordo poderase interpoñer recurso potestativo de reposición no prazo de 1 MES a contar dende o día seguinte ao da súa notificación ou publicación, ou ben recurso contencioso-administrativo perante os Xulgados do Contencioso-Administrativo de Vigo, no prazo de 2 MESES tamén dende o día seguinte ao da notificación ou publicación do acto administrativo firme, nos supostos, termos e condicións do previsto nos artigos 8, 25 e 46 da Lei 29/1998, do 13 de xullo, reguladora da Xurisdición Contencioso-Administrativa.

Acordo

A Xunta de Goberno local aproba a proposta contida no precedente informe.

16(446).- PROPOSTAS DE ADXUDICACIÓN PARA A CONTRATACIÓN DOS SERVIZOS DE PROGRAMACIÓN E EXECUCIÓN DOS CAMPAMENTOS DE VERÁN 2019 (LOTES 4 E 5). EXPTE. 8752/336.

A Xunta de Goberno Local, co quorum regulamentario, acorda declara-la urxencia do asunto de referencia por estar fóra da orde do día, de conformidade coa xustificación que consta no expediente aportada polo servizo correspondente.



Concello de Vigo

Visto o informe de fiscalización de data 22/05/19, dáse conta da proposta da Mesa de Contratación realizada na mesma data, que di o seguinte:

10.- Propostas de adxudicación

c) Procedemento aberto para a contratación dos servizos de programación e execución dos campamentos de verán 2019 (8.752-336) (lotes 4 e 5)

LEXISLACIÓN APLICABLE

- Lei 9/2017, do 8 de novembro, de contratos do Sector Público, pola que se traspoñen ao ordenamento xurídico español as Directivas do Parlamento Europeo e do Consello 2014/23/UE e 2014/24/UE, do 26 de febreiro de 2014
- Real decreto 817/2009, de 8 de maio, polo que se desenvolve parcialmente a Lei 30/2007, de 30 de outubro, de contratos do sector público (RLCSP)
- Real decreto 1098/2001, de 12 de outubro, polo que se aproba o regulamento xeral da Lei de contratos das Administracións Públicas (RLCAP), no que non se opoña ao Real decreto legislativo 3/2011
- Prego de cláusulas administrativas particulares que rexe o procedemento aberto para a contratación dos servizos de programación e execución dos campamentos de verán 2019 (8.752-336)

ANTECEDENTES

Primeiro.- A Xunta de Goberno local na sesión que tivo lugar o 25 de abril de 2019, adoptou o seguinte acordo:

“Primeiro.- Dar conta das exclusións acordadas pola Mesa de Contratación do Concello de Vigo, na sesión do 17 de abril de 2019, dos licitadores que deseguido se relacionan por exceder as súas ofertas do orzamento base de licitación:

1. *SERVIPLUSTOTAL, S.L. (lote 7)*
2. *AVENTEIRA S. COOP. GALEGA XUVENIL (lote 9)*

Segundo.- Clasificar, de acordo cos criterios de adxudicación sinalados no prego, as proposicións admitidas nos lotes 4, 5, 6, 7, 8, 9 e 10 deste procedemento aberto para a contratación dos servizos de programación e execución dos campamentos de verán 2019 (8.752-336) na seguinte orde descendente:

Lote 4 VERÁN NA PRAIA I:

<i>Orde</i>	<i>Licitador</i>	<i>Puntuación total</i>
<i>1</i>	<i>DANIELA ALVITE WAISMAN (IMAXINA SERVICIOS EDUCATIVOS E CULTURAIS)</i>	<i>88,22</i>
<i>2</i>	<i>SERVIPLUSTOTAL, S.L.</i>	<i>87,00</i>

3	AVENTEIRA S. COOP. GALEGA XUVENIL	49,43
---	-----------------------------------	-------

Lote 5 VERÁN NA PRAIA II:

Orde	Licitador	Puntuación total
1	DANIELA ALVITE WAISMAN (IMAXINA SERVICIOS EDUCATIVOS E CULTURAIS)	88,05
2	SERVIPLUSTOTAL, S.L.	87,00
3	BARAFUNDA, S.L.	39,36

Lote 6 VERÁN CON TEMÁTICAS ECOLÓXICAS/MEDIO AMBIENTAIS:

Orde	Licitador	Puntuación total
1	UTE XÉRMOLO, DINAMIZACIÓN SOCIOCULTURAL, S.L. e CERQUIÑO S. COOP. GALEGA	89,00
2	BARAFUNDA, S.L.	30,12

Lote 7 VERÁN CON TEMÁTICAS ARTÍSTICAS:

Orde	Licitador	Puntuación total
1	BARAFUNDA, S.L.	69,25

Lote 8 VERÁN CON TEMÁTICAS PRE-MULTIDEPORTIVAS:

Orde	Licitador	Puntuación total
1	MR. PICKWICK SCHOOL, S.L.	74,75

Lote 9 VERÁN EN INGLÉS:

Orde	Licitador	Puntuación total
1	MR. PICKWICK SCHOOL, S.L.	81,75

Lote 10 CAMPAMENTO CON PERNOCTA EN VIGOZOO:



Concello de Vigo

Orde	Licitador	Puntuación total
1	XÉRMOLO, DINAMIZACIÓN SOCIOCULTURAL, S.L.	90,00

Terceiro.- Requirir aos licitadores clasificados en primeiro lugar, DANIELA ALVITE WAISMAN (IMAXINA SERVIZOS EDUCATIVOS E CULTURALS) nos lotes 4 e 5, UTE XÉRMOLO DINAMIZACIÓN SOCIOCULTURAL, S.L. e CERQUIÑO S. COOP. GALEGA no lote 6, BARAFUNDA, S.L. no lote 7, MR. PICWICK SCHOOL, S.L. nos lotes 8 e 9, e XÉRMOLO DINAMIZACIÓN SOCIOCULTURAL, S.L. no lote 10, para que presenten, no prazo de dez días hábiles, a contar desde o seguinte a aquel no que reciban o requirimento, a seguinte documentación (artigo 150.2 LCSP):

1. Declaración responsable de non estar incurso en prohibición de contratar.
2. A documentación esixida nas cláusulas 8 e 22 do prego de cláusulas administrativas particulares (PCAP).
3. Resgardo da garantía definitiva esixible de acordo co disposto na cláusula 24 do prego de cláusulas administrativas particulares”.

Segundo.- Este acordo foi notificado ao licitador clasificado en primeiro lugar nos lotes 4 e 5, DANIELA ALVITE WAISMAN (IMAXINA SERVIZOS EDUCATIVOS E CULTURALS), que presenta a documentación requirida nas datas 9 e 10 de maio de 2019.

Terceiro.- A Mesa de Contratación na sesión do 22 de maio de 2019 revisou a documentación presentada, sendo correcta, polo que acordou, por unanimidade dos membros presentes, propoñer ao órgano de contratación a adxudicación dos lotes 4 e 5 deste procedemento.

FUNDAMENTOS XURÍDICOS

Primeiro.- A nosa lexislación contractual impón ao órgano de contratación a obriga de adxudicar o contrato dentro dos cinco días hábiles seguintes á recepción da documentación. O acordo de adxudicación deberá ser motivado, notificarase aos licitadores e, simultaneamente, publicarase no perfil de contratante no prazo de quince días (artigo 151.1 LCSP).

Recibida tanto a documentación presentada polo licitador clasificado en primeiro lugar nos lotes 4 e 5, DANIELA ALVITE WAISMAN (IMAXINA SERVIZOS EDUCATIVOS E CULTURALS), como a solicitada de oficio pola Administración municipal e, comprobado que esta é correcta, procede adxudicar este contrato.

Segundo.- A competencia para formular a proposta de adxudicación ao órgano de contratación correspóndelle á Mesa de Contratación. A proposta realizarase a favor do licitador que teña presentado a mellor oferta, de conformidade coo disposto no artigo 145, segundo proceda de conformidade co prego de cláusulas administrativas particulares que rexa a licitación.

As ofertas coa mellor relación calidade-prezo para a administración contratante nos lotes 4 e 5 son as formuladas por DANIELA ALVITE WAISMAN (IMAXINA SERVIZOS EDUCATIVOS E CULTURAIS), de acordo cos informes de valoración das proposicións avaliábeis mediante xuízo de valor e das proposicións avaliábeis mediante fórmula, de datas 15 e 23 de abril de 2019, respectivamente.

Terceiro.- A competencia para a resolución deste expediente correspóndelle á Xunta de Goberno local (apartado 4 da disposición adicional segunda da LCSP), na súa calidade de órgano de contratación.

En base ao que antecede, propónse á Xunta de Goberno local como órgano de contratación, en uso das facultades que lle confire a lexislación vixente, a adopción do seguinte acordo:

“Adxudicar a DANIELA ALVITE WAISMAN (IMAXINA SERVIZOS EDUCATIVOS E CULTURAIS) os lotes 4 e 5 do procedemento aberto para a contratación dos servizos de programación e execución dos campamentos de verán 2019 (8.752-336) coas seguintes condicións:

Lote 4 Verán na praia I:

- a) O prezo total do lote é de 18.568,00 euros, sendo a cota correspondente ao IVE de 1.688,00 euros.*
- b) Propón a realización de 4 saídas e excursións con desprazamento en autobús discrecional ou barco.*
- c) Propón 1 persoa con formación específica para a atención aos nenos e nenas con necesidades educativas especiais a maiores do persoal segundo o previsto no PPT.*

Lote 5 Verán na praia II:

- a) O prezo total do lote é de 18.568,00 euros, sendo a cota correspondente ao IVE de 1.688,00 euros.*
- b) Propón a realización de 4 saídas e excursións con desprazamento en autobús discrecional ou barco.*
- c) Propón 1 persoa con formación específica para a atención aos nenos e nenas con necesidades educativas especiais a maiores do persoal segundo o previsto no PPT.*

Todo iso de acordo cos pregos de prescricións técnicas e de cláusulas administrativas particulares aprobados por acordo da Xunta de Goberno e as ofertas presentadas”.



Concello de Vigo

Acordo

A Xunta de Goberno local aproba a precedente proposta.

17(447).- ROGOS E PREGUNTAS.

Non houbo ningunha intervención neste punto.

E sen ter máis asuntos que tratar, o Sr. presidente rematou a sesión ás dez horas e vinte e cinco minutos. Como secretaria dou fé.

ME.

A CONCELLEIRA-SECRETARIA DA XUNTA DE GOBERNO LOCAL,
Nuria Rodríguez Rodríguez.

O ALCALDE
Abel Caballero Álvarez